




BORDAXE!

revista anarquista pola extensión da guerra social **nº 4**

A MODO DE EDITORIAL

Lonxe fican os tempos onde a xente veía coma posible, cercana, unha insurreccion que mudara subitamente o destino da súa vida; unha danza salvaxe na que participarían a modo de orxia destrucctora, para o seu gozo e felicidade. Practicamente ninguén salvo os loucos teñen a esperanza de que algo asi poidese acontecer. Mais aca estamos eses loucos, chamando as portas da revolta, un ano máis, con informacións e reflexións, para ti, para que non se poda decir que non tentamos de espallar a nosa tolemia.

Onte asistimos a un teatro aterrador no que prendían a rapazada independentistas aos que coñecemos e lles chamaban terroristas, e os fechaban tras unha porta e tiraban a chave ao fondo do mar. Hoxe fixeron o mesmo cuns compañeiros que din que voaban igrexas, que eran malvados anrquistas estranxeiros, que veñen para quebrantar unha calma que nós estamos fartos de aturar. É por iso que sabemos que se son inocentes merecen a nosa solidariedade, e se son culpaveis con máis razón.

Inda así ollamos con recelo e desconfianza, de calqueira sigla ou organización que pretenda ser unha vanguardia dunha loita que existe dende sempre. Porque a batalla contra esta escravitude remóntase a tempos inmemoriais, entón; non precisamos dun chiringuito que organice a forza e a raiba da xente, se non de que a xente con forza e con raiba desmonte dunha vez este chiringuito. É para iso debemos de mexer, mover, conspirar, provocar, atacar e todo o que sexa preciso para mudar a realidade.

Teríamos máis que nada que perder o medo, un medo que empeza polo medo a nos mesmos, o autocontrol que nos inculcaron dende cativos, un medo que paraliza calquer proxecto ou loita alem do cauce institucional. Debemos de ser creativos, espontáneos, naturais, sen medo a rachar a normalidade que nos envolve e nos fai levar unha rutina, que fai por facer, que non ten soños nen futuro que non estexa xa marcado.

Agora é o momento, érguete, abonda xa de resignarnos a cotidianidade do que é posible. Demostremonos a nos mesmos que podemos ser algo mais ca engranaxe dunha maquinaria da que non podemos fuxir. Reinventemos a nosa paisón a nosa coraxe e a nosa vida. Fagamos o imposible.

As amigas da Insurrección

índice:





Introdución

En honor ao noso piratesco nome, e en honor tamén ao espírito libertario que animou as desesperadas xestas de moitas tripulacións bucaneiras, decidimos dedicar este artigo ao repaso histórico do fenómeno da piratería. Evidentemente referímonos á piratería marítima (e a piratería terrestre exercida polas tripulacións dos barcos piratas), pois outros tipos de piratería xurdidos na actualidade á calor das novas tecnoloxías, malia levantar tamén as nosas simpatías, non son o obxecto do presente artigo.

Para empezar é importante diferenciar o concepto de pirata do de corsario, pois aínda que están intimamente ligados non son, nin moito menos, sinónimos. Aínda que ambos os dous se dedican ao saqueo e á pillaxe marítima, os corsarios fano baixo auspicio dunha nación ou partido determinado (conforme a unha "patente de corso", a un documento que autoriza legalmente a atacar os inimigos de quen o expide), mentres que os piratas exercen o seu labor á marxe de legalidade ningunha e máis ou menos contra toda autoridade. Ou sexa que, se os corsarios navegan baixo unha bandeira concreta, ás ordes dun monarca determinado e atacando exclusivamente os inimigos da súa patria; os piratas, á contra, navegan baixo a súa exclusiva responsabilidade, atacando a quen lles vén en gana e sen ningunha lei que os ampare. Evidentemente os límites entre ambas as dúas categorías sempre foron sumamente difusos, polo que non foron poucos os que flutuaron entre as dúas condicións en función das súas conveniencias e do curso dos acontecementos. Así, por exemplo, era común que ao remate dalgunha guerra, ao desaparecer as patentes de corso expedidas polos gobernos de turno, moitas tripulacións corsarias continuasen os seus labores de forma ilícita, convertidas dese xeito e para todos os efectos, en auténticos piratas. Tamén estivo bastante estendido o feito de que determinados gobernos, malia prohibir por razóns de protocolo a piratería nos territorios das nacións veciñas, a tolerasen e mesmo ás veces fomentasen, beneficiándose convenientemente do comercio dos recursos espoliados.

É difícil establecer un comezo histórico para o exercicio da piratería, pois probablemente exista dende practicamente o inicio do comercio marítimo. Como a nosa intención é centrarnos na piratería máis ou menos libertaria dos séculos XVII e XVIII comezaremos o noso repaso histórico tras rexistrar o curioso episodio atribuído a Alejandro Magno: Cando é conducido a presenza do monarca un pirata capturado, interrogado acerca dos seus expolios e saqueos, este responde: "eu porque pirateo cun pequeno barco, me chaman ladrón, e a ti, que cunha armada impoñente pirateas, che aclaman Emperador". Excelente lección sobre piratería, legalidade, moralidade e punto de vista ofrecida hai máis de 23 séculos por un notable representante de tan nobre oficio.

Antecedentes

As andainas piratescas están xa fielmente documentadas en tempos da Grecia clásica, sendo moitos pobos gregos, en honor á verdade, piratas consumados.

O imperio romano tamén tivo que lidiar con esta problemática, posto que en tema de saqueos non toleraba competencia. De feito o mesmo Julio Cesar foi capturado na súa xuventude polos piratas cilicios; os mesmos que traizoaron a Espartaco no seu intento de alcanzar Sicilia. Máis tarde serían gravemente diezmados na expedición punitiva emprendida por Pompeyo, curiosamente o mesmo que reprimiu as hostes de escravos liberadas por Espartaco.


Os Vikingos, antes de deixarse engaiolar polos falsos ouropeis da vida civilizada, foron outros destacados representantes da delicada arte do saqueo naval. Someteron toda Europa ao imperio do terror coas súas alegres incursións. Unha vez debidamente cristianizados e integrados á cultura da época remataron as súas piráticas andanzas.

A liga Hanseática, nacida nun primeiro momento para conter os saqueos, rematou por sucumbir á irresistible tentación de dedicarse tamén á práctica da pillaxe. E é que moitas veces aqueles comisionados para terminar coa piratería remataban convertidos en piratas. Mesmo as propias lexislacións implementadas para combatela acababan a miúdo por favorecela; pois as "cartas de represalia", os tratados de non agresión ou os salvocondutos moitas veces contribuíron a unha economía paralela que se alimentaba da piratería, da súa represión e do pagamento de diñeiro por non ser asaltado.

A expulsión dos musulmáns da península ibérica, alá polo 1492, foi o detonante da eclosión da piratería berberisca por todo o mediterráneo. Multitude de guerreiros animosos, bregados nos combates cos cristiáns e firmemente motivados pola expulsión das que foran as súas terras durante máis de sete séculos, incorporáronse ás tripulacións piratas das costas africanas. En busca de mercadorías e escravos, os piratas berberiscos convertéronse no azoute da Europa mediterránea ata practicamente o inicio do século XIX. Tiveron o seu esplendor durante o século XVI, cos irmáns “Barbarroja”, gobernantes consecutivos dun Arxel convertido en capital da piratería mediterránea. Pero a partir da batalla de Lepanto en 1571 comezan un lento declive. En honor á verdade, a piratería berberisca foi máis ben corsaria, sobre todo a partir da adhesión dos “Barbarroja” ao imperio Otomano. O que non impediu que se chegasen a establecer cidades enteiras gobernadas por piratas e corsarios, como é o caso do porto de Salé, en Marrocos, rexido por 14 capitáns e un presidente, todos eles honestamente dedicados ao saqueo e a rapiña.

A actividade marítima europea por aqueles tempos non distou moito da dos seus inimigos africanos, destacando nos seus labores corsarias os Cabaleiros de San Juan con base operativa na illa de Rodas. Pero as actividades corsarias dos cristiáns non se contentaron só con ser o azoute dos musulmáns, se non que se prodigaron tamén para cos seus correlixionarios dos países veciños.

Chegados a este punto, comezos do século XVII, convén que retrocedamos un pouco a observar o cadro de conxunto, pois é nestes tempos, e concretamente polas costas caribeñas, onde temos intención de afondar un pouquiño máis no noso histórico relato.



Séculos XVI e XVII

Tras o descubrimento de América, o Tratado de Tordesillas reparte o novo continente entre España e Portugal, as dúas potencias máis depredadoras da época. Brasil queda para os portugueses e o resto para a coroa española. É así que durante todo o século XVI o ouro e as riquezas espoliadas polos conquistadores flúen sen pausa en dirección á península. Ante semellante panorama, os corsarios franceses non poden menos que poñerse as botas a custa de asaltar os barcos españois, amparados polas múltiples guerras entre ambos os dous países; participando, ao seu particular xeito, do saqueo do novo continente. Os ingleses fan o propio, nun principio traficando ilegalmente coas colonias (sometidas a un férreo monopolio do comercio por parte da Casa de Contratación de

das do caribe, que non tardaron en ser obxecto de represalias por parte dos españois, máximos expoñentes do rancio catolicismo inmobilista representado pola contra-reforma.

Será no medio deste caldo de cultivo, entre contrabandistas, aventureiros, corsarios sen patente de corso e perseguidos relixiosos, que se funde a Irmandade da Costa e comece a denominada idade de ouro da piratería.

A principios do século XVII a illa de La Española atópase practicamente deshabitada, multitude de gando asilvestrado, abandonado alí por antigos colonos que Felipe II expulsara para rematar co contrabando, é obxecto de caza por grupos de bucaneiros que afuman a carne para vendela aos navegantes baixo o nome de boucane (de aí o termo bucaneiro). Expulsados de novo polos españois regresan para fundar na illa de La Tortuga, a escasas millas da costa, a súa base de operacións. Pouco a pouco comezanse a establecer novos colonos, moitos deles ingleses ou franceses da illa de Saint Kittss, que, á parte de á xa mencionada actividade da caza, se dedican tamén a plantar tabaco e se atopan en boas relacións cos filibusteiros que recalan nas súas costas. Non teñen lei ou norma escrita se non que se rexen polos seus costumes, dedícanse ao contrabando, xa sexa dos seus cultivos ou do produto da caza, e o seu número increméntase con novos renegados de múltiples nacións que conforman, só na illa de La Tortuga, unha poboación de bastante máis de cincocentas persoas.

Durante a terceira década do século XVII sucédense os ataques españois contra esta sociedade libertaria. A destrución das súas colleitas e dos animais que lles serven de sustento, unido ao odio que suscitan as persecucións e matanzas, conduciraos directos a abrazar sen ambaxes a nobre empresa da piratería.



Cabeza cortada de Barba Negra

Sevilla) e máis tarde, ao igual que os franceses, pola pillaxe militar pura e dura. A guerra pola independencia dos países baixos contribuíu a nutrir de holandeses as filas corsarias en pugna coa coroa española, levando o seu conflito independentista aos mares do novo mundo.

Moitos destes corsarios empezaron a utilizar patentes expedidas por varias nacións distintas en función da súa conveniencia (segundo a bandeira do barco que pretendesen asaltar), o que, máis pronto que tarde, acabou por desembocar en piratería pura e dura.

Por outro lado, os conflitos fratricidas entre protestantes e católicos infestaron as costas americanas de exiliados das persecucións relixiosas do vello continente. Dese xeito establecéronse varias colonias de protestantes franceses nas illas deshabita-

A Confraría dos Irmáns da Costa

A partir de 1640 a illa de La Tortuga ten como gobernador a Le Vasseur, aparentemente baixo pavillón Francés. Aínda que a vinculación efectiva da colonia a esta metrópole parece ser máis ben escasa, cando non practicamente inexistente, pois os bucaneiros se revelan como

ingobernables. Antes de Le Vasseur parece ser que os propios habitantes escolleran libremente a un inglés como gobernador da illa.

É máis ou menos neste punto cando se funda a Confraría dos Irmáns da Costa, a organización que aglutinaría o conxunto dos piratas da illa de La Tortuga (e máis adiante mesmo de todo o caribe). Moitos autores afirman que esta sociedade estaba fundamentada en principios libertarios como a non existencia de prexuízos de nacionalidade ou relixión, o rexeitamento á propiedade privada (de bar-



cos e de terras, pois o produto dos saqueos repartíase entre os participantes) e o estrito respecto á liberdade individual. Tamén aseguran que as decisións se tomaban por asemblea ou a través dun consello de anciáns, que regulaba temas como a admisión de novos socios. Non obstante, a escaseza de documentación histórica sobre as normas que rexían esta curiosa Irmandade non permite precisar con claridade o funcionamento interno da mesma.

O que si sabemos seguro é que, á hora de preparar unha expedición, os piratas da Confraría elixían por consenso ao seu capitán (150 anos antes da primeira democracia parlamentaria) e que podía ser deposto en calquera momento; que decidían os obxectivos da expedición e a ruta de forma asemblearia; ou que elaboraban por consenso unha "lei de abordo" que tiñan que asinar todos os tripulantes (ás veces en círculo para que ningunha firma estivese diante doutra) e que rexía a vida pirata durante o transcurso das expedicións. Na actualidade coñécese o contido íntegro de varios destes códigos, que, á marxe das particularidades de cada un, adoitaban recoller a forma de repartición do botín, as indemnizacións recibidas por feridas ou perdas de membros na batalla, os castigos e prohibicións (apostar, o roubo entre tripulantes, subir mulleres ao barco, non ter as armas limpas e listas para o combate...), a achega mínima ao fondo común antes de poder abandonar a compañía, ou, no caso de Bartholomew Roberts, ata a regulación do traballo dos músicos que amenizaban a vida abordo...


Ilustración de Anne Bonny

É importante resaltar, chegados a este punto, que aínda que os piratas da Confraría poidan ser considerados agora como de tendencia libertaria, espertando a simpatía dos que nos reclamamos antiautoritarios, os seus comportamentos e costumes dificilmente se poderían xustificar dende unha perspectiva actual: Como era normal na súa época, os bucaneiros tiñan escravos; podían chegar a ser extremadamente crueis cos prisioneiros, someténdoos a bárbaras torturas para conseguir diñeiro ou información e, aínda que toleraban a homosexualidade ata moito máis aló do usual naquela época, parece ser que durante un tempo mantiveron a prohibición de traer mulleres (europeas e non prostitutas) á illa de La Tortuga. Malia todo, se comparamos o comportamento pirata co dos seus inimigos da época, vasalos de calquera rei, tampouco saen moi prexudicados os nosos entrañables filibusteiros, se non máis ben ao contrario. Eran uns canallas, dende logo, pero tampouco se podía esperar mellor trato, nunha guerra calquera, dos exércitos do monarca de turno. E eles estaban en guerra contra o mundo enteiro.

As incursións piratas foron incrementando a súa frecuencia e a súa intensidade ata que, na segunda metade do século XVII, se converten nun auténtico pesadelo para o imperio español.

Esplendor e ocaso da Confraría

En 1667, o asalto á cidade de Maracibo por parte do sanguinario pirata "O Olonés" marcará un salto cualitativo da historia da Irmandade da Costa. Porto Príncipe, Veracruz, Campeche, Portobelo e ata a cidade de Panamá (atravesando a pé o itsmo) sucumbiron aos saqueos dos bravos filibusteiros. Á parte do produto directo do espolio da urbe pedían suculentos rescates, xa non só a cambio de cada un dos habitantes, senón tamén por non reducir a entullos as prazas capturadas. Capitaneados por Lorencillo, Grammont, Roc o Brasiliano ou Henrry Morgan os piratas caribeños obtiveron as súas máis impresionantes vitorias.

Por aqueles tempos a illa de La Tortuga xa non era o único refuxio bucaneiro. A Irmandade da Costa diseminárase por multitude de asentamentos ao longo do mar caribe. De feito os ingleses, conscientes do potencial filibusteiro, abren Port Royal ao libre comercio das mercadorías saqueadas. Converténdoo así nun porto seguro para os piratas; o que consegue dividir á confraría entre os piratas ingleses (agora asentados en Xamaica) e os franceses (que continúan preferindo Tortuga).



Mesmo o famoso capitán Mansvelet intentou tomar a illa de Providence como asentamento filibusteiro permanente, hai quen suxire que para formar unha especie de "república pirata", pero fracasou no seu intento ante o alivio xeralizado de todas as potencias europeas.

A partir da década dos 70 a argamasa que une á Confraría dos Irmáns da Costa empeza a agretarse. As divisións entre ingleses e franceses acentúanse e sucédense as disputas. Port Royal serve claramente aos intereses de Inglaterra mentres que en Tortuga se consolida pouco a pouco a obediencia á coroa francesa, ata entón máis virtual que efectiva. Se Bertrand de Ogerón, gobernador de Tortuga, comunicara á metrópole en 1665 que os bucaneiros "...viven como salvaxes, sen recoñecer a ninguén e sen aceptar xefes entre si... " unha década máis tarde, malia varias rebelións, a autoridade colonial comezaba a impoñerse.

A actividade filibusteira, aínda así, prevalece. Pero agora ingleses e franceses, antigos camaradas baixo a bandeira negra, enfróntanse en diversos combates respaldando os intereses militares das súas respectivas nacionalidades.

Coa fin de século morren os últimos vestixios da Confraría. Non así a piratería do caribe, que aínda coñecerá anos de gloria durante o século XVIII, pero agora serán barcos illados, tripulacións indómitas en guerra contra o mundo. Os anos da utopía libertaria dunha sociedade pirata organizada, cristalizada na Confraría dos Irmáns da Costa, remataron para sempre.

O século XVIII

Os diversos períodos de paz das primeiras décadas do século XVIII ten unha dobre vertente para a piratería: Mentres algúns antigos filibusteiros enrolados finalmente nas guerras nacionais conseguen terras e vidas tranquilas en pagamento polos seus servizos, outros moitos corsarios, como acontecía sempre que os tratados de paz anulaban as súas patentes, vense empurrados a continuar por libre o que antes facían no nome do rei.

Por outra parte, o perdón outorgado en 1717 por Jorge I de Inglaterra a aqueles piratas que abandonaran o oficio consegue que gran parte deles, aínda que moitos só de forma momentánea, se acollan á medida de graza.

Así as tripulacións que continúan incombustiblemente a vida filibusteira fano xa sen ningunha bandeira, cando non en contra de todas elas. Florecen así as "Jolly Rogers" (o estandarte pirata) personalizadas. Cada barco pirata enarboraba o seu propio, con sabres, esqueletos, reloxos de area, tibias ou caveiras… en contraste coas bandeiras vermellas ou negras que se estilaban o século anterior.

As rutas tamén cambian: a costa este do actual E.E.U.U. empeza a perfilarse como lugar de partida e refuxio de moitos barcos piratas, mentres o Mar Vermello e as costas africanas e de malabar se converten en lugares idóneos para cruzar as súas expedicións.

Coa fin de século morren os últimos vestixios da Confraría. Non así a piratería do caribe(...) pero agora serán barcos illados, tripulacións indómitas en guerra contra o mundo.

Durante esta época vólvese bastante frecuente que as tripulacións de barcos "honrados", fartas da férrea disciplina de abordo ou simplemente en busca de fortuna e aventura, desaten motíns para, unha vez defeitos dos oficiais leais á coroa correspondente, lanzarse á piratería. É o caso, por exemplo, do célebre capitán Henry Avery, quen amotinou á tripulación do barco en que navegaba nas costas da Coruña.

Para engrosar o número de piratas que compuñan unha expedición era usual ofrecer ás tripulacións dos barcos capturados a posibilidade de enrolarse na nave filibusteira asinando a "Chaise partie" ou lei de abordo. Os médicos, pilotos e outros especialistas apresados non adoitaban ter tanta sorte, pois o seu recrutamento non acostumaba ser voluntario, polo menos ata que se capturase outro cos mesmos coñecementos.

Durante esta época destacan os capitáns piratas Bartolomew Roberts, Howell Davies, William Kid ou o insigne Edward Tech alcumado “Barbanegra”. Pero hai algunhas figuras da piratería que sucaron os mares naqueles tempos e dos que si nos gustaría facer un repaso un pouco máis pormenorizado:

Empezaremos por Anne Bonny e Mary Read, as máis famosas piratas da historia, que non as únicas. Enroladas na tripulación de Jack Rackham (o da coñecida bandeira da caveira cos sabres cruzados) navegaron polos mares do caribe dando probas dunha ferocidade e unha ousadía envexables. Tanto é así que parece ser que foron as únicas que presentaron batalla cando o seu barco foi capturado. Conseguiron evitar a forca por estar embarazadas, aínda que Mary morreu enferma no cárcere mentres a pista de Anne se perde entre distintas teorías, aínda que o máis seguro é que o seu pai, adiñeirado e ben relacionado, a sacase da prisión para vivir unha longa e próspera vida.

Outro personaxe imprescindible nun compendio destas características é o do capitán Misson; aínda que a veracidade das súas aventuras, e mesmo da súa existencia, se encontra moi cues-

tionada. Misson tería sido un pirata de ideoloxía proto-socialista, que navegaba baixo bandeira branca co lema: “Por Deus e pola liberdade”. Á parte de aos típicos quefaceres piratas, que sempre practicou con inusitada benevolencia e galantería, se dedicou a liberar escravos e a fundar en Madagascar unha auténtica república pirata á que puxeron por nome "Libertalia". Nela falábase unha especie de esperanto (mestura dos múltiples idiomas dos seus habitantes) e rexíanse por principios socialistas. Tras 25 anos de prospera existencia esta comunidade desaparecería nun enfrontamento cos nativos. Misson morrería na fuxida atrapado nun furacán.

Se a existencia do capitán Misson está moi discutida, pois a única fonte histórica que o menciona é a "Historia xeral dos roubos e asasinatos dos máis famosos piratas" do capitán Charles Johnson, a do capitán Bellamy non o está. Alcumado "Black Sam", a súa tripulación facíase chamar "os homes de Robin Hood", e parece ser que o seu trato para cos prisioneiros sempre foi correcto. Atribúeselle a el a seguinte cita, dita ante un capitán capturado: (...)"Pero maldita sexa, é a vosa mercede un can faldreiro, como todos os que se deixan gobernar por leis que fixeron os ricos para a súa propia seguridade, porque os moi covardes non ten o valor de defender o que sacan coas súas vilezas; (...) Os moi canallas vilipendian nos, cando só se diferencian de nós en que rouban os pobres, naturalmente amparados na lei, mentres que nós saqueamos os ricos amparados no noso propio valor" (...) Outra estupenda lección sobre moralidade e xustiza social, ofrecida 20 séculos despois de que o seu colega de profesión ilustrase, no mesmo sentido, a Alejandro Magno.

A finais do século XVIII a revolución americana, a guerra entre Inglaterra e Francia, así como a paulatina independencia das colonias españolas converteron de novo as actividades corsarias nun lucrativo negocio. Aínda que a firmeza das armadas inglesa e norteamericana, no seu combate contra a pirataría nas Antillas e o atlántico norte, remataron por practicamente erradicala para 1835.

A costa africana, e concretamente a illa de Madagascar, convertéronse durante o século XVIII en importante foco de pirataría. England, Taylor ou "La Busse", entre outros moitos, escolleron estes mares para cruzar as súas lucrativas expedicións. A falta de autoridades xudiciais, máis alá da exercida polas compañías comerciais europeas, dotaban de maior impunidade as incursións filibusteiras.

Do século XIX en diante

Foi tamén nas costas de Africa onde destacou en tan nobre oficio o pirata galego Benito Soto Aboal; a quen, por paisano noso, non podemos obviar neste histórico compendio. É quizais, xunto co tinerfeño Ángel García "Cabeza de Perro", un dos poucos piratas españois dos que transcenderon as súas andanzas ata chegar aos nosos días. E con isto referímonos a piratas puros, pois corsarios abundaron sempre en territorio ibérico: só na cidade da Coruña, e nas dúas primeiras décadas do século XIX, 45 empresarios dedicáronse ao negocio de armar barcos corsarios, con 132 operacións de apresamento de buques hostís á coroa española.

Pero volvamos ao noso paisano Benito Soto, capitán do "Burla Negra", de quen se di que inspirou os famosos versos de Espronceda. De orixe Pontevedresa, navego nun barco negreiro ata que se amotina en augas de Guinea para lanzarse á



piratería. Cruel en grao sumo, tiña como costume afundir os barcos que apresaba cos seus tripulantes dentro. Non obstante algúns pasaxeiros do "Morning Star", apresado en xaneiro de 1828, conseguen escapar do funesto final que os piratas lles prepararan, convertendo os seus testemuños en clave para o fin das súas andanzas. Tras embarrancar o "Burla Negra" nas costas de Cadiz, fuxido Souto a Xibraltar, é recoñecido, atrapado e finalmente executado na forca. Di a lenda que nunca atoparon os seus tesouros.

Pero non só as costas caribeñas e africanas foron escenario de asaltos marítimos. A resistencia ao colonialismo británico na India deu lugar a un encarnizado fustrigamento do comercio

europeo na costa malabar e do Mar Vermello. Tamén a chamada "costa dos piratas", no golfo de Omán, supuxo un escollo considerable ao florecente tráfico marítimo de finais do século XVII, coas piráticas incursións das tribos Joasmees, que non cesarán nos seus asaltos ata ben entrado o século XIX.

É tamén neste século cando teñen lugar as andanzas da máis exitosa muller pirata da historia, Ching Shih. Antiga prostituta, comandou no Mar de China a que probablemente sexa a maior armada pirata da historia, con case 2000 naves e preto de 40.000 piratas, aínda que outras estimacións reducen considerablemente estas cifras. Tras coller o control dunha auténtica coalición pirata que herdou do seu defunto marido, instaurou unha férrea disciplina sobre as súas tripulacións e sementou o terror non só no goberno chinés, senón tamén entre as potencias coloniais europeas. En 1810 negociou felizmente unha amnistía e gozou do seu botín ata os 69 anos, cando morreu sendo propietaria dunha sala de xogos e un prostíbulo de Cantón en 1844.


asalto de Piere Legrand

O arquipélago malaio, fogar do ficticio pirata Sandokan, tamén coñeceu unha piratarÍa moito máis real. En plena efervescencia a principios do XIX, unha vez convertida nunha ameaza para o comercio marítimo de especias, foi sometida "manu militari" a mediados dese mesmo século. Non obstante, aínda que de forma menos sistemática, alí sobreviviu ata os nosos días. Especialmente radicada no Estreito de Malaca, as costas de Indonesia e Malaisia seguen sendo hoxe un incombustible bastión pirata.

Ata o presente chegou ininterrompidamente a actividade pirata. Substancialmente minguada a partir da segunda metade do século XIX, sobreviviu en pequenos redutos do Mar da China Meridional e, esporadicamente, noutros lugares do chamado terceiro mundo.

Na actualidade

Non obstante, durante a última década do presente século o fenómeno da piratería cobrou forza novamente. Sumándose ao selecto club do roubo marítimo organizado, o Golfo de Guinea e a costa de Somalia agréganse ao xa lonxevo e irredutible Estreito de Malaca.

En canto ao Golfo de Guinea, a piratería encóntrase estreitamente relacionada coa extracción de petróleo no delta do Níxer. En moitos casos está motivada por causas políticas relativas ao espolio dos recursos e á degradación ambiental que as compañías petrolíferas infrinxen as poboacións locais. Tamén a impulsa o beneficio directo que representa o saqueo do cru, da maquinaria das petroleiras e do secuestro dos seus operarios.

O caso somalí é quizais actualmente o máis relevante. Máis de 20 anos de guerra civil sumiron esta rexión nunha situación caótica. As loitas tribais, políticas e relixiosas desmembraron o país en diversas zonas autónomas de fronteiras oscilantes. Esta situación de inestabilidade perpetua contribuíu á rapina xeralizada das súas costas por parte de frotas comerciais de todas as nacionalidades. O espolio continuado dos recursos pesqueiros por parte do gran capital internacional, ante a indiferenza cómplice das Nacións Unidas, chegou a tal extremo que fixo practicamente desaparecer a pesca das xa de por si depauperadas costas de Somalia. Á calor de tan alarmante situación é como se iniciaron, a principios do presente século, as primeiras incursións piratas, formadas en boa medida por pescadores locais e con nomes tan esclarecedores como "Gardacostas voluntarios de Somalia". O impresionante éxito de taies empresas impulsou unha explosiva expansión do fenómeno, o que atraeu a atención dos señores da guerra locais e o financiamento axeitado para empresas de maior calado. Actualmente as incursións non se contentan co botín directo obtido no asalto, se non que cobran lucrativos rescates polas naves e os seus tripulantes, xestionados a través de despachos de avogados europeos. Independentemente do balbordo internacional e dos impresionantes despregamentos militares ocasionados por esta piratería de novo cuño (pero non tan diferente en canto a métodos, tácticas e obxectivos ca de séculos anteriores), polo menos os somalís conseguiron afastar das súas costas a

rapina empresarial desenfreada que os deixaba sen o máis básico sustento.

E é que ante o saqueo xeralizado dos poderosos, ás veces non hai mellor remedio que o roubo desesperado dos de abaixo; iso que os auténticos ladróns, empolicados nos seus despachos, denominan despectivamente piratería.

E ata aquí chegamos. Apenas unhas pinceladas esbozando a historia daqueles que nunca quixeron pertencer a ela. Non a de personaxes románticos imbuídos de elevados ideais. Se non máis ben a de irredentos rufiáns, crueis e pendencieros que, sen pretendelo, souberon inflamar a imaxinación dos románticos idealistas. Nada que ver cos piratas cabaleirescos das películas ou dos contos infantís, máis ben asasinos borrachos, canallas e putañeiros. Pero que na súa rebeldía instintiva ante unha sociedade inxusta, souberon sacudirse o xugo da lei e a norma. Vivindo vidas salvaxes que, como estrelas fugaces, iluminan o firmamento indómito da nosa fantasía.

C. Ribas para Abordaxe!

Bibliografía

■ "Historia da piratería" de Philip Gosse. Libro imprescindible sobre o tema que, malia numerosos erros e terxiversacións, segue sendo un dos primeiros e mellores compendios históricos na materia. É doadamente localizable, gratuitamente, por internet.

■ "Piratas de América" de Alexander Olivier Exquemelín. Pirata do século XVII reinventado logo como escritor. Practicamente a única fonte directa sobre a Irmandade da Costa. Imprescindible testemuño tamén doadamente localizable, gratuitamente, en internet. Ollo! Algunhas versións omiten, por erro, o segundo capítulo referido a "O Oloés", poñendo no seu lugar un capítulo da vida de "Morgan" repetido máis adiante. Pódese emendar esta errata a través de "Wikisource", a biblioteca virtual de Wikipedia, que, malia non albergar o libro enteiro, si alcanza ata esa parte.

■ "Historia xeral dos roubos e asasinatos dos máis famosos piratas" do capitán Charles Johnson. Como existe a comunmente aceptada teoría de que este autor é un pseudónimo de


Daniel Defoe, moitos editores espabiladillos pretenden vender o libro baixo ese reclamo. Aínda que segue estando en debate a paternidade real da obra. Imprescindible, por outra parte, para coñecer a piratería de comezos do XVIII.

■ “Os Irmáns da Costa. Piratería libertaria no Caribe" de Bernardo Fuster. Sumamente interesante malia ser, quizais, pouco rigoroso no seu afán por converter en libertarios os piratas do caribe. Estraña que o autor, apologeta en grao sumo da piratería marítima de séculos pasados, sexa logo un vigoroso valedor da SGAE en temática musical (como se pode descubrir seguindo os textos deste músico por internet). Así que, se podes, fai como faría un bo filibusteiro e rouba este libro. O mellor aínda, piratéao!

■ “Delta en revolta. Piratería e guerrilla contra as multinacionais do petróleo" Descoñecemos a autoría, editado e traducido por Bardoediciones. Sobre a piratería actual no Delta do Níxer.

■ Wikipedia, que aínda que non quede bonito incluíla na bibliografía, todo hai que dicilo.

■ E un montón de textos variados atopados por internet...



NON, ISTO NON É O CASCO VELHO DE DONOSTI

"El casco viejo de Santiago no es el casco viejo de San Sebastián, ni lo será nunca. Van a sentir nuestro aliento en la nuca" Gerardo Conde Roa, alcalde de Compostela no momento da okupación da Sala Iago.

Santiago de Compostela é unha pequena cidade galega habitada por algo menos de 100.000 habitantes dos que un tercio virían a ser estudantes universitarios. Cumpre as función de capitalidade da Galiza, co que iso supón (alto número de políticos, funcionarios, policías…) e ademáis, grazas ao apóstolo que lle deu por ir caer eiquí, tamén capital Cristián e cidade santa, co que iso volve supor (clero, máis policía, hordas de turistas e pelegríns..) Estamos pois, nunha cidade convertida en escaparate turístico mundial e deseñada máis para os “coletivos” antes mencionados que para os propios compostelanos. Pese a todo o dito, Compostela mantén tamén unha boa tradición de tecido asociativo e colectivos combativos, plasmándose a miúdo en iniciativas do máis diverso (manifestacións combativas, centros sociais, actividades políticas e culturais…) tendo en fronte o aparello estatal adicado a moldear a imaxe que de Compostela gustarían ter, mediante leis urbanísticas, cívicas ou represivas en xeral.

Neste contexto, o 18 de novembro do 2011 (dous días antes das eleccións xerais) un grupo de persoas entra na abandoada Sala Iago, antiga sede de Correos e convertida no ano 1946 nunha sala de cine e teatro pola que pasou grande parte da povoación compostelá, emblema da vida cultural da cidade, e descoidada nese momento fronte a especulación urbanística que tanto favorece a imaxe de postal que os poderosos gostan ter de Compostela. Un novo clima de efervescencia política e social surxía na cidade, pondo en cuestión a lexitimidade das políticas urbanísticas especuladoras e da democracia representativa, que en apenas 48 horas festexaba o seu ritual máis significativo.

A noticia corre como a pólvora pola cidade, sendo o alcalde Conde Roa un dos primeiros en



presentarse nas portas do novo centro social. Por suposto, a súa chegada é digna dun alcalde da súa ralea, e salvo algún pequeno comentario a algún medio (que segundo os cartaces da porta teñen vetada a entrada xunto aos maderos, aínda que non por iso desisten de tentar entrar) non fai máis que voltar subir no seu carro e irse, non sen despreocuparse dos feitos, pois sendo vésperas de eleccións “no me extrañaría que se repitieran este tipo de actos”.

Mentres, xa a cidade coñecía o acontecido e preparábase para un intenso findesemán cheo de actividades no novo espazo liberado. Ducias de cartaces e diversos medios alternativos encargáronse de anuncia-las …Asambleas, proxeccións, circo, monicreques, debates sobre autoorganización e acción directa, concertos, xantares, palestras… O desenrolo das mesmas só pode ser calificado de éxito, pois sumado ao amplísimo grupo de xente que se achegou coa intención de involucrarse no proxecto (as asambleas reunían a un grupo de entre 60 e 100 persoas como media, formadas por anarquistas, independentistas, 15Meiros, autónomos, feministas e outros ativistas do amplo espectro radical e cultural da cidade, ademáis da inevitable presencia dos secretas) tamén se achegaron ducias de veciños que, despois de 4 anos de abandono da sala, tiñan agora oportunidade de voltar entrar no espazo que tantas veces visitaran para ver filmes, obras de teatro, etc. … A variedade de visitantes que se achegaban a parabenizar os okupas pola iniciativa, o vínculo emocional que grande parte do povo compostelano tiña con esta sala, a escasa oferta cultural lonxe dos circuitos comerciais ou as portas literalmente abertas (aínda que isto acarrearía inevitablemente problemas posteriores), foron factores que axudaron sen dúbida a saír do “guetto” , no que tan cómodo se desenvolven as veces os proxectos antagonistas. A proximidade das eleccións xerais serviu tamén de altofalante para que se espallaran, mediante faixas, cartaces, distribuidoras ou debates; ideas contrarias á normalidade democrática que tan ben se estaba a vender nos días anteriores.

Mentres, políticos e medios de masas afiaban os seus coitelos. Queixábanse de que os okupas estaban a estragar o suposto proxecto que o concello tiña para a sala (un ano despois segue sen saberse nada del) , ameazaban co inmediato desaloxo e apelaban a “todo o peso da lei” para castigar esta terrible ousadía. Sen causar sorpresa, os grupos muncipais do PSOE e o BNG condeaban litúrxicamente a ocupación.

Finalmente, o “inmediato desaloxo” produciuse ás 11 da mañán do mércores seguinte á okupación. Grupos de Operacións Especiais, antidisturbios, policías de paisana, policía nacional, local… dábanse cita no interior do local, accedendo sen problemas pois as portas estaban abertas, para deter as 12 persoas que se atopaban dentro, acusadas nun primeiro momento de “tenencia e fabricación de artefactos explosivos”, pois había no interior da sala productos de limpeza, extintores, papel de aluminio, etc. cos que segundo a policía os okupas pretendían confeccionar “cócteles molotov de grande poder destructivo”. Os detidos, tras 3 horas no interior do edificio sen máis compañía que a duns simpáticos lacaios que se ufanaban en encontrar probas de terrorismo onde fora, eran conducidos en furgóns e carros patrulla cara a comisaría do Peleteiro, sendo estes bloqueados na rúa por centenares de solidarios que improvisaban barricadas e se enfrontaban ós antidisturbios, aínda que finalmente foran dispersados por varias cargas de pelotas de goma. Finalmente, ás 17h os detidos eran postos en liberdade con cargos de usurpación e recibidos na rúa por ducias de solidarios.

Esa mesma tarde entre 400 e 600 manifestantes concentrábanse na Porta Do Camiño contra o desaloxo ás 20:30h, rodeados por un dispositivo policial con escasos precedentes… Tras un anaco buscando por onde saír, os manifestantes aproveitaron un flanco descoidado polos antidisturbios, quenes eran dispersados por diversos puntos da praza para controlar a todos os manifestantes, para saír en dirección á zona vella nun clima moi combativo, aínda que intres despois a manifestación era controlada de novo polos maderos. Tras continuos cambios de percorrido, que provocaron polo menos dúas salvaxes cargas que deixaron numerosos feridos e que fixo minguar a presenza de manifestantes, os antidisturbios eran de novo incapaces de controlar a situación ante uns manifestantes cada vez máis cabreados que xa estaban a cortar o tráfico na zona nova, en concreto na Praza de Galiza. Alí, e cos antidisturbios a unha prudente distancia, a manifestación dividiuse en dous. Mentres o grupo máis numeroso descendía ata a Praza Roxa, onde acabaría o seu percorrido coa lectura dun manifesto, ducias de encarapuzados incendiaban barricadas e esnaquizaban vidrieiras de bancos e multinacionais, empezando na rúa Doutor Teixeiro e acabando en outros puntos da cidade, ante a impotencia da UIP que só soubo



reaccionar atacando a persoas que camiñaban soas en diversos puntos da cidade, deixando varios feridos.

Ao día seguinte, o sheriff da cidade, Xerardo Conde Roa, realizaba estas declaracións: "No vamos a consentir que Santiago se convierta en un local de ensayo para ningún grupillo de guerrilla urbana,el Ayuntamiento cerrará si es necesario los locales donde determinado tipo de gente se dedica a preparar o incluso a pensar sobre actos de este tipo" mentres que xornais como “LaVozdeGalicia” apuntaban á relación que mantería a organización independentista AMI con supostos anarquistas radicais “moi perigosos”. Por tanto, o discurso alentado dende os medios e dende o xuíz instrutor desta causa, Jose Antonio Vázquez Taín, alcumado o ”Garzón galego” nalgún medio de comunicación e famoso polos casos de narcotráfico que tería resolto, tentaría envolver o proxecto e ós detidos nunha trama que vai máis alá da ocupación da Sala Iago para ameazar directamente os movimentos sociais da cidade. "El casco viejo de Santiago no es el casco viejo de San Sebastián, ni lo será nunca. Van a sentir nuestro aliento en la nuca".

Salientar tamén que os corpos policiais viñan xa máis dun ano chamando a atención sobre a “verdadeira natureza violenta” dos centros sociais, ocupados ou non, como na palestra que a policía nacional organizaba na Coruña en xaneiro do 2011, na que un “experto” en tribus urbanas instaba a desaloxar a Casa das Atochas para cortar de raíz os “actos de violencia” na rúa, tal e como recollía o diario coruñés ElIdealGallego; ou coma a versión policial da detención de varios “supostos membros de Resistencia Galega”, como recollían os medios, en decembro do 2011, na que a investigación tería dado frutos grazas a “comentarios” verquidos no CSO Casa do Cura en Vigo, feitos desmentidos polos okupas e polos detidos, que non terían visitado o centro social.

Unha vez consolidada a versión policial nos medios, pronunciados diferentes personaxes da farándula política compostelana (coma o exalcalde Bugallo, quen atribúe a violencia a “grupos ultranacionalistasradicales e grupos de matiz anarcoide”) e tranquilizada a cidadanía bempensante grazas ás promesas de acoso policial “a los radicales”, a Sala Iago e por extensión, os movimentos sociais da cidade, recollen o desafío que o alcalde Roa lles bota e voltan a carga o 16 de decembro cunha manifestación “Contra Conde Roa e as súas armas de desinformaçom e repressom”. Algo máis dun cento de manifestantes xuntáronse na Porta do Caminho,e rodeados de antidisturbios enfiaron camiño da zona vella, sendo provocados continuamente polos madeiros, quen acabaron acorralando a un grupo de manifestantes na rúa da Conga despois dun amago de carga coa que se dividiu a mani en dous. Do grupo de manifestantes acurralado, e posteriormente identificado, sabemos que 35

delas serían multados con 300 euros cada unha por se manifestar “sen permiso”. Posteriormente, ao contrario do que dician xornais como “LaVoz”, que alteraba a orde dos feitos, arderían barricadas formadas por contentores e atacaríanse entidades bancarias en diversos puntos da cidade como a rúa Doutor Teixeiro, o Hórreo ou o barrio de Vistalegre. Novamente, os medios voltaron á carga contra “os profesionais da violencia” mentres na rúa aparecía algún panfleto no que despois de felicitar a Conde Droga por “fachendoso e falangueiro, máis macarra que ninguén, cun auténtico espíritu de cowboy,”, sen fraqueza para desvelar a súa natureza filofascista, animába a extender a revolta na rúa.

Apenas un par de meses despois, o 20 de febreiro, as acusadas presentábanse nos xulgados para facer uso do dereito a non declarar fronte ao xuíz Taín, quen apenas apareceu uns minutos cun abultado sumario do que dixo que “no para de crecer”, en alusión aos

seguimentos policiais que él mesmo encargara sobre certos acusados con antecedentes, “un peligro para el orden público y la paz social”, segundo dixo. Extendía os cargos de “tenencia e fabricacións de explosivos” ademáis de “usurpación con violencia” a todos os detidos como xeito de presión e retirábase sobre como alcanzar un posto na Audiencia Nacional desarticulando unha “célula antisistema” na cidade compostelana. É de resaltar que no sumario deste caso, ou a parte del que os acusados tiveron oportunidade de ver (do que obviamente faltan as fotografías tomadas nos seguimentos e as conversas grabadas das que o xuíz fachendea continuamente), apenas hai un informe pericial moi básico sobre os “materiais de guerrilla” que os okupas gardarían na sala e uns anexos compostos por crónicas dos feitos redactadas pola Revista Anarquista Abordaxe (da que terían pirateada a súa entrada,pois a fotografía do dossier mostra a páxina dun xeito que só o administrador pode ver), polos portais independentistas GalizaLivre ou DiarioLiberdade ou por comunicados das organización Briga ou AMI, mesmo cartaces de convocatorias da Biblioteca Anarquista A Ghavilha e de AMI que estarían no interior da sala. A Internacional do Mal no sumario do xuíz Taín!

Fora dos xulgados, e mentres os acusados permanecían dentro, unha convocatoria solidaria co caso foi secundada por deceas de persoas.

Posteriormente, a fiscalía acabaría retirando os cargos de “tenencia de explosivos” a dez dos detidos para manterllos a dúas persoas que terían as súas pegadas dixitais nos productos de limpeza incautados, pedíndolles ata catro anos e medio por ese cargo. Aproveitando esta situación, tanto o xuíz Taín coma o Centro Nacional de Intelixencia comezan a presionar a estes dous compañeiros para que testifiquen ou asinen declaracións inculpatorias contra outras persoas, entre as ameazas directas, o acoso e o soborno; algo ao cal os compañeiros néganse.

A día de hoxe, dous anos despois da ocupación, os compañeiros están a espera de xuízo e a sala segue abandonada. A mágoa é que o exalcalde Conde Roa non poderá estar de acusación particular complacéndonos coa súa halitosis como prometera no seu dia, pois a súa espontaneidade e o seu talante manifestaronse nalgún que outro lio con Facenda (entre outros), tendo que dimitir, pero tendo ben claro que «la política hay que tomársela con espíritu deportivo». Mentres, isto segue, por suposto, sen ser o casco vello de San Sebastián.







o occidental abominable

Auto-Entrevista de Pedro García Olivo

"Como occidentais, facemos padecer e somos abominables;

como occidental, gustaríame ser padecido, pola miña propia cultura, como unha abominación andante"

[O obxecto desta auto-entrevista, proposta polas xentes de Abordaxe, consiste en suxerir as liñas de investigación nas que me acho inmerso nestes momentos, cos conceptos que xa podo adiantar, entre Cadáver a la intemperie, obra editada por Logofobia, e Dulce Leviatán, proxecto que estou embastando cos compañeiros de Bardo Edicións; e en segundo lugar levarme a min mesmo contra as cordas, auto-axuizarme sen contemplacións, como sempre necesitei e hoxe sinxelamente desexo]

1. É a segunda vez que charlamos contigo en "A Ghavilla", e pode dicirse que o teu discurso deu un salto. En que dirección? Que papel xoga o teu último libro, Cadáver a la intemperie, na traxectoria da túa reflexión?

Si, creo que nos últimos anos din un novo impulso aos meus procesos de investigación. Gústame dicir que nunca escribo ao final dun proxecto, senón no medio deste; e que os libros son como fitos, como balizas, dun periplo de investigación e de experiencia, que durará o mesmo que a miña vida. Partín da crítica á Escola, a toda forma de Escola, con El irresponsable e El educador mercenario, obras que pretenderon afianzar o que se chamou " anti-pedagoxía". Dende esa plataforma, e a xeito de análise dos contextos sociais e políticos da Escola Reformada, abordei, en El enigma de la docilidad, o asunto do "demofascismo" ou da "sociedade postdemocrática". E dende o 2006, aproveitando tamén as experiencias e as indagacións suscitadas polas miñas estadías en América Latina, que se concretaron principalmente en La bala y la escuela, empecei a confrontar Occidente coas "outras culturas", indíxenas, nómades, rural-marxinais..., levando as miñas buscas a un ámbito de crítica sociocultural e filosófica anunciada xa en Desesperar, un dos meus libros máis queridos, e resoltas en Cadáver a la intemperie, obras que presentei en "A Ghavilla".

2. Abordaches dúas cuestións que, de forma explícita, non aparecían nas túas obras anteriores: a problemática do "social-cinismo " nas formacións de esquerda e o que denominas "Síndrome de Viridiana na política". Como as relacionas cos teus posicionamentos clásicos "anti-pedagóxicos"? Poderías caracterizalas brevemente?

O "social-cinismo ", como punto de desenlace dese principio esquerda que, dende a vitoria da



Ilustración e conforme se asinta no poder, coñece a división esquizoide, e a "síndrome de Viridiana na política", enfermidade profesional dos activistas, traballadores, educadores e reformadores "sociais", recrutados tradicionalmente entre os adeptos do marxismo, do comunismo, da socialdemocracia, do progresismo liberal e ata da liña branda do anarquismo, fúndanse precisamente nun prexuízo e nunha falsificación denunciadas sen descanso pola crítica anti-pedagóxica: a presuposición de que existen, como entidades separadas, por un lado, un colectivo social necesitado dalgún tipo de socorro particular, un segmento da comunidade ao que hai que axudar, prestar auxilio, re-habilitar, e, por outro, un conxunto de homes e mulleres preparados para atender dilixentemente tal demanda social, movidos pola consciencia do problema, se non pola conmiseración ou pola pena. Do lado destes "auxiliadores" achamos todos aqueles aspectos denigrados pola anti-pedagoxía e caracterizados nas miñas obras anteriores: elitismo, pretensión "demiúrxica", arrogancia moral, indignidade de falar por outro, consciencia separada, auto-glorificación, misión salvífica ou redentora, etcétera.

Coa consolidación da Ilustración, ao principio esquerda non lle quedou máis porvir que afundirse no cinismo. Este principio brilla por dereito propio na atmosfera intelectual que envolve a xénese da Revolución Francesa e nas súas primeiras fases, mentres aparecía como un poder de contestación, unha forza "negativa", unha instancia de desmontaxe. Pero conforme se erixe en "administración" en poder regulador (por forza, de conservación), conforme derruba o seu adversario e o substitúe na cúpula do Estado, os seus fíos críticos embotanse, iniciando unha tola carreira cara ao cinismo que hoxe se manifesta case con obscenidade en todas as actividades englobadas baixo o rótulo de "o social" e, particularmente, no ámbito da loita, das mobilizacións, da praxe efectiva. Que o principio esquerda houbese de mesturarse dende entón, necesariamente, nas vilezas da represión marca unha constante histórica, un ingrediente dese cinismo devido á fin signo dos tempos: como "farsa sanguenta", que diría Cioran, cristalizou baixo o emblema da guillotina no período que execramos como O Terror, o mesmo que, un século e algúns anos despois, se manifestaría nos gulags e no tracto histórico denominado "stalinismo". Danton, película de A. Wajda, reflicte moi ben esta "viaxe de regreso" dos proxectos revolucionarios, constituínte, en termos de Sloterdijk, dunha sorte de "cinismo señorial": continúase esgrimindo un discurso da "transformación" e da "crítica", da "igualdade" e da "autodeterminación", do "goberno do pobo polo pobo" e da "equidade substancial" mentres as prácticas apuntan cara á "conservación" e a "xustificación", a "desigualdade de feito" (baixo unha nova orde do privilexio) e a "administración da vida", o "goberno do pobo polas minorías ilustradas" e a "inequidade definitiva". Dende entón, defender, a pesar de todo, os principios e os valores da Ilustración, precisamente ao socaire de intencións "progresistas" ou "esquerdistas", empezou a ulir mal, cada vez peor. E molesta o tufo a racionalización da socialdemocracia, que recrutou a Marx para o cinismo e máis tarde se despediu, tamén ao xeito cínico, do seu legado.

En Viridiana, Buñuel reflicte con acritude unha dispsición depredadora: a da muller que acolle a pobres e "necesitados" para gañarse o Ceo dos cristiáns, pola vía da caridade; crente que sería







verdadeiramente "desgraciada" se non os encontrase nas rúas, nos parques, nos recolledores de lixo, se non puidese acudir a socorrelos, é dicir a "recrutalos. Viridiana está a punto de morrer ás mans dos seus protexidos: "xustiza poética", cabería soster... Blake: "A caridade non existiría se antes non tivésemos levado alguén á pobreza". A "síndrome de Viridiana" fixo estragos en boa parte das prácticas políticas da esquerda convencional. Burgueses e pequeno-burgueses benintencionados quixeron "axudar" á clase traballadora; quixeron "emancipala, "liberala, "redimila. Non procedían do mundo do traballo físico, pero puxéronse á fronte, tal unha "vangarda", iluminando e canalizando. Prexulgaron que algo ía mal na conciencia dos traballadores, pois non sempre seguían as súas consignas; e que se requiría un traballo educativo para desalienalos, para centralos no modelo teleolóxico do Obreiro Consciente, do Suxeito Emancipador, cando non do Home Novo. O Ceo que estes privilexiados se querían gañar, coa súa entrega xenerosa á causa proletaria, xa non era, por suposto, o dos cristiáns: era o Ceo dos revolucionarios. Cabe descompoñer a Síndrome que neles se manifestaba, e que segue asolando nos nosos días as prácticas "progresistas", en cinco pasos: 1) Conmiseración social (socio-étnica, moi a miúdo) ante as vicisitudes dun outro; 2) Declaración de "simpatía", hiperbolizada en ocasións como "empatía"; 3) Disposición "auxiliadora" inmediata; 4) Exacción psicolóxico-moral ("gañarse un Ceo"), acompañada dun rédito económico e/ou político e/ou cultural... Toda esta lóxica mórbida da cooperación leva consigo, por engadido, e como quinto aspecto, unha vontade de "intervención", de "constitución", sobre a mobilización allea. Fálase de "intercambio de saberes", "diálogo", "interacción", etc., para ocultar a vella pretensión, inseparablemente occidental, de corrixir, reformar, reconducir a praxe do outro. Unha cultura esencialmente "expansionista", que predica valores "universais", non sabería facer outra cousa ante a índole "localista", "particularista", da maior parte das reivindicacións coetáneas...

Na nosa área, a "síndrome de Viridiana" ten inficionado por completo o ámbito do chamado "traballo social", institucional ou alternativo, 'administrado' ou 'activista', que tradicionalmente elixiu o seu obxecto entre as capas subalternas da poboación (minorías étnicas, marxinados, colectivos particularmente vulnerables, pobres, vítimas das violencias ou das discriminaciones...). Asistentes, educadores sociais, profesionais da integración, activistas en barrios, burócratas do benestar social, ONGentes, psicólogos, avogados ou asesores ao servizo dos movementos sociais, sindicalistas, tardo-axitadores, etc., caeron sobre os desposuídos e os desafiuzados, sobre os vexados e os oprimidos, o mesmo que o personaxe de Buñuel sobre os indixentes e menesterosos, con todo o descaro da ave de prea, sempre dispostos a "facer o ben" en proveito (material e/ou simbólico) propio, reparando e canalizando. A perversidade cínica do Estado do Benestar nutriuse ata o cansazo desa disposición infra-sacrificial e necro-parasitaria, procurando atraer e encadrar, por un dobre movemento complementario, tanto ao suxeito como ao obxecto da práctica social, os "auxiliadores" pero tamén os "auxiliados", xestionando non menos o excedente de xenerosidade dos primeiros que o importe das necesidades dos segundos.





3. En que sentido sostés que Occidente é un cadáver á intemperie? E, como cuestión previa, que entendes por Occidente?

Como formación sociocultural específica, como "civilización", Occidente constitúe só un localismo, cun ámbito territorial orixinario restrinxido -Europa e, nun segundo momento, Estados Unidos- que, da man do colonialismo, do imperialismo e da posterior globalización capitalista, tende de facto a expandirse, esmagando ou absorbendo o resto das modalidades socio-políticas e culturais planetarias. Diversas tradicións teóricas anti-occidentais, como o denominado Pensamento Decolonial, sinalan, por certo, "1492" como data inaugural do etnocidio e da dependencia...

Dende a súa base greco-latino, tamizado polo cristianismo e reforxada pola Ilustración, Occidente diversifícase de feito a partir do século XVIII, iluminando tres disposicións enfrontadas no superficial pero conceptualmente emparentadas, irmandadas filosoficamente: liberalismo, comunismo e fascismo. O núcleo epistémico compartido por estas tres formacións, que define en certo modo a Occidente e que tan ben perciben as culturas outras por el desestruturadas, contén, entre outros, os seguintes elementos:

1) Antropocentrismo impúdico, que erixe o Home en suxeito e obxecto privilexiado da Historia, medida de todas as cousas, fautor da Realidade e beneficiario 'elixido' do Acontecer. As "culturas outras" responden a esta magnificación occidental do ser humano suxerindo a "ausencia de centro", diluíndo á especie chamada "racional" na totalidade do existente, borrando o protagonismo subliñado dos homes e das mulleres en devir conxunto da comunidade, da totalidade eco-social.

2) Percepción da Natureza como "exterioridade", como "obxecto", polo oposto da Cultura, ámbito susceptible de coñecemento e de explotación, ao servizo da misión redentora conferida ao Traballo e á Tecnoloxía, dentro de esquemas productivistas e consumistas que a Biosfera, sinxelamente, tende a non soportar. A idea mesma dunha Natureza separada do ser humano, ou separable do cultural-humano, en todo caso discernible, tal un "fóra" e un "obxecto", resulta estraña para non poucas cosmovisións extra-occidentais.

3) Concepto "cósico" da Verdade, que institúe un labor de "misionerismo social", a cargo de Minorías Esclarecidas ("ilustradas") que han de producir e difundir o Saber ata lograr que cale nunhas "masas" ignorantes, sumidas no erro e na escuridade. A teoría clásica do coñecemento, tamén chamada Teoría do Reflexo" ou "Epistemoloxía da Presenza", anundando nos nosos días a metafísica e o positivismo, fertiliza sen descanso esta concepción piramidal (elitista) do Coñecemento e da Cultura.

4) Culto á abstracción, aos transcendentalismos, ás cláusulas idealistas, ás peticións de principio, ás incondicionalidades, aos apriorismos (Ben, Beleza, Razón, Progreso, Liberdade...). O descarnado "racionalismo" da tradición cultural occidental, que acha en Kant e Hegel dous expoñentes de excepción, combatido dende dentro por Nietzsche, entre outros, supón sempre un "esquecemento da terra" e unha "exclusión do corpo" como categorías epistémicas anti-logocéntricas.

5) Presuposición dunha razón histórica universal, dun "telos", dun "sentido" de devir, finalista e tota-

lizador, que abrangue á Humanidade enteira e cobre o arco completo do Tempo. A onto-teo-teleoloxía inscríbese, así, na medula de Occidente; e a supremacía racial aria, o Reino (comunista) da Liberdade ou a éxida planetaria da Democracia e do Estado de Dereito aparecen como tres meras concrecións do devandito "provindencialismo".

6) Universalismo desatado, homoxeneizador, que odia a "diferenza" e combate os localismos/particularismos non expansivos. Partindo do dogma da identidade transhistórica e transcultural da Conciencia Humana, o occidental ilustrado fala en nome da Humanidade mesma e conta con dous expedientes privilexiados (a bala e a escola) para impoñer a escala global as súas concepcións particulares (Dereitos Humanos, Comunidade Liberal de grandes dimensións, Libre Mercado, etc.).


7) Reificación da poboación (como "Raza", como "Clase" ou como soporte abstracto de "Deberes e Dereitos") que aboca a unha desconsideración do ser empírico, "real", da persoa e da súa dor concreta -circunstancia irrelevante para efectos políticos ou xurídicos. O concepto da "dor" en Kant expresa con toda nitidez esta desconsideración do home físico, de carne e óso, sempre subordinado aos fins soberbios dunha Razón que subsome as poboacións como entelequias, como datos abstractos, ontolóxicamente.

8) Institución do "individuo" como entidade histórico-sociolóxica, axiolóxica e epistemolóxica central, en detrimento da comunidade, dos grupos, das colectividades. Como mero constructo occidental, o "individuo" choca sen remedio coa "comunidade", que subsiste noutras formacións culturais (entre os maias contemporáneos, por exemplo), quedando definitivamente vedada esa posibilidade dun "diálogo de civilizacións" esgrimida demagoxicamente polos nosos medios, en si mesmos "individualizadores" e destrutores da alteridade trans-subxectiva.

9) Utopía euxenista do Home Novo, que lexitima pedagoxías elitistas encamiñadas á "reforma moral das poboacións", ao "deseño industrial da personalidade", no contexto dunha psico-enxeñaría administrativa das sensibilidades. Non é anecdótico que E. Morin, nunha obra patrocinada pola UNESCO, libro de cabeceira de non poucos pedagogos e lexisladores "progresistas", definise nestes termos o obxectivo de "a educación do futuro": "unha reforma planetaria das mentalidades"...

10) Prevalencia dunha racionalidade instrumental, estratéxica, que xustifica calquera medio pola honorabilidade dos fins (supremacía da Raza e/ou da Patria, Paraíso Comunista, Estado de Dereito e Democracia Global...). Auschwitz, os "gulags" e Guantánamo, por non falar das chamadas "Guerras Humanitarias", constitúen materializacións sanguentas desa primacía dos Fins, que non retroceden ante o horror dos medios.

11) Productivismo-mercantilismo avasalador, que reduce todos os valores ao valor de cambio e aboca a unha lóxica material de crecemento económico indefinido, interminable, rigorosamente insostible dende o punto de vista ecolóxico. Nin sequera o marxismo escapou a esta deificación da Produción, como argumentou Baudrillard nun ensaio clásico, polo que o sacrificio da dimensión simbólica, do non-útil, do gratuíto, do lúdico, de canto escapa á maldición do Traballo, se erixiu dende o principio nun denominador común do movemento obreiro e da política esquerdista occidental.



Sosteño que Occidente é un "cadáver á intemperie" en todos os seus diferentes planos. Só podo apuntalar esta idea superficialmente, pois a súa argumentación detida enchería, non un, senón varios libros... Cadáver no artístico, coa sensación xeneralizada de que se esgotaron todas a vías de renovación estética e de que a obra, degradada en mera mercadoría e en vehículo da demagoxia política, nada pode e nada hai máis alá dos fins viles da industria cultural. Argan falaba, hai anos, da "morte" da arte, da "crise" ou "caída" da arte moderna; e Sloterdijk, nos nosos días, referiuse ao "ocaso das obras" nun artigo sobre Beuys e a súa renuncia á creación: A arte reprégase en si mesma. Para este filósofo, "a arte está en barbeito"; para aquel, "a folga dos operadores estéticos", o silencio dos artistas, o abandono da creación, é a última palabra da arte contemporánea. No ético, e como signo de podremia, asistimos a unha transición da problemática da "falsa consciencia" ou do "auto-engano" (ideoloxía, veo, alienación) á cuestión do "cinismo" nu e lacerante: "saber o que se fai e seguir adiante"; coñecer a infamia, a iniquidade, do propio proceder e perseverar non obstante na devandita práctica. Ninguén está enganado, manipulado, alienado, mixtificado e actúa como a empuxóns: todos sabemos o que facemos, todos somos conscientes da ignominia da nosa función e do horror que nos constitúe ao ser e ao obrar, e seguimos tranquilamente adiante. Somos "cínicos" modernos... No económico, sacódenos unha crise que non é Crise, senón "decadencia", sancionando un relevo no centro capitalista, cun desprazamento do seu eixe de rotación dende o núcleo clásico euro-japo-norteamericano ata a polaridade dispersa de China, Rusia, Brasil, India, etc. Decaemos, sen máis, e achegámonos á periferia. No político, instáurase o demofascismo, o fascismo democrático, coa docilidade extrema das poboacións, as veleidades expansionistas e militaristas das potencias hexemónicas ou emerxentes, a disolución da Diferenza en inofensiva Diversidade..., como expresa tan nitidamente o Estado do Benestar, o Estado Social que nos dan, quítannos, devólvennos, refórmannos. No científico, xérase un innegable "malestar" en todas as disciplinas, esterilizadas pola mesma compartimentación ideolóxica do saber e abocadas a unha función meramente reprodutiva do dado, na disolución e parodia de todos os fins soberbios que un día se marcaron. No ámbito da reflexión, o que onte nomeamos Pensamento Único revélase, máis ben, como No-Pensamento, como Pensamento Ausente ou Pensamento Cero, cunha proliferación de escolas ou correntes filosófico-sociolóxicas raquíticas, obsesionadas pola celebración indefinida da nosa Democracia, entretidas nun abuso do matiz e nun enredarse en triquiñuelas que lles permite discutir amablemente entre se e alimentar dese modo a factoría cultural, sempre dende a máis absoluta irrelevancia, dende a interminable reiteración da homilía liberal. No psicolóxico, a Subxectividade Única (o policía de si mesmo postdemocrático) é xa unha realidade cuasi-planetaria, sancionando a hexemonía da civilización occidental capitalista e o exterminio das culturas-outras que lle opuxeron resistencia. Etcétera.

ninguén está enganado manipulado, alienado, mixtificado e actúa como a empuxóns: todos sabemos o que facemos, todos somos conscientes da ignominia da nosa función...

4. O teu concepto de "conflitividade conservadora" restrinxe dun modo considerable o ámbito da praxe anticapitalista efectiva. Onde se refuxia, na túa opinión, a contestación social e política non-integrada, non-reprodutiva?

Danse aínda signos de que a autoconstrución ética do suxeito para a loita tende a abrirse camiño entre os entullos dos "tardo-suxeitos" e dos "pseudo-suxeitos". Cabería enxergar un novo horizonte ético-político, no que os " semi-suxeitos" ou "proto-suxeitos" se debaten por constituírse a si mesmos, por auto-determinarse, no apagamiento definitivo de ata a menor "luz" exterior e no escorrentar de toda aquela saga enfermiza de "guías", "predicadores", "educadores" e "cooperantes". Sen postular a Emancipación Absoluta como meta, sen encerrarse nunha Causa totalizadora, sen recoñecerse como Suxeitos da Historia, remisos á institucionalización e ás estadas do Estado, de costas polo tanto ao cinismo da Ilustración (coa súa euxenesia latente dun Home Novo pedagoxicamente elaborado e o seu tanotofilia patente dun exterminio dos "homes vellos" a-racionais), miríades de suxeitos en autoconformación suxiren que, máis alá da Utopía, mesmo contra unha Utopía que perdeu a súa inocencia, baixo o alento quizais da Heterotopía, subsiste aínda unha orde dos conflitos e das loitas radicalmente desesperada, que nin augura un



Novo Amañecer nin se comprace na transacción co Presente. Distínguense hoxe "suxeitos", individuais e colectivos, que concibe a existencia como obra e negan por dignidade a sombría organización do real.

E cabe falar de "autoconstrución ética do suxeito para a loita", por exemplo, entre os colectivos "vivendistas" que non pugnan xa meramente pola legalización das urbanizacións 'piratas', sobre chan invadido, senón que reclaman ademais un estatuto especial de auto-goberno, unha sorte de autonomía local de índole asembleísta, afincada na democracia directa e desafecta á "representación". Este "vivendismo", con vontade de autoxestión, moi afastado xa da simple reivindicación dun teito baixo os parámetros da adquisición privada, o mercado e os marcos constitucionais, aberto a unha experiencia indefinida de índole política, hostil á lóxica do Capital, intensamente 'comunitario', áchase nas antípodas das loitas occidentais pola "vivenda digna", os "alugueres sociais", o fin das hipotecas abusivas ou a ocupación, para intereses privados e con perspectivas de apropiación, dos inmobles abandonados. Así como estas loitas "reformistas", liberal-progresistas, se instalan na órbita da "conflitividade conservadora", remitindo como moito ao paradigma do "ilegalismo úitil", da "transgresión reprodutiva" (xestión política da desobediencia), aqueles empeños vivendistas radicais, que fonden hoxe, por exemplo, en Latinoamérica, eríxense en expoñente dun proceso de auto-constitución do suxeito da contestación, necesariamente "ético" -na acepción do último Foucault.

"Vivir a vida como obra" (estética) e opoñerse á orde vixente da desigualdade e da opresión (ética) son tamén compoñentes esenciais da reivindicación indíxena anti-liberal, orientada á preservación de sistemas igualitarios no socio-económico e de "democracia substantiva" no político, con disposicións da cotianidade atravesadas pola axuda mutua e a cooperación, educacións comunitarias non-escolares e unha aspiración de harmonía eco-social nomeada como "vivir no ben", "bo vivir" ou "vida boa". Este enfrontamento indíxena contra os poderes centralizadores e homologadores do Estado (de calquera tipo de Estado) e o etnocidio larvar no despregamento "global" da propiedade privada e o libre mercado, renovado sen cesar polo Centro e Sur de América e tamén noutros continentes, combatido de feito por proxectos políticos aparentemente "transformadores", esquerdistas, nominalmente anti-imperialistas (o "bolivarismo" inaugurado por Chávez, o indixenismo institucional de Evo Morales, o reformismo progresista brasileiro dende Lula, etc.), pode estimarse así mesmo como testemuño da autoconstrución ética dun suxeito para a loita -reelaboración contemporánea do indixenismo insubmiso anticapitalista. "Proto-suxeito" enfrontado aos "tardo-suxeitos" dos partidos políticos, os sindicatos e as formacións gobernamentais, nada ten que ver cos nacionalismos occidentais, coa revolta "conservadora" das rexións e das comunidades ante as instancias centrais, coas vindicacións "federalistas", co independentismo liberal, burgués, facedor de Estado. En tanto pseudo-suxeitos adheridos ao Sistema, os autonomismos e secesionismos do Norte deveñen simples "momentos travesos" da organización, estruturalmente semellantes a aquel outro indixenismo, o indixenismo de integración, que acepta á fin os marcos do Estado de Dereito, a sociedade de clases, o réxime demo-liberal e a axiomática do mercado e do salario.

Autoconstrución ética dun suxeito colectivo para a denegación é tamén o que percibimos nalgúns desenvolvementos locais, non predominantes, da filosofía da guerrilla en Colombia. Cando, dende algúns membros do ELN, se desliza a idea da Guerrilla como "espazo inmunolóxico", concepción de vida e refuxio existencial para cantos non poden 'respirar' baixo a presión do Capital e do 'seu' Estado, viciados os aires pola corrupción e a inxustiza sistemáticas, con plena conciencia de que non cabe xa aspirar á "toma do poder", de que as armas deberán ir calando para que fale por si mesmo o estilo de vida e a experiencia local da autoxestión, de que non hai no horizonte ningunha Gran Revolución prometéica, afín ás categorías desvencelladas da racionalidade política clásica, idea polo tanto dunha sorte de "Guerrilla Posmoderna", en transo de re-invención por si mesma; cando este discurso empeza a tomar corpo, dende dentro, e avanza case con pés de pomba, non cabe xa dúbida de que un proto-suxeito está en pendes. Como tardo-suxeito, como pseudo-suxeito, a Guerrilla clásica vese deconstruida, quebrada polo menos, por este proto-suxeito que esixe a súa cota de dereito á realidade.

Non é absolutamente distinto o caso dos colecti-

vos occidentais que fuxiron das cidades, como expresión máxima do sistema que negaban, para forxar experimentos de organización e de vida alternativas no medio rural. Nestas experiencias, a miúdo de inspiración libertaria, pugna por manifestarse un suxeito non-cínico en auto-construción, que é así mesmo un suxeito en loita. Na medida que unha nova austeridade, un respecto franco polo medio, un amor á autonomía persoal e colectiva, cancelados os grifóns do emprego e do consumo que se paga en servidume, infunden estes proxectos, podería falarse, en propiedade, da floración dun "quinismo do século XXI", un neoquinismo sublevado, como o de onte, contra a produción e contra a obediencia. "Non producir, non consumir, non comprar nin vender, obedecer nin mandar": estas consignas, só alcanzables dun modo relativo, fragmentario, que case se viven nos procesos de autoxestión libertaria no campo, poden tamén perseguirse nas cidades, aínda que as dificultades son crecentes e o custo en sacrificio persoal considerablemente maior. E bole tamén o anhelo de autoconstrución éticoestética neses grupos de "buscavidas", neses colectivos, satanizados ás veces como "hordas", que conquistan unha esforzada liberdade vivindo case literalmente dos desperdicios dos demais ou instaurando unha bela pequena "desorde (alimenticio) na propiedade". Velaquí un proto-suxeito quínico que labra a súa dignidade no reverso da figura cínica por excelencia: o tardo/pseudo-suxeito anarco-funcionario (profesores, médicos, empregados, etc., remunerados todos os meses polo Estado contra o que proclaman, ninguén vai crerlles, "loitar").

No ámbito do ensino, estanse a articular proxectos educativos insubordinados que rompen estruturalmente cos moldes da Escola, auto-configurándose na abolición do "encerro", da dicotomía Profesor-Alumno e da cláusula da Avaliación anatematizadora. Escorrentan así o modelo da Escola, "tardo-suxeito" por antonomasia devido "pseudo-suxeito" na variante libertaria integrada das Escolas Libres, meras excrecencias terminais do Reformismo Pedagóxico institucional e para-institucional.

Eventualmente, prodúcense cristalizacións da mencionada autoconstrución que sorprenden polo seu recargamento e solidez, como o experimento de soberanía popular que viviu Oaxaca en 2006, da man da APPO e outras organizacións, no rexeitamento dos poderes de dereito e da lei positiva federal e estatal, tentando o indefinido-histórico, enfrontándose verdadeiramente ao futuro como o escultor á rocha, instaurando un verdadeiro "estado de excepción", cun radicalismo e unha perigosidade implícitas, unha inequivocidade na rebelión, que nada teñen que ver coa pequena travesura do 15-M español, ideoloxicamente integrable e politicamente recuperada ao modo de todos os ilegalismo útiles e todas as desobediencias inducidas. En Oaxaca escintilou un "proto-suxeito" que, dalgún modo, se foi incubando nalgúns aspectos laterais da Outra Campaña zapatista, subproduto saudable dun proceso no seu conxunto romo, neutralizado.

Poderiamos alongar a lista das autoconstrucións colectivas do suxeito, que se diversifica e analiza en cada constelación cultural, pero non é necesario. Para os fins desta auto-entrevista requiríase mostrar a súa verosimilitude empírica, constatar a heteroxeniedade das súas manifestacións históricas, sempre como negación, como antítese, daquela orde da conflitividade conservadora e da desobediencia inducida que se nos presenta hoxe, cinicamente, como ámbito exclusivo da contestación real, pretendendo monopolizar, aínda como simulacro, o descontento e a desaprobación inmediatas (pensemos, verbi gratia, nas "mareas" pro Estado do Benestar). Valla, pois, coa precedente selección de exemplos... E coa tese que botan intempestivamente: no horizonte dunha planificación institucional da mobilización contra a propia institución, dunha xestión política da desconformidade e da protesta, a práctica da disensión insubornable, da insubordinación franca, tórnase abstrusa, arriscada, extraordinariamente esixente. Pero arraigar na verdade, conxurando a adición á produción e á obediencia, e mantendo a raia as seducións do mercado, da cotianidade acariciadora e da vida predestinada, maltrata e case humilla aos seus escasos actores. Neste sentido, esgrimir que a loita continúa, non constituíndo unha falsidade, case equivale a postular que a loita deveu rareza.

E, en fin, máis alá ou máis acá do colectivo, quen non coñece ou coñeceu individuos que compoñen a súa biografía como os capítulos dunha novela, concibíndoa como "obra", como creación estética consciente, persuadidos, con Jaspers, de que "a vida é a ocasión para un experimento" e levando esa "vida decidida", que diría Heidegger,

con alegría e con dor, aos portos indefectiblemente éticos da loita que non cesa e da resistencia inasimilable? Non son moitos, dende logo, porque a denegación trasparente do dado, no contexto cínico das falsas loitas e das oposicións integradas, se volveu difícil (camiño irreparablemente fragoso, terra case inhóspita) e en absoluto fai a vida máis amable, máis transitables os días, relaxado o existir. Pero, como recordaba Brecht, "son os imprescindibles". Non é a esperanza a que se refuxia neles (Goethe: "Teño en cadeas dous dos maiores inimigos do home: a Esperanza e o Temor"), senón a posibilidade mesma do suxeito crítico.

5. Avanzas unha denegación do concepto clásico de "Utopía"; e tendes a propoñer, nebulosamente, a idea dunha práctica "heterotópica". A que te refires, en concreto, cando falas de "Heterotopía"?

Perdoaráseme o meu oficio mercenario e o meu estilo burgués de vida porque proclamo crer na Utopía... Para isto está a servir hoxe o Principio Esperanza, a isto rebaixouse unha Utopía que, como denunciara Sloterdijk, perdeu a súa inocencia: surte elementos de racionalización, de autoxustificación, a unhas capas sociais "educadas" nos principios da esquerda, "cultivadas", intelectualizadas, que, a pesar da súa definición ideolóxica ou mesmo contra ela, remataron instalándose, máis ou menos comodamente, no Sistema.

Mentres a Utopía (comunista, anarquista) asaltaba o orbe dende os escritos duns pensadores radicais e benintencionados, os poderes de Occidente, servíndose de misioneiros, educadores, mercadores e militares, arrasaba ata os últimos vestixios das formacións sociais nas que esa Utopía tivese podido recoñecerse: o "sistema de aldeas" da África Negra, socialmente igualitario, demócrata de base, descoñecedor da propiedade privada e do salario, "pobos sen Estado" como recordaron recentemente S. Mbah e E. Igariwey, investigadores africanos que comparten a perspectiva de antropólogos anglófonos como Barclay, Midletton e Tait, remitindo os estudos pioneiros de Fortes e Evans-Pritchard; as comunidades indíxenas de Latinoamérica, co seu "comunalismo" económico e a súa "democracia india", como describiron Whitecotton, Cordero, Paoli, Molina Cruz e tantos outros, ao ronsel de antropólogos de moi diversa filiación ideolóxica, de Lévi Strauss a Clastres ou Jaulin; os pobos "primitivos" que habitaban as zonas frías, os círculos polares; etnias nómades como os xitanos antigos, vindicados por F. Grande ou B. Leblon e que interesaron a cineastas como Toni Gatlif, etc., etc., etc.

Esa impostura orixinal reprodúcese nos nosos días cando, sabedores de que o relato da Emancipación se quedou sen portador, sen suxeito social disposto a incorporalo, a facelo seu, coñecedores da crise definitiva de todas as súas categorías reitoras, grupos de intelectuais 'desprendidos' do comunismo ou do anarquismo, empregados do Estado, ás veces empresarios, rendistas a miúdo, procuran lavar a consciencia da súa complicidade, da súa solidariedade escandalosa coa Opresión, da súa responsabilidade no sostemento e reprodución do demofascismo, esgrimindo, labios fóra, o discurso xa romo, xa roto, mentireiro, da Utopía. A Utopía é hoxe asunto de cínicos de esquerda, adorno da opulencia contestataria.

Mentres a Utopía postula o ideal "aquí" (na nosa área), pero "mañá" (sempre remitido ao futuro), a Heterotopía descobre a dignidade e a beleza resistentes "hoxe", agora mesmo, pero "noutra parte" -outras culturas, pobos nómades, ámbitos rural-marxinais, subxectividades erráticas,...-; e o tipo de operación que desprega ante esa alteridade ameazada, con frecuencia ao bordo da extinción, xa non recorda en nada á "Síndrome de Viridiana" dos auxiliadores interesados, da solidariedade depredadora. Allea ao "cientificismo" desertizador da teoría clásica do coñecemento, propón interpretacións do outro (Foucault), recreacións de índole "poética" (Artaud), actos de lecto-escritura (Heidegger), "rescates selectivos" (Derrida) dunha alteridade en si mesma indescifrable, incognoscible; interpretacións que poidan erixirse en vectores da crítica da nosa propia cultura, en ferramentas, ou mesmo "armas", da deconstrucción denegatoria do occidental. A Heterotopía, que repudia o concepto "cósico" dunha verdade eterna, ao alcance de expertos, interculturalmente válida, virando as costas ao positivismo e á metafísica da Teoría do Reflexo, produce e difunde " re-creacións" da outroidade que, sen pretender en absoluto exhumar a súa esencia ou a súa substancia, nos cuestionan e nos combaten. Esta foi, valla o exemplo, a operación dos xa citados Clastres e Jaulin sobre o indíxena ou Grande e Leblon sobre o pobo xitano; de

Lizcano sobre o taoísmo, de Chantal sobre o hinduísmo, de Sloterdijk e Onfray sobre os quínicos,... E esta perspectiva heterotópica brilla tamén nun pequeno delicioso texto de Kropotkin, O Estado; latexa dalgún xeito, atenuada por un doutrinarismo disecador, no libro de Engels sobre a orixe da familia, a propiedade privada e o Estado; desbócase no ámbito da arte, como no cine de Gatlif...

6. A música das túas palabras soa a "réquiem". Dar por defenestrada a nosa cultura, debuxar un horizonte de termo, de colapso, non constitúe de feito un convite á parálise, á rendición, á retirada de todos os combates?

Non me gustaría velo así, aínda que non cabe descartar de todo esa posibilidade. Como "ausencia de todo engado", que diría Bataille, o desespero cara á que tende toda a miña escritura (deas-esperar: deixar de esperar, deixar de agardar) pode valorarse, ou ben como unha entrega de armas por imposibilidade real da vitoria, ou ben como un abandono de pertrechos antigos, inservibles, caducos, desvencixados, baixo a vontade dun novo re-arme, da invención de armas verdadeiramente dignas do seu nome. E en todo caso apunte o meu discurso ao "repregamento" ou á "incursión", sosteño a prioridade, diría que ontolóxica, da auto-construción do suxeito, da re-elaboración dun mesmo como loitador, porque o individuo real, concreto, empírico, o individuo que somos e o individuo co que nos cruzamos todos os días, fai xa moito tempo que se afundiu na parálise, na rendición, na retirada definitiva, na docilidade en suma.

O Sistema non é un monstro pantasmático: nós somos o Sistema. E sómolo en cada acto de compra, de venda, de traballo ou de facer traballar, de obediencia ou de facernos obedecer... Somos o Sistema e nada cabe esperar de nós contra o Sistema sen un proceso previo de descodificación, de deconstrucción, de auto-denegación e re-elaboración; proceso que debería levarnos a concibir a vida como Obra, como a ocasión dun experimento, e a procurar forxarnos, dende unha perspectiva creativa, como suxeitos para a loita. A auto-construción ético-estética do suxeito para a loita é o corazón secreto do meu libro, o seu motivo non-declarado, insinuado non obstante nunha das súas composicións centrais: Crear, loitar, vivir. O combate contra a Predestinación.

7. Animas a "vivir" sen receitas, sen itinerarios, sen prospectos; a concibir a existencia como unha Obra, a enfrontarse ao futuro como o escultor á rocha, procurando facer "arte" cos días... En que se distingue esa recomendación da que cabe extraer de tantos libros de "auto-axuda"?¿No cabe descubrir aí un achaque "moralizador", unha recaída en certo psicoloxismo rancio, de índole ética? Non acabas falando como o personaxe que máis desacreditabas nas túas primeiras obras, como un triste "predicador"?

Dende as escolas de pensamento gregas, a filosofía occidental quixo servir de "axuda" ao individuo empírico, xa sexa na súa busca da felicidade ou no seu anhelo de liberdade, asignándoo ás veces, en tanto membro dun colectivo, unha tarefa redentora sublime (pensemos no marxismo) e presentándose outras como un medio do seu defensa contra os horrores do progreso postulado e a coerción emanada dende os poderes avasaladores (punto de partida da epistemoloxía da praxe). O que envilece á denominada "literatura de auto-axuda" non é tanto a meta á que alude co seu título como o raquítico da súa armazón teorético, as trampas do seu desenvolvemento argumentativo e o deplorable da súa finalidade real, que se resolve, na mera adaptación do individuo, na súa "reparación" caracteriolóxica dende a conservación e case sacralización do establecido.

Nun segundo sentido, por engadido, entendo toda a miña produción como "auto-axuda" efectiva: serviume a min mesmo, e en tanto "bio-texto", para construírme como suxeito tentativo e para fixar as miñas posicións de pensamento. Á parte disto, e dando por sentado que non gardo un concepto positivo da escritura, que non me engano sobre o importe de turbiedades e mesquindades de que se nutre a vontade de publicar, o meu propio conxunto de miserias constituíntes e de podremias íntimas polo tanto, o certo é que me importa un pito o efecto do meu discurso sobre os demais e a etiqueta que se lle adxudique (psicoloxía, socioloxía, historia, filosofía, ética, auto-axuda...). Pódeseme ver como un "predicador", pero como un "predicador paradoxal", volto contra a súa propia condición, indiferente ao efecto da súa palabra e inimigo de todos eses Predicadores, en sentido forte, que aspiran aínda a convencer e a mobilizar; pódeseme valorar, entón, como un " anti-predicador", xa que o que difundo é unha " anti-prédica": desconfía dos que escriben, dos que trazan camiños para os

demais, dos que regalan claridades!

Por último, creo que a figura contemporánea do "loitador", na que me gustaría recoñecerme, non deixa de ser unha figura ética, que cabería relacionar polemicamente con certo "cristianismo de segunda xeración, cristianismo sen deus": rexeitamos o dado porque nos parece "malo" e propoñemos, como alternativa, un mundo "mellor", sempre dentro das categorías da moral, sempre "máis acá do ben e do mal". O contrario, a "liberdade sádica", o inmoralismo radical de Sade, o seu ateísmo absoluto, que non retrocedería ante o crime gratuíto, ante a violación ou o asasinato caprichoso, ese verdadeiro "vivir máis alá do ben e do mal", non ten nada que ver co concepto da "loita", nin como argumentaba Armand, co "ideal moral" sustentado polo pensamento libertario.

Creo que non respondín a esta pregunta, pero porque interroga sobre todo dunha vez; e faría falta a vida enteira, fai falta máis dunha vida, para medio orientarse entre as cuestións que suscita (a axuda, a moral, a prédica, a arte, a psique...). Son, por certo, os temas que me interesan...

8. En que estás a traballar nestes momentos? Aínda se pode escribir "entre cadáveres", máis alá de levantar a súa autopsia?

Practico unha escritura "desesperada", que defino ás veces como non-escritura, allea a toda transcendencia, tan desinteresada polas inquietudes ou necesidades do lector como polas expectativas da industria cultural, que non ten por obxecto designar nada nin expresar a ninguén (moito menos á procesualidade plural, contraditoria e conflitiva que, como a todo ser humano, constitúeme); unha escritura sen meta que emerxe sinxelamente porque nada llo impide e que, non falando ben do mundo, falando mal do seu autor, tampouco encontra moitas razóns para simpatizar co seu hipotético lector. Neste sentido, entre cadáveres ou entre moribundos, pódese dar aínda unha escritura zombi, máis morta que viva, morto vivente, carente de sentido como a vida e non menos inútil que o futuro, unha escritura irrisoria -é dicir, unha escritura á altura risible que por fin alcanzou a humanidade occidental.

Traballo, nestes momentos, cooperando coas xentes de Bardo Ediciones, nun ensaio que titularei Dulce Leviatán. Contribución a la crítica del Estado del Bienestar; nun artigo para unha revista da Universidade de Barcelona, que nomearei precisamente Socialcinismo; e na revisión definitiva dunha obra de narrativa, unha sorte de novela filosófica, que me acompañou durante as últimas tres décadas da miña vida, coa que por fin me despedirei desta vocación infame, desta enfermidade terrible das palabras: El Espíritu de la Fuga.

Pedro García Olivo
pedrogarciaolivo.wordpress.com



Vai-te encontrando na água e no lume,
na terra quente, até perder o medo,
o medo levanta muros
e ergue bandeiras pra nos deter
Mafalda Veiga - O Lume



Quando começo a escrever isto estou acendido, sento calor dentro de mim, umha vez passada a vaga de lumes de cada ano, acho que é o momento idóneo para falar do lume, do fogo, das lapas, dos incêndios. Nada purifica tanto e melhor como o lume que ilumina, quenta e fascina. O lume, un dos elementos essenciais da vida junto a água, o ar e a terra. Esse lume dador de vida e energia, é responsabilizado, ano tras ano, da destruiçom do nosso monte e do pouco que vai ficando de bosque na nossa Galiza.

De longe lhe vem ao fogo, na nossa cultura, imposta a má fama. O inferno de fogo começou a ser adotado pela igreja católica principalmente a partir do século II e desde entóm ficou anatemizado como ameaza eterna . A quem se lhe puido decretar que nom há maior castigo que penar entre lume por toda a eternidade??

A igreja vem jogando com lume desde entom, e atemorizam e aterram com promesas de queimaduras de eterno grado se nom somos submisas na terra, se nom acuvilhamos e pandamos com umhas leis gravadas em pedra, leis que atenazam os mais primitivos instintos e penalizam as realidades mais gozosas, tentado fazer de nós zumbies viventes, gélidas pantasmas, autómatas escravas.

E assim tiram do lume como elemento dissuasor de gozos e ejecutor de desobedentes. Mesmo na sua história de imposiçom de dogmas tirarom do lume como umha das suas mais crueis diversions e venganças em vida com as fogueiras da Santa Inquisiçom. Esses, que se dim representantes do Deus na terra, figeram do lume castigo eterno e aproveitarom-se de-le para recrear-se nos seus mais turbios desmáns contra quem nom comunga com as suas hóstias. Cregos, bispos, monjas gozosas ante o espectáculo de alguém ardendo por nom crêr nas suas falsidades. Figerom também do lume utensílio purificador com o que tratar de borrar da existência todo quanto fosse escrito sem cumprir as suas retóricas e retorcidas teorias do bem e do mal. Assim nom é de estranhar que, como resposta, também fossem pagados com igual moeda e ás vezes, o lume purificou venganças porque “a única igreja que ilumina é a que arde”.

Poida que seja tempo de falar das vagas de lume desatadas na Galiza durante este ano, num momento em que as aguas torrenciais caidas dos gélidos ceos do paraiso escorrentiam cinzas a rios, rias e mares, matando a vida numha violenta consecuçom com que a natureza amosa-nos que é o que se passa quando andamos a destrui-la e nom por graça divina, senom por essa teima em destruir e asolar todo rastro de vida selvagem para adozena-la e converti-la só em consumo e por tanto em negócio.

Porqué, se bem é certo que há factores naturais que facilitam que um pequeno lume poida extender-se com avidez por um feixe de hectáreas, como poida ser o excesso de calor ou os fortes ventos, a realidade é que desde que as nossas árbores autóctonas começarom a ser desprazadas polo empurre de espécies pirófitas, desde que o bosque se passou a ser só monte, desde que as árbores deixarom de ser acobilho de vida para ser só madeira para negócio de madereiras e celulosas e isso, acompanhado do abandono das labouras tradiçonais da vida rural, as vagas de incêndios asolam esta nossa Galiza húmida, verde e fértil que, desde entom, bate recordes de lumes forestais no clima oceánico.

Abandonadas ao seu as grandes extensons boscosas da Galiza interior (na costa as exploraçons de eucalipto e pino acabarom case por completo com os bosques), case dexiou de existir a coabitaçom entre humanos e natureza, assím hoje é doado atopar muitos lugares onde há rueiros com casas abandonadas derrubandose, de tal jeito



que istos rueiros deixarom de ser lugar de passo e de vigilância dos montes pela própria vizinhança, pola conta que lhes traia. Abandonou-se o toxo, que junto co esterco das cortes formava o estrume co que se abonavam as terras de cultivo e assim, a Galiza de terra ácida, produze espontaneamente uns onze milhons de toneladas de toxo que, ao nom se usar, passam a ser um excelente elemento que arde como a pólvora.

Nom quero dizer com isto que nom haxa tolinhos que na sua piromania extrema prantem lume aos montes, o curioso é que os grandes incêndios "brotam" quando há ventos, calor e seca, e ante isso o debate social que jurde nos meios, a abordagem política-mediática ao tema dos fogos é toda ela expressada numha linguagem economicista e militar, quanto maior é o problema ano trás ano, o debate vai cada vez mais em como articular a cadeia e as hierarquias de mando entre as diferentes brigadas anti-lumes, bombeiros, militares, … ou como reunifica-las ou profissionaliza-las, ou em como fazer mais lucrativa a industria de combate dos incèndios, como acontece com a espectacular actuaçom dos meios aéreos privados. A ánsia do controle e da gestom técnica surge como a actitude imediata e a resposta para todo tipo de problemas como se a tecnocracia e a indústria de raiz técnico militar fossem a panaceia da questom. Essa abordagem reflecte a umha sociedade que deposita o seu futuro e a soluçom dos seus problemas, cada vez mais no alheio, na especializaçom militarizada, privada e lucrativa das funçons que antes eram de todas.

De nada valem políticas enganhosas de brigadas anti-lumes, de militares a esgalha polo monte para a sua suposta vigilância, de supostos especialistas que antes de se enfrontar ao seu primeiro lume, só conhecem este das lareiras ou das grelhadas, agora estupidamente proibidas. Que nom nos venham com campanhas de concienciaçom de que todas temos que coidar do monte, porque primeiro incentivarom à gente a que se esquecera del subvençonando a prantaçom de árbores aloctonas pirofitas, promoverom o abandono do rural com a imposiçom do capitalismo e de regulamentos que estragulam o agro e a ganderia, mesmo há loitas ecologistas só preocupadas em que os nossos bosques e paragens autóctonas colham méritos ecológicos e recebam a ansiada medalha de reserva ou parque natural como único jeito de conserva-los e salava-los da queima com a presência permanente dum ejército de coidadores anti-delinquência.

Eu concordo com que há umha questom de delinquência, mas nom me refiro a tolinhos piromanos, senom a todos quantos políticos e empresários que potenciarom o abandono do rural, que só vem Galiza como parque temático para desfrute de estrangeiros com muitos quartos e como fonte interminável geradora de energias contaminadoras para gasta-la em mais emprendimentos devastadores; refiro-me a esses economicistas que atoparom no rápido crecemento do eucalipto e do pino a base para o seu gram negócio papeleiro e madereiro com o acordo necessário de políticos mercenários do dinheiro. Issos som os auténticos delinquentes e culpáveis das quemas dos nossos montes, que redactam leis que lhes permitam profundizar em negócios suculentos entanto arde o monte e o bosque autóctono vai caminho de desaparecer.

Todo esse cenário,que arde anualmente, foi a reboque do desenvolvimento moderno abandonado. Depois de que a maioria das gentes se foram, as terras e a floresta deixaram de ser vividas para ser apenas rentabilizadas no lucro da celulose. E para quem ficaram nos montes e nas serras, ou para quem escolheram viver lá o seu dia-a-dia, para essa gente que já coida e quere o territorio, que mesmo chora de impotência quando som afastadas das laboures de extinçom, impom-se-lhes as novas formas legais de enfrontar-se ao lume e á que, salvo casos excepcionais nos que a gente desobedece a esse sequestro, nom lhe queda outra que asumir com resignaçom que nada lhe vam deixar fazer e aceita ser despejado das suas vivendas, numha trama paramilitar que obedece o mandato dos governos de tratar ao povo como gando ao que coidar e afastar das lapas, quando o conhecimento do lugar e dos ventos das gentes do lugar soem ser chave



para saber enfrontar-se ao lume, e em troques de servir-se desse saber trazem gente de fora, muita inexperta, com grandes e aparatosos meios “mediáticos”, com grandes custes e poucos resultados prácticos. E assim mesmo ten-se perdido o sentido de vizinhança e de auto-organizaçom que, de antanho, fazia frente aos lumes, antes e depois de estes acontecerem.

Umha vez mais, o debate gira em torno do proteccionismo vindo de fora. Por isso caminhámos para umha desagregaçom colectiva com o território, tomado como um recurso meramente económico e nom como um lugar para viver amplamente. Este, que é a nossa mais rica identidade e a nossa melhor comunhom com a natureza, hoje só é pasto para incêndios. O nosso monte arde polos quatro costados num mácabro ciclo de 5 a 7 anos desde 1989, e em clara convinência de intereses económicos e políticos, que seguem subvençonando especies arboreas alheias e moi pirófitas e planificando leis de montes que o único que buscam é a rendabilidade económica quanto antes possível. Som eles os políticos e os capitalistas que só pensam em negócios, aos que, como conta o dito, a árvore impede-lhes velo bosque. Esses som os autènticos delinquêntes que estám a permitir que Galiza seja só entendida como negócio para uns poucos, onde nos montes só medrem pinheiros e eucaliptais, junto a mimosas e outras espécies arbóreas que gostam do lume com paixom e que, pese as mais que prováveis queimas, seguem sendo rendíveis para pasta de papel e outras industrias transformadoras, ou mas bem dito, destruitoras, e todo e-lo arrodeado de enormes muinhos de vento que fariam palidecer a Cervantes e teria que refazer o seu Quijote. Isso junto a desfeita dos rios que, onde antes havia vida a esgalha, agora so há morte e poluçom entre um sinfim de minis e maxis centrais hidro-eléctricas e incontáveis emissons de resíduos industriais e humanos, que também causam morte nas fontes naturais, nas aguas subterráneas, nas rias e na costa. Assim como desfeitas no mar visto só como negócio de trânsito de enormes buques cheios de pessoas ricas, de rendiveis mercadurias ou de perigosas carrégas explosivas que provocam grandes sentinas, quando nom ciclicas mareas de petróleo, junto a destruitivos portos exteriores, refinerias, gasificadoras e portos recreátivos. Além da profileraçom doutros ingénios humanos terra adentro como enormes centrais térmicas, minas a ceo aberto, canteiras, polígonos industriais vazios, tuneis, viaductos, AVE, autoestradas, autovias...


Em definitiva nom podem ser mais acertadas as típicas palavras dos i-responsaveis de queda, quando, invariavelmente, governe quen governe, derivam a questom das vagas de lume a um problema de delinquência e de orde pública com umha alta intencionalidade.

O lume é assim tam culpável dos incêndios forestais como a água das riadas em cursos desviados ou a terra dos movimentos sísmicos em exploraçons petrolíferas ou o ar culpável da proliferaçom de cultivos transgénicos. O lume, esse gram purificador da humanidade, culpável de que? O lume usado polo povo como fonte de calor, de festa e também de luita.
Quem nom gosta do lume? Quem nom se apaixona diante das lapas dumha boa fogueira?? Quem nom desfruta saltando as cacharelas ou lumeiras. O lume, que, segundo os eruditos de nada, foi o gram invento da humanidade, antropomizando assim um dos elementos básicos da naturaleza nessa teima de ponher a mão humana em toda a existència. Nom há tardar o dia em que a gente se pense que o lume só nasce dos chisqueiros electrónicos igual que já há quem crè que as lareiras nas vivendas som todas eléctricas e só há que apretar um botom para quencer toda umha estância.

E se nom nos preocupamos e loitamos por reverter as nossas formas de conviver na naturaleza, e entanto sigamos só a enumerar e a reclamar mais meios de combate, ouvir especialistas e a apontar culpaveis entre todos, menos entre nós mesmos, o lume vai seguir imponhendo a sua teima em deixar-se ver, e um raio ou mesmo umha simples pinga de rócio a fazer de lupa, num dia soleado, numhas toxeiras secas, acenderá um lume que se propagaàá por baixo terra entre raices de eucaliptos e pinheiros, e por riba arrasando o seu passo toda vida animal e vegetal com as lapas acuciadas polo vento entre imagens apocalípticas de pinhas saindo disparas como balas de lume como se fossem lançadas desde catapultas, e assim, num intre, umha “fortuita” faísca converte-se num lume de inquietantes dimensons, e com ele arderemos todas.


artefacto incendiario atopado durante a vaga de lumes do 2006

SON UN LABREGO



A miña pel ten o sabor e a cor da terra.
Vin durante máis de sesenta anos nacer o sol.
A terra bebeu miles de veces a suor da miña fronte e dos meus brazos.

Pero sentín tamén o gozo de saborear as cousas xenuínas.
E nelas pareceume encontrar aínda o frescor da creación.
Equivocareime cando me sento presente en todo o que me regala a miña terra non contaminada pola vil explotación do consumo?
Eu sentinme vivo na auga limpa das miñas fontes e dos meus regatos.
No pan amasado pola miña muller, cocido no forno da miña vila: un pan só pan; no viño feito coas uvas da miña viña madura e fecunda como un poema.
Sentinme ao saborear o froito das miñas cerdeiras e das miñas maceiras, das miñas pereiras e da miña horta.
Son froitos que non perderon o sabor do sol nin da chuvia.
Aos sesenta anos de comuñón con todo o que me regala a creación, hoxe atópome na cidade, onde ninguén se acorda das nosas terras, onde a ninguén lle interesa xa noso pan-pan e o noso viño-viño.
Os meus fillos pensaban que todo aquí sería mellor, máis grande, máis divertido, máis doado...
Si, hai máis ferro, máis cemento, máis xente, máis coches, mais cines, máis ruído e máis diñeiro; máis igrexas tamén.
Pero eu non quero rezar.
Sento a rebelión do meu sangue.
Non logro durmir porque oio o lamento angustioso da miña terra que protesta e chora e arrástrase polas rúas e mercados, humillada, escondendo a súa vergoña.
Si, porque a sociedade, por amor ao diñeiro, deshonrou o mellor da creación.
O home, que debería facela cada día máis autentica e máis rica, apoderouse dela para mecanizala, adulterala e sofisticala.
Aquí a auga non é a auga que cantou Rosalía: está sucia e contaminada.
Aquí o pan non é o pan: é un produto químico.
Aquí o viño non se fai coas uvas das nosas viñas: é auga tinguida.
Aquí a froita non ten sabor a sol: é de plástico.
Aquí todo ten sabor a laboratorio, a medicina:
Perdeu o gusto da terra.
Todo sabe a lucro, a especulación, a explotación.
Deixádeme que berre a miña dor.
Deixádeme por un momento a rabia, porque teño ganas de maldicir.
Non maldiciría a técnica nin a ciencia, se fosen capaces de servir á natureza para perfeccionala, de facer que os froitos da terra puidesen chegar a todas as mesas, pero sen que a mazá deixase de ser mazá
E sen que a leituga perdese o seu sabor a terra
E o leite o seu sabor a ferro.
O billetes de banco.
Eu maldizo a terra posta ao servizo do lucro e non da vida.
Xa que ninguén me escoita, xa que todos me miran como a un tolo, deixade que poida berrar polo menos a miña indignación e a miña angustia:
Estannos a envelenar!
Teño medo de que os homes acaben comendo cemento
Ou billetes de banco.
Hoxe marcho: deixo a cidade, deixo o progreso; sacudo o po das miñas sandalias e vólvome pobre á miña terra.
Non é covardía, nin evasión, nin nostalxia estúpida,
Non é condena ao verdadeiro progreso.
É medo a perder a miña dimensión profunda de home. Medo a cheirar demasiado a cemento e a hipocrisía,
Medo a non poder seguir utilizando a linguaxe pura da terra, do sol, do vento e da chuvia. Medo a esquecerme de que o home vale máis que o que constrúe.
Y, como poderiamos seguir sendo homes se prostituímos cada día, sutil pero diabolicamente, a terra que nos deu o ser e o gusto?
Dende a miña terra, pobre e só, non se me esquecerán os meus demais.
Por eles farei cada mañá, ao nacer o día, esta única reflexión:
"Que os homes sexan capaces de descubrir aínda o sabor a pan".




texto encontrado nas rúas do Porto:

Big Broth

ano 29 da E

Num contexto de, mais uma, crise económica e agravamento da miséria social, o estado equipa-se com novos e caros meios de controlo e vigilância. Leis e aparatos tecnológicos de repressão preventiva que têm como objectivo aumentar a dominação e que convertem a cidade cada vez mais numa prisão a céu aberto.
Paralelamente à lei do graffiti e ao investimento em novos equipamentos para as diferentes bófias (públicos, municipais e geninhos) a câmara municipal do porto em acordo com a IBM* prepara-se para instalar um sistema de videovigilância no centro da cidade, Centro de Operações Integrado (COI).



Limpeza social e videovigilância. Quem protege o quê?

Nos últimos anos a cidade do Porto sofreu e continua a sofrer uma série de processos de "limpeza social", a Ribeira, o Aleixo, as Fontainhas e o bairro do Leal são disto exemplos. No discurso oficial das instituições e dos meios de desinformação de massas estes processos são camuflados com palavrões como "reabilitação" e "modernização", parte do arsenal da ideologia do progresso**.
Nesta limpeza social, as camadas mais pobres da população são compulsivamente afastadas para a sua periferia, seja através da demolição parcial ou total dos bairros, muitas vezes forçada, sem o consentimento dos seus habitantes ou pela impossibilidade de pagar os aumentos provocados pela nova lei das rendas.
Assim se prepara e expande o terreno para a construção de uma cidade-produto em que o espaço é desenhado para a circulação de capital, a paisagem
vai ser ainda mais preenchida por bancos, hotéis para ricos, serviços para turistas, escritórios para engravatados e entretenimento para a alienação geral. Os que aqui viviam ou passavam sem uma lógica mercantilista vão progressivamente deixar de ser bem-vindos.
Com estas contradições sociais a necessidade em instalar uma estrutura de vigilância apertada é essencial para que o turista, o empresário, o consumidor e o bófia, possam cumprir as suas funções eficazmente.
Os muros invisíveis entre as diferentes realidades da cidade ficam mais altos. De um lado o consumo alienado e a vida estéril das imagens e aparências, do outro a vida marcada pelo dia-a-dia da sobrevivência.

A gestão do medo e as câmaras.

"Hei! Existe um polícia adormecido em cada um de nós…e ele deve ser abatido…" Dealema, Bofiafobia


O discurso da "reabilitação" e "modernização" não é por si só suficiente para justificar a instalação de vídeo vigilância em cada esquina, a este é necessário juntar o medo, e quando não existe um medo real que é vivido directamente pelas pessoas utiliza-se a cultura do medo, cultura produzida nas redacções dos jornais e nos estúdios de televisão, que mais não é que o constante bombardeamento de rela-



ER PORTO
ERA ORWELL

tos e imagens de acontecimentos macabros, vírus mortais, violadores, gangs de rua, elefantes assassinas à solta etc. A gestão do medo facilita a aceitação de mais repressão, de mais câmaras e de mais exploração. Sem esta criação do "clima de insegurança" seria mais complicado convencer algumas pessoas da necessidade de ser filmado a toda a hora, como seria mais difícil explicar a presença constante do corpo de intervenção em algumas partes da cidade, a presença de psps em supermercados, o recrutamento de novos bófias e a reintrodução de "guardas-nocturnos" (noutros tempos conhecidos por chibos).

Essa necessidade de induzir medo é também fruto do próprio medo que os Estados têm da revolta, a par da protecção de interesses económicos, o receio de revoltas é uma das verdadeiras motivações de todas estas medidas de segurança. Seja o medo das que se revoltam e roubam um banco ou dos que se revoltam e incendeiam barricadas, medo da quebra da normalidade, da paragem da economia. As câmaras têm aqui várias funções importantes, por um lado actuam de forma preventiva provocando uma sensação de constante vigilância nos indivíduos gerando autocontrolo e ansiedade e, por outro lado, em caso de quebras da normalidade são utilizadas para a identificação e repressão. Tal como sucede nas prisões.



A destruição do laboratório.

"Este é o seu programa: a vida definitivamente dividida em maças fechadas, em sociedades vigiadas; o fim das possibilidades de insurreição e de encontros; a resignação automática "
(Guy Debord)#

A organização do espaço, a vigilância e a manipulação psicológica são algumas das ferramentas de que se servem os estados para manter a normalidade da exploração, servidão e miséria, a paz no laboratório.

Contra essa normalidade servil e cinzenta, contra os novos e velhos planos de dominação respondamos com insubmissão e revolta. A sabotagem é simples e divertida, uma pedra, um martelo, uma lata de spray e kabummm, que não sobreviva uma única câmara de vigilância na cidade.

A revolta e a recusa da domesticação devolvem alegria e paixão à vida, além disso já é mais que hora de ajustar contas com quem decide o que está bem e o que está mal, agora é o momento de deixarmos de ser ratazanas de laboratório e retomar o controlo das nossas vidas.

associação temporária de putos de bairro, Novembro de 2013

** A IBM em 1933 negociou com Hitler a utilização de cartões perfurados, utilizados massivamente na catalogação de Judeus...*
Em 2013 negociou com a CMP...

***Ideologia responsável pela progressiva domesticação do ser humano e a sua subordinação à economia e à tecnologia, e pela destruição do meio natural. Filha bastarda do casamento entre a burguesia e ciência. # Podes investigar a história do Urbanismo como disciplina de controlo, desde a Comuna de Paris (1871) até à actualidade.*

o laboratorio h

Moito escribiuse acerca de Grecia e do seu movemento libertario, e seguramente este artigo non achegue nada novo, pero vou dar a miña visión, intentando non ser demasiado simplista, a pesar de ser complicado expoñer un tema tan amplo en tan pouco espazo. Porque se hai unha característica que ten o movemento libertario grego é precisamente esa, a súa amplitude; non é precisamente un gueto ideolóxico nin social. E se hai unha característica que ten a sociedade grega é a súa forte identidade. En calquera caso, se analizamos o percorrido do goberno grego, a situación do estado español está a seguir uns rumbos sospeitosamente parecidos, e non está demais botar un ollo aos nosos veciños, para anticipar aínda que sexa moi vagamente por onde están a ir os tiros.

Un feito coñecido, e ben relacionado co movemento libertario e coa situación actual do país, é a revolta de decembro do 2008, desencadeada polo asasinato de Alexandros Grigorópoulos (Alexis) ás mans dun policía antidisturbios. Non obstante hai que sinalar que a revolta de decembro non fué unha revolta anarquista, aínda que tubo moitas características anarquistas e sobre todo, anticapitalistas en tanto que un dos seus símbolos máis presentes foi a destrución da mercadoría. Igualmente hai que ter coidado ao sinalar ao asasinato de Alexis como desencadeante, pero NON como causante da revolta. Digamos que foi a gota que encheu un vaso que levaba tempo enchéndose. A crise económica acentuada durante o goberno conservador de Nova Democracia de Costas Caramalis dende o 2004, é un factor fundamental para entender tanto as orixes da revolta, coma a posterior vitoria electoral do Partido Socialista Pan-helénico (PASOK) liderado por Giorgos Papandreou en outubro do 2009. Tanto Papandreou coma Caramalis, son fillos de ex-presidentes, represenatantes de grupos de poder que gobernaron Grecia dende o final da Xunta militar dos coroneis (1967-1974).Tras esta vitoria electoral, anúnciase a ocultación de parte do xa maltreito déficit público por parte do anterior goberno, facendo imposible de cumprir o obxectivo de déficit marcado pola Union Europea, e xustificando as reformas estruturais, convertidas en imposición europea tras o rescate financeiro do estado por parte da Troika (UE, BCE e FMI). Tras ésto, as subas da prima de risco, as cualificacións negativas das axencias de rating, as numerosas folgas xerais, os fortes disturbios e os novos mecanismos de control social.

No medio desta tormenta, o pobo grego resistiu cunha dignidade e un pulo envexables. E como parte da resistencia dese pobo encontrámonos ao movemento libertario, con gran presenza en determinados barrios, e cunha presenza difusa pero determinada e influente en todo tipo de asembleas non especificamente anarquistas. Os anarquistas gregos non son personaxes pintorescas que se diferencien a priori de forma determinante pola súa roupa, o seu peiteado, a súa forma de falar ou os seus costumes. A maioría de anarquistas son simplemente individuos que tratan de empurrar cada aspecto da súa vida cotiá cara á emancipación social, e que se organizan asamleariamente (non soamente entre eles) para tratar de achegarse a este obxectivo. A parte disto, hai diversas visións e estratexias, pero en xeral, dáselle moita importancia aos procesos, sendo tan importante o que se fai, como a forma de facelo, entendendo a loita como un proceso, aínda que sexa complicado en asembleas centrais onde se adoitan reunir máis de 100 persoas, e onde non faltan os berros. Pero non se pode entender nin o movemento libertario, nin o clima da rúa sen comprender a cultura grega, da cal sinalaremos 3 características.

Unha característica dos gregos, é a súa concepción do espazo público. A xente en xeral percibe o espazo público como algo propio, non como un mero espazo de tránsito. A isto axuda o clima, pero aínda que vaia frío, é difícil imaxinar un dependente dun pequeno comercio que estea a esperar dentro do local, o máis normal é que estea na rúa, instalado nunha cadeira, quizais tamén nunha mesa xogando ao backgamon (tabli), e seguramente falando de política.

Outra característica dos gregos é a gran politización da sociedade, e a gran preocupación da xente polas decisións políticas, xa sexa as do local anarquista do barrio, as do parlamento, ou as do equipo de fútbol.

A última das características que queremos sinalar está relacionada co terreo emocional. En realidade son 2, aínda que interrelacionadas: son a paixón e o orgullo. Por un lado, os gregos son xentes moi apaixonadas. Un dos lemas máis coreados nas manifestacións é "a paixón pola liberdade é máis forte que todas as celas". Pero máis alá das anécdotas, os gregos son capaces dun pulo e unha determinación que



dificilmente poden compararse, moitas veces apoiando a paixón sobre o orgullo: "Botamos os Turcos, aos Alemáns, á Xunta Militar... e non imos ser capaces de botar á Troika? ".

Lamentablemente, non todo pode resolverse con paixón, aínda que esta sexa imprescindible. Unha das sensacións máis estendidas dende os primeiros anos do reinado da Troika era que se vivía un experimento social, unha sensación difícil de explicar con detalle. Todos os ingredientes se mesturan nunha sensación común, a sensación de que o tempo se acelera, e que parece que nunca frea no seu afán de ir cada vez máis rápido. Isto provoca unha gran presión, que se incrementa co tempo, e cando parece que xa non pode ser maior, o que fai é desprazarse de lugar; o que antes provocaba tensión e ansiedade, agora normalizouse e xa non a provoca porque estamos en shock por unha nova mala noticia. Non hai tempo para deterse a analizar o que está a pasar, non hai tempo para entender, só para actuar.

No 2010 viñeron distintas forzas antiterroristas europeas a formar a policía grega. O obxectivo era rematar co "terrorismo" en 2 anos, e logo rematar coa loita social. Non temos nin idea do grao de consecución dos seus obxectivos, aínda que si sabemos dos duros golpes recibidos (tanto legalmente como en abrigo no terreo da guerra sucia) polos 2 grupos armados anarquistas máis importantes nos últimos anos, como son Loita Revolucionaria (hoxe inexistente) e Conspiración das Células de Lume (gravemente danada), así como sabemos os recentes desaloxos das míticas ocupacións de Skaramagá e Vila Amalias, ou a mobilización forzosa dos folguistas aos seus postos de traballo xustificada baixo o estado de excepción (en Grecia, o servizo militar é obrigatorio). Estas estratexias de interior non son elementos illados, senón que se enmarcan nun experimento de enxeñaría social co cal pretenden dar continuísmo ao poder establecido, e transformar o inevitable descrédito no sistema que xa se xeneralizou entre a poboación grega.

Non obstante, este descrédito nas institucións do sistema (tanto do poder público coma privado) non parece constituírse no paso previo á emancipación. O pobo está profundamente dividido, e parece máis próximo á guerra civil que a unión dos explotados para derrotar o réxime. Coexisten as experiencias de autoxestión, a loita social, o discurso antisocial, o continuísmo puro "para saír da crise", o progresismo socialdemócrata, o patriotismo neonazi e o derrotismo. O goberno formado por Nova Democracia (conservadores), PASOK (laboristas) e DIMAR (escisión supostamente á esquerda de PASOK) atrinchéirase e as enquisas de intención de voto mostran unha rivalidade polo primeiro posto entre Siriza e Nova Democracia, mentres que o terceiro posto o ocupa Amañecer Dourado. En calquera caso, nin Siriza nin Nova Democracia terían representación abondo para formar goberno, caso que se esta repetindo en Italia e probablemente se repita en España, e que é algo para o que as democracias parlamentarias europeas non están preparadas.

Polo tanto, tras a enxeñaría económica e social, a unha probada e a outra evidente, encontrámonos nun escenario que apunta cara a unha dirección parecida no sur de Europa, no que os explotados non parecen ter capacidade para enfrontarse colectivamente e efectivamente ao poder establecido, e o poder establecido (polo menos o oficial) non parece ter capacidade para manterse no seu lugar en termos tradicionais, mentres avanza a extrema dereita ultranacionalista.

Isto formúlanos 2 preguntas: En primeiro lugar Que nos reserva o capitalismo para a súa nova orde tras a desarticulación da social-democracia? E en segundo lugar Que pode facer o movemento libertario ao respecto?



LUITA E REPR
CAMPAÑA CÁRC

Comenzo e desenvolvim



Esta campaña xurde tras unha proposta de dentro das prisións, compañeirxs que apostan por organizarse con colectivos que están traballando fora con a intención de criar unha rede de grupos de apoio cordinados a nivel Estatal, que poidan axudar a dar resposta al aillamento e á sistemática tortura que se sucede dentro dos lugares de encerro.
Os obxectivos que se planexan nun primeiro momento son:
1º) criar unha rede de apoio xurídico, 2º) establecer canles de comunicación dentro-fora e dentro-dentro, 3º) sensibilización social.
Facendo fronte a numerosos problemas, ao longo dun ano vaise creando a rede de apoio xurídico así como establécense con grandes limitacións as canles de comunicación, ambos obxectivos aínda que se atopan avanzados seguen gozando de numerosas trabas así como de necesidades de fortalecimiento.
Respecto de a concienciación social considérase que se atopa nunha fase inicial, posto que gran parte das enerxías han ir destinadas ao traballo interno.
Na actualidade participan ao redor de 60 persoas presas, as cales realizan ayunos, chapeos, escritos e demais actos de protesta. A cubertura xurídica esta garantida en case todas as prisións e existen grupos de apoio esparcidos ao longo e ancho do Estado.
sibilización social.
Na Galiza hai persoas presas en loita en CP A Lama, CP Teixeiro, CP Pereiro de Aguiar e CP Monterroso, cos seus respectivos grupos de apoio e cobertura a nivel xurídico por abogadxs solidarixs.

Loita, represión e dispersión nos cárceres, O caso de CP A Lama e CP Teixeiro

Como parte do cotián funcionamento do cárcere e en represalia á loita organizada dentro do Bunker (modulo de illamento A Lama) viviuse e vívese un proceso de represión, tortura e dispersión.
Desde un primeiro momento as persoas que participaron activamente dentro do Bunker, denunciando irregularidades e informando ao resto de lxs presxs da existencia da Campaña sufriron toda clase de presións, aplicándoselles regresións de grado, cacheos, rexistros, intervención de comunicacións e sancións.
O resultado deste proceso de represión inicial á campaña na Lama foi a dispersión dun compañeiro ao cárcere de Mansilla de Mulas (León). Demasiado tarde, a chama prendera no Bunker.
Posteriormente procedéronse cacheos ás celas de tres compañeiros en varios casos de forma ilegal pois sucederon en ausencia destes, tamén se produciron intervencións de comunicacións e retencións de material nalgún caso amparadas polo réxime disciplinario do cárcere e noutro caso de forma ilegal, sucedéndose sen orde especial a unha persoa cuxo grado non establece tales medidas ordinarias. Actualmente estes tres compañeiros foron dispersados e sancionados. En polo menos un caso a sanción foi recorrida.
O cárcere di:
"...
TERCEIRO. Feitos Imputados. O día xx-xx-xx, ao proceder ao cacheo da súa cela atópanse no seu poder distintos escritos que conteñen publicidade de grupos anarquistas e antisistema que apuntan a actuacións conxuntas de protestas e desestabilización dos Centros Penintenciarios; menoscabando a seguridade dos mesmos. Así mesmo, retíraselle un "carro" confeccionado con



RESIÓN NOS CÁRCERES NA CERE=TORTURA 2011-12-13

ento da Campaña Contra a Tortura e os Malos Tratos

sabas.
CUARTO. Os feitos anteriormente descritos puidesen ser constitutivos de FALTA:
108H Divulgación noticias faltas. MOI GRAVE
109B Desobedecer ordenes funcionarios/autoridade. GRAVE
QUINTO. De acordo co establecido no artigo 111 do R.P. de 1981 e do 233 do R.P. vixente, polos feitos anteriormente descritos cabo impoñer sanción de:
Fin de semana de illamento, entre 1 e 7 fins de semana.
Privación de paseos e actos recreativos, entre 3 e 30 días.
...”
Mentres este proceso sucedía dentro dos muros, a raíz dos primeiros problemas no transcurso das visitas das persoas solidarias ao CP A Lama nas que quedou manifestado o maltrato a nosxs compañierxs, a dirección do cárcere decidiu negar toda posibilidade de comunicación coas persoas encerradas, non autorizando as chamadas nin visitas salvo nunha excepción, confiscando cartas persoais e dificultando as visitas dxs abogadxs.
A situación actual é dun control total sobre as limitadas comunicacións escritas e continua negación á posibilidade de establecer contacto telefónico e realizar visitas, todo isto débese á tozudez dos responsables do penal, quen administran estas medidas sen ningunha xustificación nin evidencia e amparándose nun Reglamento Penitenciario que lles proporciona impunidade.
Noutros cárceres o grado de represión foi diferente, danse casos similares á Lama, casos de cárceres nos que se somete a un control menos asfixiante, e outros nos que o grado de represión achégase ao sadismo.
A nivel estatal a resposta do Congreso dos Deputados e Defensor do Pobo Andaluz ás denuncias realizadas desde a Campaña foi a mesma, manteñen o mesmo discurso que articulan de idéntica forma. O terceiro párrafo dos partes da Lama anteriormente descrito nunca falta, ao que se adoita sumar un párrafo en defensa das institucións e do “alto grado de garantismo” que estas presentan na súa defensa dos Dereitos Humanos dentro das prisións.

Nos últimos días o cárcere de Teixeiro foi obxecto de protestas por parte de persoas presas e solidarias. Sergio Roel comezou unha Folga de Fame para reivindicar os seus dereitos, realizándose un envío masivo de faxes de forma solidaria, ante o que a dirección decidiu negociar, abandonando Sergio a súa Folga a cambio que lle fosen concedidos os seus dereitos.
Días despois Sergio foi represaliado por saír ao patio cunha camiseta na que se podía ler CARCERE=TORTURA e unha A dentro dun círculo. A camiseta foille requisada, castigóuselle sen poder asistir á escola de estudo nin boxeo, así como informáronlle que non lle permitirán ter acceso á guitarra que estaba esperando.
Como vemos, a loita sae cara ás persoas presxs, teñen medo que a revolta esténdase, os cárceres en chamas un pesadelo para o Estado, por iso dispersan, illan, castigan, negan, golpean, .. todo o posible para evitar a rebelión, na nosa man esta demostrar axs compañeirxs presxs que non están sós neste loita, que non lles deixamos de lado, a súa loita é a nosa loita.

Torturas nos Cárceres E Complicidade

Con anterioridade e paralelamente a este proceso de fortalecimiento da Campaña e de represión exercida, sucedéronse torturas no módulo de illamento da Lama, o Bunker, as cales foron denunciadas por asociacións sensibilizadas, as persoas presas e os seus familiares.
O Bunker da Lama e Teixeiro fixéronse tristemente famosos polas constantes denuncias de torturas, sobre as cales pesan grandes presións para que sexan retiradas.
Retrataremos o proceso de habitual de tortura (de forma xenérica) dentro do Bunker.





Xa sexa no Bunker ou calquera modulo, xorde un conflito, Dúas opcións, submisión ou rebelión. En caso de submisión o castigo pode non pasar de certos golpes ou humillacións. En caso de rebelión, malleira onde esteas e para illamento. Unha vez en illamento, en función do humor dos carceleros malleiras durante un, dous ou tres días seguidos.
Estas malleiras adóitanse acompañar de suxecións mecánicas, o cal significa atarche de pés e mans a unha cama metálica con argollas e deixarche aí entre 24 e 72 hrs (segundo os casos que coñecemos). Sobre a cama unha intensa luz fosforescente branca que nunca se apaga facéndoche perder completamente a noción de si é de día ou de noite. Durante este tempo, habitualmente entran e saen carcereiros nos cambios de garda para darche un repaso, porrazos nas plantas dos pés, estomago, costelas, etc?
Unha vez que finalizaron as malleiras, podrécesche un tempo en illamento.
Todo isto acompáñase de:
**Coacciones. Si tes o valor de denunciar estas agresións, inmediatamente visita do Subdirector de Seguridade quen che ameaza con trasladarche lonxe do teu fogar si persistes, illarche, quitarche todos os "dereitos e beneficios penitenciarios" (cara a cara, terceiro grado, cursos, traballo, saídas, etc.), retirarche a medicación, etc...*
Quizais pareza unha tontería o tema da medicación, pero moitas persoas encerradas sofren avanzadas enfermidades e distintos tipos de trastornos potenciados polo prolongado illamento. As drogas son unha poderosa arma que usan creando gran inestabilidade mental, así como dependencia e grandes trastornos en caso de retiración inmediata.
A varios compañeiros foilles suprimida como castigo.
**Intimidacións. Ameazas directas, agresións continuadas de baixa intensidade (empujones, esposas apertadas ao máximo en saídas ao patio, cacheos integrales, etc?), humillacións, maltrato psicolóxico, insultos.*
**Complicidade Médica, Xudicial e Institucional.*
-Os e as médicos da prisión son completamente cómplices, negando visitas a illamento, non querendo realizar nin asinar recoñecementos médicos. Só saben drogar e mirar para outro lado.
-Os Xulgados de Vixilancia Penitenciaria, na figura dos xuíces de garda, son novamente cómplices na medida que arquivan as denuncias non permitindo desta forma que ascendan a instancias superiores nin investigándoas.
-Defensor de Pobo, mellor chamalo "apagalumes", cando recibe algún tipo de denuncia limítase (en contadas ocasións) a contestar, tratando de gañar tempo mentres a situación arrefríase e a persoa presa é dispersada.
**Rexistros, cacheos e intervencións. Entran a saco revolvéndoo todo, miran todas as cartas, revistas, etc..., ata que atopan cartas e fancines dos grupos solidarios, levándose estes así como demais efectos persoais como poden ser un diario, pegatinas, debuxos, textos, etc..*
**Sancións, como vimos anteriormente impuxéronse sancións polo menos a tres persoas presas por participar na Campaña no CP A Lama.*
**Dispersión; compañeirxs foron trasladadxs a CP Puerto 3-Cádiz, CP A Moraleja-Palencia, CP Mansilla de Mulas-León, CP Villabona-Asturias, CP Estremera-Madrid, CP Monterroso-Lugo e CP Pereiro de Aguiar-Ourense.*

Solidariedade con xs compañeurxs dispersadxs e torturadxs
Stop Torturas, Stop Dispersión

Actualmente existen en proceso numerosos xuízos por torturas a nivel estatal, como por suposto relacionados coas torturas na Lama e Teixeiro. Como se comentou, todos os órganos de poder negan estas e dificultan a súa investigación,

razón pola que mediante a denuncia destas prácticas silenciadas preténdese evidenciar a súa complicidade co obxectivo de deslexitimar estas institucións e a súa suposta función social. A Comisión de Dereitos Humanos de Estrasburgo recén denunciou ao Estado Español en tres ocasións por non investigar casos de tortura.
Consideramos a dispersión como unha forma de tortura tanto para as persoas presas posto que lles xera desarraigamento social como para os seus familiares, sobre quen provoca múltiples trastornos e riscos, sendo unha practica habitual e utilizada como forma de castigo.
Na actualidade hai 539 persoas vinculadas a Galiza encerradas lonxe deste territorio. Unha destas persoas é Noelia Cotelo, veciña da Coruña encerrada en illamento de CP Albolote, Granada, quen pasou por cárceres en Valencia, Madrid, Ávila,..
Noelia encarna a dor e a rabia, a morte e a vida, entra en prisión para cumprir unha condena absurda e atópase coa brutalidad e a dominación. Xa nos primeiros días ten un conflito cun carcereiro e non sae en 5 anos de illamento, onde segue a día de hoxe. Non calou fronte ás barbaridades que viu o que lle provocou numerosos problemas desde que foi encerrada, pasando de media ao día 22 ou 23 horas encerradas soa nunha cela, e moitas veces saíndo ao patio tamén soa. Noe non é un caso illado, é a brecha aberta que nos dá paso á loita, un exemplo de valor.
Golpes, agresións sexuais, insultos, desatención médica, sanitaria e educativa, dispersión, neglixencias e complicidade xudicial cos/as torturadore/as foron continuos. As denuncias presentadas, recursos, etc... habitualmente vólvense en contra e acaban significando sancións para a persoa agredida. Os supostos órganos que se encargan de defender ás persoas presas, como os Xulgados de Garda un teatro.
Folgas de fame e chapeos levaron a Noelia ao bordo do coma hipoglucémico como forma de protesta, Noelia reivindicou e reivindica o fin da dispersión e que se cumpran os dereitos que outorgan unha suposta Constitución e un Reglamento Penitenciario.
O día 30/12/12 houbo un motín no cárcere de Brieva, niño de psicópatas con porra e uniforme, como consecuencia 6 mulleres presas foron fuertemente torturadas, entre as que se atopaba Noelia.

Joaquín Manrique, unha vida loitada, unha loita vivida.
Non podemos acabar este articulo senón doutra forma que rendendo homenaxe a Joaquín, quen sufriu toda clase de abusos da institución e os seus brazos ejecutores.
Joaquín foi unha persoa que nos inspirou a muitxs, coas súas palabras e accións rebeldes e insumisas, a súa denuncia incansable das inxustizas, as que el sufriu e as que viu sufrir.
Joaquín morreu uns meses logo de saír do cárcere, solicitou e denunciou en numerosas ocasións que debía saír por razóns humanitarias unha vez foille diagnosticado o cancro, a desatención médica e a mala vontade dos inimigos da vida fixeron a súa estancia en prisión mortal, a posibilidade de "coller a tempo" a enfermidade foille negada, denunciara demasiadas cousas non merecía tal mercé.
Agora queda un xuízo pendente por torturas no DERT de Lledoners, torturadores que pensan que se libraron porque a causa será arquivada, iso esta por ver.
Joaquín, aí onde esteas, sentímosche moi pertiño...

Na páxina web da campaña (http://www.carceligualtortura.org/) podes atopar toda a información do que está sucedendo e das últimas campañas e actividades, así como direccións de compañeirxs presxs en cárceres do Estado, romper o silencio é a base da loita anticarcelaria, sacar fóra información e difundir o que está sucedendo, apoiarlles na súa loita que é a nosa loita.

SOLIDARIEDADE COAS PERSOAS PRESAS EN LOITA
CÁRCERES SON CENTROS DE EXTERMINIO

grupos de apoio Galiza Campaña Carcere=Tortura

Galiza Norte: gzsolidaria@riseup.net
Galiza Sur: noestansolxs@gmail.com

http://www.carceligualtortura.org/

Proclama da ocupación

Na Galiza hai un total de 252.296 vivendas baleiras, das que a gran maioría son dun só propietario. Muitas delas caen polo abandono e o paso do tempo. Este panorama debe ser tido en conta na busca de vivenda ou espazos colectivos.
Se últimamente non deixamos de ouvir a palabra desafiuzamento –ben sexa porque os esbirros dos bancos a levan a termo ou porque se paralizan grazas ao apoio de grupos solidarios-, se raro era antes ver nos medios estas actuacións-agora non falla: todos os días esta pode ser unha noticia recurrente, sempre e cando non haxa outras máis sensacionalistas para plasmar e exprimir-, e se estamos fartas das queixas daquelxs que hipotecaron as súas vidas a prezos engordadísimos, por que non facer unha proclama sobre a okupación?
O número de desafiuzamentos na Galiza no primeiro semestre de 2012 fora de 3037 batallas perdidas. Despois de ver isto, en min xorde un debate sobre por que as persoas que son desafiuzadas non toman a determinación de ficar nas súas casas en condición de okupas. Por que non recuperar a túa casa ao día seguinte do desafiuzamento e así entorpecer a venta e o beneficio do banco? Por que non okupar unha casa ao banco que previamente robou a túa? Por que non resistir na túa propia casa? Resistir en base da súa tan famosa lei do direito a teito… Aínda que esta acción poida conlevar un delito penal, ata a data ninguén entrou no cárcere por okupar (de feito, a okupación só tivo consideración de delito ao longo da historia do estado español, na dictadura de Primo de Rivera e con a reforma do código penal de 1995 aprobada con os votos de PSOE e IU).
Okupar significa posicionarte ante unha necesidade que ves ou que te pasa a ti mesmx. É unha decisión na que de fondo hai una crítica à propiedade privada e aos desequilibrios que esta xera. É unha crítica ao beneficio das construtoras, inmobiliarias ou todo tipo de intermediarios que levan anos de enganos ríndose na nosa cara, entanto inflaban os prezos e enchíanse de poder e diñeiro, destruíndo o territorio e minando as nosas posibilidades de acceder a unha vivenda. É unha crítica aos bancos, aqueles que con as súas decisións producen desaloxos e desafiuzamentos con o práceme de xuízes executores e leis que os avalan. E como deixarnos fóra às forzas da orden e o seu papelón neste teatriño…?
Entre as razóns que nos poidan animar a okupar podemos diferenciar duas perspectivas:
Como individuxs, podes okupar porque non tes casa, porque no tes diñeiro xa que o pouco que tiñas fuste deixándolo en hipotecas ou alugueres, porque estás fartx de pagar presos abusivos.
Okúpase por convicción, porque é unha outra arma con que contamos no noso arsenal de dignidades, porque estamos cansxs de que nos ¬ digan como temos que vivir, porque non queremos entrar no seu xogo de vivir para traballar, para pagar a cobiza de bancos aos que te verás sometida de por vida.
Como grupos, entramos no debate sobre os centros sociais: okupados ou alugados. Na Galiza, históricamente, foron poucos os CSO fronte aos legais. Por que é isto? Por falla de tradición e por descoñecimento? Por temor às represalias? Por temor as consecuencias como pérdidas de material ou infraestructura no desaloxo? Desta e outras cuestións, comprensibles, xurdirán as razóns que nos reforcen na idea de okupar espazos colectivos.
Existen varios manuais sobre okupación. Neles atoparemos información tanto sobre os aspectos a ter na conta antes, durante e despois de tomala decisión, como de ideas concretas à hora de entrar nunha vivenda ou liberar un espazo. Baseados en experiencias e reflexións, poden axudar a resolver certas dúbidas antes de que aparezan: dende como preparar a entrada à casa, formas de conseguir luz ou auga ou de cómo mudala pechadura, ata estratexias a preparar para cando se presente a policía ou mesmo información de cara a un proceso legal.



Algúns dos manuais en descarga libre na rede:
- “Cuaderno del Okupa” (Casas Viejas, Sevilla)

https://n-1.cc/file/view/910329/cuaderno-del-okupa-casas-viejas-sevilla
- “Guia de Okupación” (Oficina de Okupación, Bilbo)
http://www.okupaziobulegoa.org/es/node/3
- “Manual de Okupación”

(Oficina de Okupación, Madrid)
http://www.okupatutambien.net/?page_id=489

FORONSE AS ÁRBORES

Plantar tódalas árbores
e escribir tódolos libros
mover con mans de vento
as follas de árbores e libros;
buscar as orixes do libro
na luz do pensamento,
e as raíces das árbores
nos desexos e entrañas
da ardente terra.

As árbores caen a diario
como follas do calendario,
como as pantasmas vanse,
desaparecen cada instante;
as montañas cada día
mostran a súa árida testa,
como cabeza que a diario
o pelo vai perdendo.

As árbores fóronse:
cos bicos do vento,
leváronllos os paxaros
escondidos nos seus niños;
e con eles fóronse
a brisa, o sereno e o rocío,
as bolboretas e as súas cores,
as sombras e as choivas.

O mundo mostra a súa árida
e abatida orografía;
as árbores fóronse,
leváronllos as orquídeas,
para que os namorados,
non escriban os seus nomes,
e os días non se mezan
na randeeira das súas ramas.

As árbores desapareceron:
coméronos as termitas,
para que o fío da machada
non lles corte nin abra a carne;
para que non o cernen
os dentes de afiadas serras;
para que ao final non sexan leña,
ou carbón que arda en anafre.

As árbores fóronse:
nos raios do sol
e hálitos da lúa;
para que non os consuman,
nin os bicos das fogueiras
ou o lume dos incendios,
para que non ardan e escorrenten
o frío polas noites de inverno;
nin as caricias sexan máis ardentes
polo lume na cheminea.

As árbores fóronse:
coas crecentes dos ríos,
tragáronllos os terremotos
e os tsunamis do mundo;
para que non os afoguen,
o asfalto, rúas e camiños,
para non ouvilos gritar ao
caer como os tronos do ceo.

As árbores fóronse:
no trineo de Santa Claus;
para que os nenos non aprendan
a cortalos para o nadal,
iluminalos, admiralos, gozalos,
ver ao seu lado o nacemento,
e sentir regresar a paz
coa Noiteboa;
para que a casa non teña
o aroma do bosque ,
para que en xaneiro,
aínda fresco e respirando,
non o tiren nin esquezan.

As árbores fóronse:
leváronllos
a calor e o frío,
as pragas e a súa fame,
o pico do paxaro carpinteiro;
e evitar que os magoen ou firan,
mans, cerrote e cravos,
non sexan unha dolorosa cruz,
nin tomen a forma de cadaleito.

autor desconhecido



Breve exposición da noción de te

I. O concepto

O monte chinés Lushan atopabase a miudo envolto en nubes e era moi difícil dilucidar a súa figura. Decía nuns seus versos Sung Dongpo, poeta da Dinastía Song:
"Un non ve o verdadeiro aspecto do monte Lushan
Porque atopase riba dél."
A expresión usouse para indicar a dificultade real que había en coñecer a esencia verdadeira das cousas, pois esta nunca se amosaba imediata e claramente ao entendimento que planexa por riba delas. A evocación poética serviranos como prevención á hora de abordar a idea de "territorio", submerxida numha brétema que non podremos disipar senón sacando dela mesma o seu desenvolvimento, para así amosar o que o "territorio" é na realidade. Caso contrario, e voltando de novo os proverbios chineses, non atraparemos máis que vento e non colleremos máis que sombras.

A empresa non será fácil pois non vivimos nunha "bela totalidade" como os antigos, onde o espazo confundíase con o Cosmos, poboado de forzas vivas en perfecta armonía, e onde os individuos e a Terra "nai" non facían dialécticamente máis que un. En épocas de crises o poder unificador desaparece da vida social e os seus elementos non interaccionan recíprocamente, polo que deixan de relacionarse, desvinculándose os uns dos outros e atuando como realidades independentes e incluso hostis. O concepto xa non se corresponde con o obxecto, e a consciencia non ten máis remedio que buscar máis alá de sí mesma: a crítica antidesenvolvista representaria hoxe esa esforzada búsqueda. O Territorio erixe-se frente aos individuos, tambén separados entre sí, como algo extraño a

erritorio e as suas implicacións



pesar de ser obra de seu. En boca dun urbanista trataríase dunha reserva de espazo en torno a unha área urbana, ou do espazo intersticial entre dos conurbacións. A noción aproximase á de "solo", superficie non construida da que hai que regular o seu uso e destino mediante unha correcta zonificación. Un político ou un promotor estarían de acordo con a idea de solo edificable, aínda que para determinar o seu uso empregarían mellor a expresión "correcta recalificación." Un experto en planexamento, ao mentar o territorio, aludiría máis ben a un espazo ou "sistema" neutro composto por nodos interconectados por "redes e fluxos". Para os estrategas do capitalismo verde o territorio é ante todo unha fonte de recursos enerxéticos e a base dun desenvolvimento sostible da economía autónoma apoiado en macro-infraestructuras, mentras que para os seus colabouradores ecoloxistas sería un complexo de ecosistemas do que a súa preservación forzaría a busca dunha fórmula xurídico-política que o fixera compatible con a súa explotación, é decir, con o dominio social da mercancía. Así pois atoparíamonos, disimulado con xerga científica ou técnica, con algo similar á idea de "medio ambiente." A definición de "territorio" ven por conseguinte contaminada polos intereses económico-políticos que se agochan tras dela, que en xeral tenden a reducilo a espazo físico, vacío xeográfico, soporte, epidermes, paisaxe, mundo exterior, e, en definitiva, ao que o sociólogo Marc Augé chamara "non-lugar" -aínda que podería tamén chamarse "panoplia" ou "decorado"-, a saber, porción de espazo sen verdadeira identidade e sen habitantes, onde toda estancia é provisional dado que no seu seno todo o mundo é transeúnte ou cliente, e amosa un comportamento codi-

ficado e controlado. Baixo ese punto de vista, o territorio sería o oposto a "cidade", oposición puramente formal, posto que a difusión salvaxe ou planificada das aglomeracións urbanas que levan impropiamente ese nome tende a fusionar ambos extremos. Actualmente, o que chaman "cidade" é tan só un "non-lugar" habitado. A fin de contas, en plena sociedade urbanizada, sen unha discontinuidade clara entre urbe e entorno, o territorio visto por un dirixente non debería ser máis que o periurbano confundíndose con o urbano nun mesmo espazio da economía, é decir, nunha gran fábrica, que como tal non se opón máis que ás masas que a ocupan. Pero iso non é o que era, senon o que chegou a ser.

En interés dunha comprensión global do termo teremos que saltar por riba de intereses continxentes que se apoian en determinacións petrificadas e ir directos á contradicción na sua mudable existencia concreta. Territorio é o espazo definido en e polo tempo, ou dito doutro xeito, é un feito social e histórico. Parafraseando a Hegel diríamos que non alberga únicamente á substancia (a natureza como totalidade abstracta) senon ao suxeito (a humanidade como axente transformador) formando unha unidade dinámica entrambos. A súa noción estivo ligada dende o comenzo á de civitas, que constituía o seu nexo, máis que á de habitat. Na Grecia clásica a polis incluía tanto a cidade como o terreno colindante. O territorium, segundo o dereito romano, era o ámbito de influencia dunha comunidade política, "unha agrupación de homes unidos polo dereito" (Cicerón). En sentido estricto, era algo así como o seu termo municipal: o ager ou campo e o saltus ou espazo agreste, que, xunto ao populus, a poboación, e a urbs, o recinto urbano, constituían a cidade propiamente dita. En sentido máis laxo, algo así como o hinterland, a súa área de influxo cultural e económico. Para espazos máis amplos obxectos de administración e goberno preferíase a palabra regio, rexión, derivada de regere, que inicialmente significaba dirixir en liña recta, dla que á súa vez derivan regra, reximento, rei, reitor, e también rexicida, rectificar, insurrección... No século VII, ao desaparecer literalmente os municipios romanos, o vocablo "territorio" somente facía referencia a unha terra traballada polo arado e delimitada por surcos (Etimoloxías, San Isidoro). En realidade, unha estructura social nova produto e causa dun movimento de roturacións, a comunidade aldeá, fundada na idea de territorio común e non na da orixen común, aparece na Alta Idade Media e consolidase ao longo de centurias sucesivas. En Francia chamarase finage ao territorio onde estableceliase a comunidade rural, que incluía a igrexa, as casas, os camiños, o campo e o bosque. Equivale máis ou menos a "termo", ou mellor a "xurisdicción", dado que levaba implícito o dereito a auto-administrarse. En Catalunya será a universitat, no País Vasco, a anteiglesia e noutras rexións ibéricas, o concejo. Ao florecer de novo as cidades europeas nos séculos XII e XIII, a palabra "territorio" recuperou o seu significado inicial de terreno construido, labrado ou baldío definido por lindes e marcos, que incluía unha cidade ou vila, "lugar que é fechado dos muros con os arrabais e os edificios que se ten con elos", sometido a súa xurisdicción (Las Siete Partidas, Alfonso X.) En Castilla, para definir o alcance formal da cidade usouse de preferencia a palabra "alfoz", derivada do árabe alfohoz; en Francia, banlieue ou districtus, e en Italia, contado; pero a expresión máis axustada da noción de territorio sería a de "comunidade de vila e tierra", fórmula repoboadora que se dera en Castilla e Aragón. O territorio non é pois un espazo a secas, senon o espazo do home, a natureza transformada pola actividade humana; cultura sgnifica en principio natureza traballada e "cultivo" ten a súa mesma raíz. É o espazo da cultura e da historia; espazo social posto que contén, reproduce e desenvolve relacións sociais. Espazo que también é natural. Reclus, en O Home e a Terra, ao se referir á harmonía con o entorno das comunidades indíxenas preguntase: "Non pode decirse que o home é a Natureza tomando conciencia de si mesma?" Marx chamou á natureza "o corpo inorgánico do home", dando a entender que o xénero humano non se concebía sen a natureza da que formaba parte e con a que mantiña un especial "metabolismo". O territorio é o cenario dese metabolismo.

Sabemos que o dominio das forzas naturais non liberou aos seres humanos, antes ben dito dominio traduciuse en diversas formas de opresión social que poideron controlarse alá onde o dinamismo histórico foi meirande, e onde o suxeito, o ser social, pudo canto menos en parte emanciparse do obxecto, a natureza: era un tipo peculiar de asentamento amurallado, a saber, o burgo ou cidade medieval, unha comunidade autogobernada, soldada por un xuramento (conjuratio), da que a súa vida non se comprendería sen os excedentes das aldeas cercanas. O seu signo distintivo era a porta, que a comunicaba con o territorio e o mundo. En cambio, é proverbial que ao campo non se lle poden poñer portas. A cidade foi o berce da libertade e a democracia, da escritura e das artes, da xusticia e do dereito, da ciencia e do pensamento racional... pero también foi o lugar onde naceron a burocracia, a tiranía, o traballo asalariado, as clases e o diñeiro. A medida que se desen-



volvían e trascendía a súa influencia, as cidades foron absorbendo poboación, enerxías e riquezas, estratificándose socialmente e concentrando poder, perturbando deste modo o seu propio equilibrio interno (a conflictividade das cidades medievais foi constante.) Na súa prepotencia, se enseñoreou do campo ao que antaño contribuira a liberar, desencadeando frecontes jacqueries. Os campesiños chegaron a segregar as súas propias institucións. Noutros lugares escaparon á señorialización pola súa conta: Plebs semper in deterius prona est ("o pobo sempre é propenso ao pior") dirá o archebispo de Maguncia en 1127 ao ser informado da negativa campesiña a pagar o diezmo. O soño igualitario estivera moi presente nos movimentos heréticos, as guerras de relixión e nos furores campesiños. O campo non carecía pois de experiencia histórica, e nen a arte nen a libertade eranlle alleias, pero o tempo campesiño transcurría a menor velocidade, favorecendo o coletivo sobre o individual, a subsistencia sobre o beneficio privado, a tradición sobre a aventura, a moral sobre a economía e a costume sobre o mercado. Era un espazo tremendamente ordenado mediante usos sancionados por unha práctica inmemorial. Entanto que a cidade podía describirse como gessellschaft, no sentido que lle deu Ferdinand Toënnies de "asociación", agregado onde predomina o interés individual, derivando dunha "vontade de arbitrio" ou instrumental a cohesión dunha orde regulado no menor detalle, o campo podería entenderse como gemeinschaf, "comunidade", onde rixe un único interés común a todos, e onde a orden, inscrita na memoria, descurre da "vontade esencial", naturalmente, por costume (Comunidade e Sociedade). En ambos casos, aínda que de xeito diferente, o interés individual coincidía con o coletivo, ou o que ven a ser o mesmo, con a razón, aínda que en un se mantiñan separados a pesar dos factores que os facían coincidir e noutro eran indistinguibles a pesar dos factores tendentes a separalos. Si, como di Spinoza, "a libertade humana é tanto maior canto máis capaz é o home de guiarse pola razón" (Tratado Político), pode concluirse que a necesidade común guiaba ao campesiño libre e o desexo común, ao cidadán. Duas formas distintas de razón, unha orgánica e a outra económica, unha baseada na comuñón e o consenso, a outra no contrato e o pacto. No campo, as regras consuetudinarias impedían a escisión entre o ámbeto público e o privado do dereito romano; o prestixio antepuñase á propiedade, as raíces ao desarraigo, a estabilidade ao movimento, e en fin, a economía doméstica ao mercado. Nada delo o puña a salvo dos poderes separados que producira a historia: por un lado a Igrexia, os señores feudais e os terratenentes, e polo outro, as cidades parasitarias e máis o Estado. A decadencia da comunidade rural foi lenta pero inexorable: a intrusión da autoridade central mediante decretos inapelables, a fiscalidade excesiva, a perda de dereitos, e sobre todo, a usurpación dos comunais por potentados e señores, determinaron o divorcio entre a poboación rústica e o territorio (entre "finage" e "village") e entre o territorio e a cidade. A fuxida dos empobrecidos campesiños foi o corolario obrigado. Un sistema punitivo cruel que colgaba aos vagabundos fuxitivos dos señoríos ingleses por tandas de cen, veu no século XVI a culminar a obra xenocida dos cercados e feches. A práctica de desembarazarse pola vía rápida daqueles desarraigados aos que se consideraba un perigo social non mermou ata que a carencia de forza de traballo obrigou á explotación como mán de obra barata da poboación reclusa. Douscentos anos despois, os proxectos fisiócratas dos ilustrados que debían resolver a cuestón agraria sen violencias e incrementar de paso as arcas estatais, resumíanse na criación dunah clase campesiña de propietarios, algo poco factible recurrindo á enfiteusis ou a leis desamortizadoras, pero perfectamente posible con o reparto de terras consecuente con a desaparición violenta da aristocracia, cousa que únicamente ocorreu en Francia. A fin do Antiguo Réximen e o trunfo político da burguesía herdeira da Ilustración no XIX non resolveron a cuestón. A privatización e a industrialización non fixeron máis que agravala, sen que o movimento obreiro, esencialmente urbano, percatarase suficintemente delo. A luita de clases non prestou atención suficinte aos asuntos agrarios. A propiedade privada capitalista arrancou definitivamente ao individuo do territorio volto forza productiva, rompendo os lazos orgánicos que lle unían con él e preparando

o terreno para o dominio da mercancía. En resumo, convirtiuno en propietario ou en proletario. Natureza, campo, poboación, cidade, territorio, deviñeron ao longo do mesmo proceso histórico de alienación entidades cosificadas, postas fora de sí, distintas, extrañas unhas ás outras.

Natureza, campo, poboación, cidade, territorio, deviñeron ao longo do mesmo proceso histórico de alienación entidades cosificadas, postas fora de sí, distintas, extrañas unhas ás outras.

II. A fragmentación

Calquera que foran as vicisitudes da etapa de acumulación ou os avatares do libre mercado, non cabe dúbida de que o capitalismo foi un fenómeno urbano e de que a súa expansión correu paralela á urbanización, evidentemente a costa do territorio. As cidades alumearon a unha clase asociada ao comercio e a industria, a burguesía, e baixo a súa dirección tivera lugar a definitiva "ruptura metabólica" entre a sociedade urbana e a primeira fonte de riqueza: a terra (a outra é o traballo.) A producción capitalista impuxose no campo aliada con os señores da terra, esquilmándolo igual que facía con os obreiros. Dende unha óptica económica, todo progreso agrícola foi un progreso contra o propio campo dado que se efectuou baixo condicións capitalistas; "a separación radical entre o productor e os medios de producción" (O Capital) responsable da figura do "xornaleiro", acarreou subsidiariamente unha separación completa e irreparable entre a cidade e o territorio, fonte de males irresolubles en tanto éste último no fose visto máis que como manantial de capitais. O progreso dos ideólogos liberais significaba expropiación dos campesiños, expolio das propiedades comunais, roturación de bosques, desecación de marismas e consolidación da clase de grandes propietarios agrícolas. A propiedade inamovible baseada nol patrimonio familiar era suplantada pola propiedade alienable baseada na explotación do traballo alleio. Fechabase o ciclo: a actividade humana enxendrara forzas que fuxindo a todo control oprimían a sociedade. O mundo histórico amosarase como un mundo deshumanizado, opresivo e opaco á razón. Espacialmente, a opresión manifestabase no desmantelamento dunha vella estructura urbana e na súa substitución por unha outra nova, muito máis agresiva. As novas oligarquías cidadáns cobizaban menos as rendas da terra que a sua poboación excedente. Ao redefinirse a cidade resultante da mal chamada "revolución industrial" en enteira oposición ao mundo rural, que da súa poboación deglutía, a mesma noción de territorio oscureceuse, reducíndose o seu alcance e relegándose o seu ámbeto ao non urbano. Asemellabase máis ao que os romanos chamaron suburbia, lugar fóra das murallas, espazo desarticulado e mal delimitado, sen orden preciso nen funcionamento regulado, onde se emprazaban as actividades sucias e ruidosas, pero susceptible de posuir un valor de cambio que o fixera atractivo. De certo, no campo tivera lugar unha "proto-industrialización" ao difundirse a partir do XVIII o traballo e a producción a domicilio, e alí instalaronse despois as primeiras fábricas, obxecto das revoltas ludditas.

O territorio ficaba a mercede de forzas principalmente urbanas que dirimían as súas diferencias en lonxas e bolsas, mási que en espazos abertos e descampados. Nas primeiras fases do capitalismo, cando o campo estaba lonxe do abandono e da destrucción actual, e cando todavía concentraba a maioría da poboación, o problema agrario era de lonxe o asunto maior dos reformadores sociais, quen produciron unha cuantiosa literatura sobre o tema. Non tanto, quedando postulado case como dogma por Marx que a clase redentora da humanidade era o proletariado, unha clase urbana, colexíase que a solución de tal problema ia darse nas cidades, cando a clase obreira se adoñase dos medios de producción e cumprira a tarefa que a burguesía non fora quen de cumprir, a saber, o desenvolvimento das forzas productivas. Pero dito desenvolvimento tería consecuencias nefastas no campo, dado que se imitaba o modelo productivista burgués provocaría unha miseria intolerable que arroxaría aos campesiños dos seus lugares para levalos ás portas das fábricas na busca de salario. Non sen certa inxenuidade, a socialista Vera Zasulich preguntaba a Marx se nunha Rusia atrasada onde aínda subsistía a comuna aldeana, o mir, cántos séculos terían que pasar para que a obra disolvente da burguesía nol campo chegara á sua fin, sinal inequívoca do comenzo da revolución socialista. Marx respondeu brevemente que o mir era "o ponto de apoio da rexeneración social en Rusia" (carta de 8-III-1881) pero estendeuse máis a fundo nunhas notas preparatorias. A aniquilación da comunidade rural a fin de criar unha minoría campesiña acomodada e unha masa proletaria non tiña por que ser unha fatalidade histórica; se "no momento da emancipación" axudabasela a "desfacerse dos seus carac-

teres primitivos" podía chegar a ser "un elemento da producción colectiva a escala nacional." Marx, inspirándose no historiador Maurer, afirma que "a vitalidade das comunidades primitivas era incomparablemente superior á das sociedades semitas, gregas, romanas, etc., e tanto máis á das sociedades capitalistas modernas", é máis, "a comunidade nova instaurada polos xermanos en todolos países conquistados deveu ao longo de toda a Idade Media o único foco de liberdade e vida popular." Naturalmente, en toda Europa conservabanse residuos desa comunidade rural en forma de dereitos de uso e explotación común de pastos, ermos, manantiais, turbeiras ou bosques, o que se chamou en Suiza e Alemania allmende e en Inglaterra commons, e habían toponímicos que lembraban o thing, a asamblea dos homes libres xermanos presidida por un xuíz ou langman, pero somente en Rusia a comunidade mantiñase viva, o que permitiría unha saida orixinal da crise capitalista, favorecendo a transformación gradual dunha "agricultura parceira e individualista en agricultura colectiva" e facilitando o "tránsito do traballo parceiro ao cooperativo." Marx suxería que para coordinar os esforzos era necesaria a criación dunha asamblea de delegados campesiños eleitos nas comunidades, pero todo dependía dunhas mudanzas radicais das que o seu axente principal era o proletariado: "para salvar a comunidade rusa fai falla unha revolución rusa."

Kropotkin foi máis longe ao reivindicar no seu Apoio Mutuo o "principio territorial" da comuna aldeana e os pactos de solidaridade entre as cidades medievais como os fundamentos históricos dunha sociedade libre. Particularmente, o municipio rural, do que aínda ficaban abondantes vestixios, foi para él "a cédula primitiva de toda vida social futura." Non tanto, non a defendía en canto a tal: "É nun territorio o bastante vasto que abarcara cidade e campo –e non nunha cidade aillada ou nunha vila só- onde haberá que lanzarse un día cara o porvir comunista" (Campos, Fábricas e Talleres.) Non obstante, o camiño para chegar ao comunismo libertario non quedaba demasiado claro na obra do príncipe rebelde, que confiaba excesivamente na mesma evolución social e vía cada vez máis asociacións libres criadas para resolver problemas que o Estado non era quen de prantexarse. O pensamento anarquista adoptou maiormente a súa idea comunista, pero non o seu optimismo darwiniano. Esa mirada de reollo ao pasado na busca de inspiración deuse noutros autores como por exemplo William Morris e Gustav Landauer. Éste último insistira tanto ou máis que Kropotkin nas comunidades precapitalistas como "embrións e cristais de vida da cultura por vir." O periodo da gemeinschaft medieval non era a Idade de Ouro á que había que volver, senón unha mina de experiencias autónomas utis para a reconstrucción da sociedade sen Estado. Non se despreciarían os medios aportados pola modernidade, aínda que se terían en conta todas as prevencións que podería despertar a idea de progreso, da que Landauer era moi crítico.

Somente en España a comunidade rural consuetudinaria foi contemprada como unha resposta imediata ao problema agrario, cuestón territorial da época, pero non polos anarquistas. Nese país subsistía unha tradición ilustrada reformista que culminou no liberalismo social do investigador erudito e político "rexeracionista" Joaquín Costa. Unha constante do pensamento social agrario era a subordinación da propiedade do solo ao interés xeral, propiciando un desenvolvimento rural que fixara as masas ao campo mediante vellas fórmulas de posesión e usufructo como a enfiteusis, o censo e o arrendamento, evitando así a súa miseria e proletarización. O Estado debía ser o motor do cambio, polo que a reforma requería a nacionalización da terra, pero o drama dos reformadores era que o poder estatal estaba en maos dunha minoría de caciques con intereses totalmente contrarios ás súas proposicións. Costa fora o único daqueles que, ao final da súa vida, tras convencerse de que inútil eran os intentos de cambiar "por arriba" o Estado liberal oligárquico e despótico, apelou a unha "revolución dende abaixo." Nun importante libro publicado en 1898, Colectivismo agrario en España, Costa, case como Kropotkin, estudaba a rica tradición de institucións campesiñas da que ficaban abundantes restos, as formas de ocupación e cooperación, os concellos, os bens propios e comunais, as presuras e escalios, os sorteos, os quiñóns, as comunidades de augas, as pesqueiras, as confrarías e irmandades, o traballo veciñal (auzolan, andecha, sestaferia)... Entre os séculos XI e XIII o municipio ibérico era unha entidade pública con xurisdicción e administración autónomas, gobernada polo concilium, a "xunta" ou asamblea de todos os veciños, que decidía sobre os intereses colectivos, particularmente no relativo ao uso de bens comunais, impartía xustiza e inclusо movilizaba forzas para casos de defensa. A organización do concello era un sistema político que emanaba do común, o pobo, ao que perverteu a oligarquización e o sistema de "reximento" ata chegar a desaparecer nas cidades durante o século XVI, pero que tivera unha prolongada vida nas vilas pequenas do rural. Partindo desa bagaxe, Costa elaborou unha estratexia colectivista que aspiraba a rachar o dominio oligárquico terratenente: derogación das leis antidesamortizadoras,

autorización aos municipios para adquirir terras ou tomalas en arrendo con o obxecto de repartilas entre os pequenos cultivadores, braceiros e incluso artesáns e obreiros industriais, reconstrucción do patrimonio do concello aínda que para elo houbera de recorrirse á expropiación forzosa, recuperación de prácticas colectivistas, revitalización do dereito de costume, etc. Costa prantexaba como problema social principal a solución da cuestón agraria, o que non resultaba tan desatinado nun país eminentemente rural, e non lle tremaba a pluma cando ao escribir que todo dependía da quebra do Estado monárquico e caciquil. Non foi máis lonxe, pero o anarquismo español, caracterizado pola adopción do principio territorial da federación de municipios independentes como chave de reorganización social libertaria, nunca esqueceu aos seus precursores e sempre recoñeceulles o seu legado: as medidas colectivizadoras da revolución española de 1936-37 nunca se poderán entender sen a impronta daquela tradición secular que algúns confundiron con o milenarismo, marcada en bermello na conciencia histórica de traballadores e xornaleiros sindicados, esa tradición histórica que tanto reivindicou Costa como base indiscutible dunha sociedade libre e emancipada.

III. A ordenación

O capital, apoiado nas innovacións tecnolóxicas, imprime á cidade un ritmo de crecemento que desborda os límites impostos pola disponibilidade de auga, enerxía e alimentos, obrigando ao desenvolvimento de infraestructuras hidráulicas, enerxéticas, de transporte e de evacuación. A moderna clase dominante non ten exclusivamente a súa orixen na industria e o comercio; en gran parte se desenvolveu en torno á actividade imobiliaria e á construcción ou explotación de infraestructuras básicas. A cidade industrial non foi un asentamento compacto dado que nada podía limitala; grazas ao emprego de maquinaria, ao consumo intenso de enerxía, a un imponente aparato burocrático e aos novos medios de transporte, non pararía de medrar e desparramarse polos arredores, configurando unha morfoloxía espacial radicalmente distinta, articulada por superiores estructuras de movilidade mecánica. A sociedade de clases é unha sociedade urbana, non unha sociedade cidadá. No umbral do século XX, a lóxica da concentración produciu unha civilización urbana sen verdadeiras cidades: nas aglomeracións centro case deshabitado concentra todo o poder en mans dunha elite industrial, financiera e construtora, envolto por áreas suburbanas cada vez máis extensas poboadas por masas asalariadas.



Algúns sociólogos falan de “cidade difusa”, “metacidade” ou post-cidade”, pero para Lewis Mumford, tratabase dunha verdadeira “anticidade”: “cidade diseminada, cidade aniquilada”, dirá en The urban prospect (1956.) É un produto da descomposición da realidade urbana, iniciada xa con a aparición do Estado moderno, un conxunto de fragmentos desnaturalizados dispersos polo entorno, sen vida pública, sen comunicación normal; un espazo quebrado onde instalase azarosamente a poboación masificada e uniformizada. Patrick Geddes, que observara o nacemento do fenómeno nas concas mineiras británicas, asinara o nome de conurbacións a ese tipo de aglomeracións aptas só para unha vida reducida ao mínimo, motorizada e confinada a maior parte do tempo en espazos fechados (A Evolución das Cidades).

A relación entre urbe e territorio dexenerou ata o inconcebible a medida que as invencións tecnolóxicas se popularizaban; o urbano invadeu e desumanizou todo o espazo social apilando a unha poboación sen autonomía en bloques patóxenos, destruíndo terras de cultivo e deteriorando ou trivializando a paisaxe: o territorio non era máis que o espazo suburbano resultante do novo modelo bárbaro de ocupación. O caos urbano chegou a tais extremos que forzou aos dirixentes da cidade industrial a prever unha certa organización da sua trama edificada, dando lugar á ciencia do espazo da economía, o urbanismo. A desfiguración e degradación do territorio que se derivaban do proceso de expansión urbana orixinaron as propostas de “planificación rexional” sistemática de Geddes, recollidas pola Asociación para a Planificación Rexional de América, fundada en 1923 por Lewis Mumford, Clarence Stein e Benton McKaye. Os



reformistas da Asociación querían estimular un modo de vida intenso, alegre e criativo baseado no equilibrio territorial, para o que propuñan unha agricultura de proximidade, unha descentralización da producción de enerxía, unha desconxestión da metrópolis e un reparto equilibrado da poboación en unidades convivenciais ben equipadas e conectadas. A planificación rexional estaba pensada para eliminar os excesos de poboación e o despilfarro xeral de enerxía, alimentos e bens de consumo, para reducir e aillar o transporte a longa distancia e para reinstalar industrias perto das fontes de materia prima. A unidade de partida non era xa a cidade "dinosaurio", senón a rexión definida do seguinte modo: "Unha rexión é unha área xeográfica que posue unha certa unidade de clima, vexetación, industria e cultura. O rexionalista tratará de planificar este espazo de modo que todos os lugares e fontes de riqueza, dende o bosque ata a cidade, dende as montañas ao mar, poida desenvolverse equilibradamente, e que a poboación esté distribuida de tal xeito que utilice as suas ventaxas naturais en troque de anulalas e destrozalas" (Mumford, "Region. To live in", Survey, 1925). Salta á vista o idealismo dos intelectuais comprometidos en poñer "diques ao diuvio metropolitano", destinado a naufragar na marea de intereses económicos e nos laberintos burocráticos da administración, máis preocupada en servilos. O tema da planificación rexional foi retomado polo Congreso Internacional de Arquitectura Moderna, CIAM, pero enfocado de forma oposta, é decir, intentando conciliar as reformas con os grandes intereses que gobernaban o mundo. Na súa Carta de Atenas (1933), definíala como totalidade que englobaba "o plan da cidade." Insistía en criticar eses "descendentes dexenerados dos arrabais" chamados suburbios, "unha especie de escuma" que batía os muros da cidade e que no transcurso das últimas décadas "convertirase en marea e despois en inundación", polo que, a fin de asegurar un novo equilibrio ou mejllr, para consolidar o desequilibrio, non podía separarse no plano a "cidade" da "rexión", é decir, do territorio. Os arquitectos funcionalistas falaban en nome dos intereses xerais do capitalismo: aceitaban que o acondicionamento ou a domesticación do territorio eran pois unha consecuencia económica dos plans de expansión urbana; sinxelamente apostaban por unha verticalización, é decir, por unha ocupación intensiva do territorio, inaugurando a arquitectura para pobres de bloques, típica da posguerra.. Non tanto, estos plans non podían contradecir as permisivas leis do solo, que favorecían descaradamente os intereses moi concretos dos propietarios de terras e os especuladores. O beneficio privado imobiliario superpuña a calqueira racionalización do crecimento urbano e os plans de "ordenación" non chegarían a confeccionarse ata pasados os anos cincuenta do século pasado, cando o automóvil e o formigón deran unha importante volta de porca na suburbialización do territorio e o desenvolvismo adoñabase da política. A conurbación exixía cada vez maiores volúmens de desprazamentos e unha meirande cota de motorización. A zonificación hixiénica tan recomendada polos arquitectos do CIAM, é decir, a separación cada vez máis distante entre os lugares de ocio, consumo, residencia e traballo con algunha que outra "zona verde" de por medio -nada que ver con o cinturón agrícola recomendado pola Asociación para a Planificación Rexional-, aliada con un transporte público deficiente, unhas condicións de vida cada vez máis sórdidas e un creto asequible, precipitou as masas no veículo privado, multiplicándose as vías de circulación, e por conseguinte, incrementándose exponencialmente a movilidade, a demanda de enerxía e o desorden. O proceso desencadenado non era de simple dispersión edificatoria –de ocupación extensiva-, senón de urbanización xeralizada, ou sexa, era unha simple fagocitación do territorio, que ao final resultaba cuberto por un tecido urbano indiferenciado.

O hábitat, definido por Le Corbusier como "máquina do vivir", non era viable económicamente de nengún outro xeito. O espazo urbanizado extensivamente deveu na súa maioría espazo da circulación de veículos. As autopistas modelarán o territorio e determinarán a súa articulación. Non tanto a prioridade do beneficio privado, a formación de "megalópolis" ou "cidades-rexión", buratos negros que absorbían todo o espazo, o patrimonio común e a vitalidade que podía atoparse, exixía dalgán xeito unha regulación dos asentamentos periurbanos e das instalacións industriais que deu en chamarse "ordenación do territorio", tal como corresponde a unha prolongación da xa coñecida ordenación urbana. A Ordenación do Territorio, da que a súa redacción dependía de inxenieiros e arquitectos, pretendía ser unha disciplina científica con a función de proporcionar un marco legal de actuación dos "axentes económicos", ou sexa, dos construtores, industriais e especuladores, ou máis ben, de legalizar dita actuación confirmando a súa arbitrariedade e os seus excesos. En realidade non era máis que o desfraz científico da promoción imobiliaria. A Ordenación perseguía ante todo a accesibilidade do territorio, a súa doada "conectividade", e polo tanto, a multiplicación de infraestruturas. O territorio se sometía ás infraestruturas en troques de adaptarse estas ao territorio. En efeito,

as infraestruras condicionarían e incluso determinarían todos os usos: paisaxe, cultivo, circulación, dormitorio, ocio, vertedeiro, cárcere, producción enerxética... E alí onde había autopistas, alí estaban os promotores. A normativa elabourada para xustificar esta "cultura da estrada" con o pretexto do "desenvolvimento rexional", as "economías de escala", a "criación de postos de traballo" e a maior recaudación impositiva, denominouse "ordenamento territorial." Era unha consagración da desorden a un nivel cualitativo superior de deterioro, pois para os dirixentes non se trataba de controlar ou protexer nada, senón de "conectar" e "dinamizar", é decir, de criar as condicións óptimas dun crecimento especulativo que proporcionase inxentes e rápidas ganancias. O "ordenamento" era a contribución dos funcionarios, técnicos urbanistas e cargos públicos á destrución do territorio, as regras políticas da sua transformación completa en capital.

Cincoenta anos despois da Carta de Atenas, con as corporacións financieiro-construtoras muito máis poderosas, a conferencia de ministros responsables da ordenación territorial celebrada o 25 de maio de 1983 precisamente en Torremolinos, lugar emblemático da destrución salvaxe da costa, precisaba obxectivos nunha Carta Europea de Ordenación do Territorio, definida como "a expresión espacial da política económica, social cultural e ecolóxica de toda a sociedade", ou resumindo, a plasmación xeográfica do desenvolvimento corporativo das multinacionais. Era un intento muito máis a serio de planificar a explotación sistemática do territorio. Daquelas, comenzabanse a notar os resultados dos cambios tecnolóxicos da posguerra debidos á carreira pola productividade. O medio urbano, desenvolvéndose liñalmente, topaba frontalmente con o territorio, bloqueando os seus procesos cíclicos. As novidades que afectaron á agricultura (principalmente o uso masivo de fertilizantes e plaguicidas) e ao transporte (os automóviles de gran cilindrada e a substitución do ferrocarril polo tráiler), xunto con o incremento exponencial da producción de enerxía e o desenvolvimento explosivo da industria petroquímica, ocasionaron males inimaxinables. A verdaidera crises estaba servida: a despoboación dol campo, a acumulación de residuos, a polución, o esgotamento de recursos enerxéticos, o burato da capa de ozono, o quentamento global, o cambeo climático... eran as súas primeiras manifestacións. O movimiento ecoloxista dexenerara en partidos "verdes" e subirase ao carro do desenvolvismo e da política. Consecuentemente á estatización do ecoloxismo, o Estado se ecoloxizara, terminando por admitir que as "profundas modificacións" ocasionadas polo capitalismo na sociedade civil demandaban "unha revisión dos principios que rexen a organización do espazo con o fin de evitar que se atopen enteramente determinados en virtude de obxectivos económicos a curto prazo" para plasmala nunha "metódica realización de plans de ocupación do chan" que sentara as bases dunha "utilización racional do territorio." O que non acadaba a disimular a fraseoloxía do "benestar", "equilibrio entre rexións", "calidade de vida" e "interación con o medio ambiente" era o paso a unha sociedade de masas, onde o territorio non era principalmente fonte de alimentos senón capital-espazo organizado para ser consumido ao porminor. E o consumo preferente proviña da industrialización do ocio pola vía da segunda residencia e o turismo. Pero o territorio tampouco era simplemente reserva de solo urbanizáble, pois na explotación dos seus recursos estabanse xestando intereses que se sumaban aos do sector imobiliario e as grandes infraestruturas. Dende entón produciranse un torrente de leis "ordenadoras" e plans territoriais, pero a forte demanda de solo, os condicionantes políticos e as crises –"a variabilidade da coiuntura económica" diría un experto- imposibilitou a súa aplicación global. Non tanto, tralo informe Brundtland das Nacións Unidas, os executivos que deciden na economía, ao se prantexar o problema da futura escasez de enerxía, tomaran consciencia do momento "verde" do capitalismo: No sucesivo, o desenvolvismo sería "sostible", ou non sería. Para mellor precisión este foi definido na Conferencia de Río de 1992 como a unión do medio ambiente con a economía globalizada adoptando a forma de "capital territorial." O territorio adquiría "unha nova dimensión" na alta política, situándose no centro do triángulo sociedade-economía-medio ambiente. Adquiría prioridade a súa



“vertebración” en tanto que “periferia” dunha serie de núcleos centrais con os que cabía conectarse mediante novas infraestruturas a proxectar. Con ese tipo de descentralización “maximizariase” a súa competitividade –aumentaría ao máximo o seu “valor” como “activo”- e reforzariase a “cohesión económica e social”, corrixíndose os graves desequilibrios que ocasionaban o desigual potencial económico con respecto ás áreas metropolitanas, esos “laboratorios da economía mundial” e “motores do progreso.” No estado español a ordenación territorial sería competencia do nivel burocrático intermedio, o das comunidades autonómicas, o que tivo como consecuencia uns plans exaxeradamente desenvolvistas, das que súa sostenibilidade era “velada” polos comités compostos por executivos financieiros, empresariais e políticos responsables das áreas implicadas. Os dirixentes europeos, que concretaron os seus obxectivos nun documento de 1999 titulado Estratexia Territorial Europea, querían a integración incluso das partes más recónditas do territorio na economía mundial, revalorizándoas grazas ao acceso a “redes transeuropeas” de transporte, telecomunicacións e enerxía, é decir, a través da constitución dun mercado europeo integrado da construción, da distribución, do turismo de masas e do gas e a electricidade. Os fondos para a reestructuración, os plans de desenvolvimento, a lexislación medioambiental, o productivismo e a informatización total, esos son os compoñentes do “novo modelo de desenvolvimento policéntrico.” Mediante mecanismos de teleparticipación e concertación público-privada poñerase en marcha unha “nova cultura do territorio” que disimule no posible a contradición insuperable entre os procesos naturais que ordenan verdadeiramente o territorio e os procesos industriais que estructuran a sociedade globalizada. Ou dito doutro xeito: tratarase de apagar o incendio con unha nova clase de leña.

IV. A defensa

Na actual etapa de crecemento capitalista, a do desenvolvismo mundializado, o territorio converteuse non só no soporte das infraestructuras e o alicerce maior da urbanización, senón, de modo xeral, no principal recurso explotable e o impulsor imprescindible da actividade económica. Nunha economía terciarizada, sen apenas actividade agrícola, descóbrese que o capital-territorio disputa ao capital-urbe a preponderancia como forma dominante de capital. A acumulación de capitais hase deslocalizado e o territorio é agora o elemento primario dunha fábrica difusa e á vez o punto final do proceso de industrialización da vida. Paralelamente, o territorio en tanto que capital ha de ser controlado e securizado en función da súa importancia estratéxica adquirida. Pero precisamente por culpa das súas novas funcións, o territorio pasou a ser para o sistema capitalista a contradición que contén todas as demais: por unha banda, a súa destrución en tanto que recurso finito impedirá unha explotación que pretende ser infinita, ameazando así os fundamentos da economía; e polo outro, a súa destrución en tanto que artificialización completa do espazo social onde se acumulan os efectos nocivos dun desenvolvismo ponzoñoso, comportará a supervivencia da especie humana en condicións tan abominables que difícilmente esta poderá soportar. A crise enerxética é un exemplo do primeiro; as revoltas espontáneas dos suburbios metropolitanos do mundo, un exemplo do segundo. E ademais, a destrución do territorio non é solapable no contexto actual: dado que a forza produtiva preponderante, a tecnoloxía, é eminentemente forza destrutiva, a catástrofe é o resultado e tamén o requisito previo do funcionamento capitalista contemporáneo. Ao que conducen as catástrofes é a un maior control, solución técnica onde as haxa, así que a destrución do territorio non se detén ante as súas consecuencias, senón que impón unha monitorización, iso que os “verdes” chaman “seguimento”, os expertos policiais “contención” e os dirixentes, simplemente “salvagarda da orde”. Os controis perseguen tanto a adaptación das poboacións á devastación como o encarrilamiento e a disolución da protesta. Para unha cousa recorrerán á lexislación medioambiental e aos medios, dando xogo as plataformas cidadás, ao ecoloxismo político e ao voluntariado. Para a outra, botarán man directamente da tec-



novixilancia e das forzas da orde. Eses son os dous polos cuxa tarefa non é outra que neutralizar o combate anticapitalista por excelencia: a defensa do territorio. A dialéctica capitalista da destrución e reconstrución duplícase en dialéctica da represión e integración.

O territorio, ao converterse en parte principal dunha fábrica dispersa, devén o lugar onde os antagonismos sociais poden despregarse en toda a súa magnitude, e, polo tanto, a cuestión social pode presentarse como cuestión territorial. A defensa do territorio xorde no campo como protección do hábitat rural e do modo de vida que este facía posible, e xorde na conurbación como resposta á degradación insoportable da vida urbana. En ambos casos é unha defensa da identidade perdida, esa da que nos falaba Catón o Censor ao escribir en De Agricultura: "cando os nosos antepasados querían encomiar a un bo cidadán chamábanlle bo agricultor, bo granxeiro". No campo concrétase nunha resistencia ás infraestructuras e á industrialización da actividade agraria, resistencia que pretende restaurar a democracia vecinal; na aglomeración urbana é unha loita pola descolonización da vida cotiá que desemboca ben nun combate polo retorno da vida pública, ou ben na deserción da urbe. No primeiro caso apelase ao apoio das masas urbanas; no segundo, invítase desde a praza pública á ocupación de terras e á creación de hortas colectivas. A defensa do territorio é pois unha loita pola cidade, e viceversa, a loita pola cidade é unha defensa do territorio. Houbo un tempo en que a poboación urbana tiña un forte compoñente agrario, representado nos seus órganos rectores. Cidade e territorio nunca foron e non son realidades distintas e enfrontadas, son interdependientes; nin son concebibles a unha sen a outra, nin se poden transformar por separado. Nin a liberdade cidadá existirá nun territorio soxuzgado, nin a soberanía municipal poderá darse ao redor dunha megalópolis. Para que se dea unha verdadeira simbioses, as dúas esixen o desmantelamento das conurbacións e a dispersión do poder, pero non a abolición da cidade; a recuperación para o cultivo do espazo urbanizado e o fin da dependencia unilateral, non é o fin do proxecto colectivo de convivencia cidadá: a desindustrialización segue os pasos da ruralización, non os da barbarie anticivilizadora. Desurbanizar o campo e ruralizar a urbe, volver ao campo e retornar á cidade, tales son as liñas converxentes dunha futura revolución. O dereito ao territorio que ha de deducirse dun uso racional do espazo, é tamén dereito á cidade.

Si proclamamos que a defensa do territorio é a nova loita de clases, ou que, repitámoslo, a cuestión social é ante todo unha cuestión territorial, iso non é debido a que os obxectivos dunha clase oprimida desprazáronse das fábricas á agricultura, á recolección ou á caza. Nunha sociedade onde a explotación é fundamentalmente técnica, os oprimidos non forman unha clase, posto que non son senón prótesis da máquina, masas feitas a imaxe do mundo urbano no que sobreviven. Non lles define a recepción dun salario a cambio dun traballo, senón o ser pezas dunha engrenaxe que lles obriga a consumir e endebedarse nun espazo enclaustrado e condicionado, o da economía de mercado. Defínelles pois un modo de vida particular imposto, onde carecen de decisión por completo. Devandito espazo é urbano pero sen vida urbana, ideal para os neuróticos, os parásitos, os anormais e os sociópatas. É o espazo de masas sen voz e sen conciencia, infelices, administradas mecánica e autoritariamente por profesionais do adestramento. A degradación da convivencia e a agresividade que o caracterizan son ambas produto dos factores mórbidos que provoca o amontoamento, o ritmo da máquina, a tensión consumista, a incomunicación e a soidade. Patrick Geddes chamou á metrópolis dexenerada patópolis, cidade das enfermidades, e efectivamente, a vida urbana está minada por condicións patolóxicas crecentes. A violencia das revoltas urbanas reflicte a enorme violencia que soportan cotidianamente os desmoralizados habitantes das conurbacións. Non é unha violencia de clase, é unha violencia de desclasados. A insurrección latente das masas non é máis que a expresión violentamente lóxica da patoloxía da vida privatizada, mediocre, apática e escrava. A miseria da vida cotiá, acentuada polas crises, é o denominador común de todos os disturbios urbanos, desde os das cidades americanas durante os anos cincuenta ata os máis recentes de Estocolmo, Ankara ou Sao Paulo, e é o sustrato de todas as revoltas. A través deles anúnciase o novo proletariado. Tampouco busquemos nas cuestións laborais a base onde recompoñer o suxeito da historia, a unificación do obxecto (a realidade obxectiva) co suxeito (o axente da Razón), porque esta subxace na protesta contra a expropiación total da vida. É unha protesta que contén implícitamente o rexeitamento dun espazo reíficado e masificado onde reinan a desmemoria, a ausencia de vínculos e a submisión; en resumo, o rexeitamento do hábitat metropolitano. Por conseguinte, a crítica da vida cotiá en actos é portadora dunha crítica do espazo: da crítica do urba-



nismo concentracionario dos dirixentes chegamos á da domesticación do territorio adquirindo polo camiño unha conciencia social do espazo ou, dito doutro xeito, unha conciencia territorial. A defensa do territorio, asemblearia por natureza, é o momento de devandita conciencia. En certo xeito poderíase dicir que si ao penetrar en todas as físgoas da vida a opresión espacializarase, a loita contra ela, tamén. No fragor da batalla, a clase da conciencia, o novo proletariado, constitúese creando e defendendo o seu espazo, que é o seu mundo, o seu obxecto. O seu hábitat é a fábrica difusa que ha de desindustrializar e desurbanizar para poder xerila libremente, e a súa ferramenta orgánica, a comunidade territorial representada pola xunta de veciños.

Si a ordenación do territorio era a última fase da ordenación da vida, ou sexa, o caos planificado, a primeira tarefa da súa defensa será “desordenarlo”, é dicir, desmasificarlo, desprivatizarlo e conducilo cara á anarquía, que, de acordo con Reclus, “é a máis alta expresión da orde”. A defensa do territorio ha de bregar con grandes contradicións. A primeira delas reside no feito de que o suxeito que ha de levala a cabo está maioritariamente concentrado nas conurbacións, o chan natal da inconsciencia e o esquecemento, polo que é máis probable que os procesos de despoboamento e de repoboación sigan ritmos diferentes e vaian descoordinados. O urbanismo e a ordenación territorial, co fin de volver imposible a apropiación liberadora dos lugares e o abandono das zonas de apelotonamento, levantaron grandes obstáculos ao reequilibrio poblacional. A este escollo se superpón outro: a loita desde a conurbación é principalmente destrutiva, pois pouco se pode construír de autónomo e verdadeiro nos espazos estériles da escravitude asalariada e consumista, e en cambio, no campo o aspecto constructivo goza de máis oportunidades, pois a cultura campesiña rebrota con facilidade en terreos segregados do mercado, todo o cal, cunha conciencia social ausente, favorece o desenvolvemento de ideoloxías mesiánicas e nihilistas na parte urbanizada, e o de ideoloxías cidadanistas e ruralistas na suburbanizada, formas da falsa conciencia que escurecen a mente e volven aos individuos estraños á vida libre. Así, nas áreas metropolitanas, a problemática laboral será enxalzada como máxima expresión da “loita de clases”, mentres que o enfrontamento coas forzas da orde adoita ser elevado aos altares da radicalidade e a violencia, convertida nun valor absoluto en tanto que “poesía da revolta”. Doutra banda, nas zonas post rurais, o proteccionismo legalista, o recurso aos partidos e á administración, o compromiso ambiental dos empresarios e a economía seudo-altruísta chegarán a considerarse panaceas do decrecimento e da ruralidade ben entendida. En todas partes ha de construírse unha comunidade de loita para tirar cara a adiante, pero igual que non hai que desdeñar as hortas urbanas, os talleres cooperativos ou os métodos asemblearios en nome da autodefensa das movilizacións, tampouco hai que deixar de lado nin a ocupación de terras abandonadas ou expropiadas, nin a sabotaxe dos cultivos transxénicos, da maquinaria para infraestructuras ou do turismo. O restablecimiento dos concellos abertos, a creación dunha moeda “social”, os circuítos curtos de produción e consumo, ou a recuperación dos terreos comunais non poden ser motivos de autocomplacencia e pretextos para a inactividade ou o cidadanismo. Non son trazos identitarios do gueto rural bonrollista, senón distintos aspectos dunha mesma loita, a loita por un territorio emancipado cuxa atmosfera fará libres a quen a respiren. Son elementos de importancia maior de cuxa correcta combinación dependerá unha estratexia eficaz que conduza as forzas da conciencia histórica á vitoria. A súa elaboración é tarefa da crítica antidesenvolvista, que, a diferenza doutro tipo de críticas, non se perde en xeralizacións teóricas abstractas nin se instala na pura negatividade ou positividade activista, posto que, de forma moi concreta, sabe o que quere. Por iso non intenta coller a lúa no reflexo da auga. Coñece exactamente o lugar onde ir buscar as cousas.

Así, nas áreas metropolitanas, a problemática laboral será enxalzada como máxima expresión da “loita de clases”, mentres que o enfrontamento coas forzas da orde adoita ser elevado aos altares da radicalidade e a violencia, convertida nun valor absoluto en tanto que “poesía da revolta”.

Miquel Amorós

AMANCIO ORTEGA UM EJEMPLO A SEGUIR POR TODAS?

"*El ilustre senhor Don Vicedo Sánchez-Valle ha hecho una donación para la Cruz Roja de 20000 litros de sangre a consecuencia de lo cual mueren varios de sus criados*"
(Coll en "Tip y Coll leen la prensa").

É de caixom: Quando coincide que estou num bar e a televisom pom-se a falar de Amancio Ortega e as suas "fazanhas financieiras", saem vozes intermitentes de "aprovaçom" entre tertulianos siareiros: "saiu da nada e ai está", "começou de recadeiro" ou outras deste tipo que fam referência o seu humilde berçe, e digo siareiros porque, seguindo o tom entusiasta das notícias televisivas, Amancio é um ejemplo de como da nada pode-se chegar a ser um "top ten", o "sonho americano" feito realidade em Arteixo.

Amancio é campichano: moi amigo dos seus vizinhos de sempre, familiar: acudiu o primeiro ao enterro da sua ex-mulher, caritativo: donou 20 milhons a Cáritas, e nada amigo de intervius nem postureos para a prensa; estes e outros qualificativos soem salpicar as páginas de diários e revistas quando falam do "alma mater" do império Inditex.

Umha lenda impóluta é transmitida polos meios aos que tenhem doado acesso a maioria da povoaçom, que é totalmente alheia, ou opta por fazer ouvidos surdos aos ilhotes de denúncias nos meios alternativos das prácticas escravistas de Don Amancio que se produzem a cotio no entorno laboral das milheiras de pessoas atrapadas nas suas fábricas e nos seus talheres (muitos clandestinos) ou mesmo nos próprios fogares e que figerom e fam possível esse império.

No entanto, em lugares como Arteixo e arrabaldes de A Coruña, há muita gente que sabe dessas prácticas, pero cala por medo, de tal jeito que ouvir falar nissos termos de Amancio Ortega é case un tabú. Os tentáculos do conglomerado das suas empresas chegam a case todos os âmbetos da sociedade herculina. Quem nom trabalha para Amancio, conhece a alguém que si o fai, direita ou indireitamente. O medo a que Inditex "deixe de dar trabalho á gente" atenaza a vida de muitas pessoas sequestradas polo temor a perder as suas fontes de ingressos, assim se entende que "cada Navidade, muitos encarregados levem agasalhos aos jefes de Arteixo, para que lhes deam bo trabalho", tal como declarou um ex-responsável dum talher.

Esse jurdimento da nada do império Inditex, contava já, a finais dos 90, com o control exclusivo de mais de 30 talheres na área metropolitana corunhesa. O negócio era singelo: alguém mercava umhas máquinas, alugava um baixo comercial, montava umha sociedade limitada e contratava vinte pessoas, normalmente mulheres de mediana idade. Sem rastro de medidas de seguridade nem, em muitas ocasions, direitos laborais. Locais sem ventás nem calefacçom algumha. Nalguns casos os talheres estavam (e seguem a estar) em garages, sotos ou nas próprias moradias das costureiras. Qualquer lugar era ajeitado para atender á demanda de produçom dessa multinacional que estava nascendo.

Algumhas vozes fam-se ouvir em meios alternativos que criticam estas prácticas, alguns atrevem-se a dar o seu nome real porque a sua relaçom com Amancio acabou com os seus sonhos de emprendimento, assim Víctor, um corunhês de mediana idade, tivera um talher no que trabalhara para Ortega, mas há já mais de seis anos que tivera que deixa-lo. "Nom podia mais!". "Os talheres, recorda Víctor, nom tenhem nengum tipo de acordo nem contrato com a empresa. Eles vam mandado o trabalho sobre pedido e tú o fas". "Em ocasions, os horários eram de 8 da manhã a 8 da tarde, com meia hora para comer e sem cobrar horas extras, por suposto. Se vinha mais cárrega de trabalho tinhas que aproveita-la". "Pero se um dia decidem que nom lhes serves, baixam a tua cárrega de trabalho e tès que fechar". "Tenhem-no moi fácil. Castigam a alguém e obrigam-lhe a pechar. Mentras tanto, Inditex tem zero riscos, levam-se a produçom fora tranqüilamente e



sem pagar nada a nadie. É um modelo fantástico para fazer dinheiro", sentência.Víctor. Esse "modelo fantástico" nom dista muito das practicadas pola "Cosa Nostra" nos seus inícios, se bem com outras "armas", pois, pese a inexistência de contratos com Inditex, a empresa exige exclusividade aos talheres que proporciona trabalho a câmbio dum dinheiro pactado, geralmente por baixo do preço de mercado. Umha outra fonte conhecedora destas prácticas e que prefire manter o seu anonimato, confirma que "umha prenda que se faga para qualquer outra empresa paga-se, tranqüilamente, um 50% mais que o que paga Inditex". Ai, na exclusividade obrigatória, nasce a exploraçom base do Império.

"Para Inditex é moi cómodo. Trabalham sem stock e segundo pedido, ademais de com prisas e exigências. Vivemos em tensom. Se nom cumprimos, baixam-nos a cárrega de trabalho e temos que fechar", assegura outra mulher que nom se atreve a dar o seu nome. Este "Modelo Inditex" de finais dos 90 na metropoli corunhesa foi o que se impuso em todo o mundo, se bem as condiçons se adaptarom á misséria dos povos donde se forom : "encravando" os talheres e as próprias maneiras do capitalismo "colonial". O impêrio foi medrando a medida que medravam também as condiçons de escravitude laboral, até chegar a situaçom em que muitas trabalhadoras som meninhas e meninhos de paises empobrecidos, exploradas, escravizadas, em talheres clandestinos sem condiçons higiénicas algumha. Assim o Impêrio e a riqueça de Amancio Ortega vam medrando entanto as condiçons laborais das suas exploradas seguem menguando.

O silêncio nos meios espahois de massas ao respeito destas prácticas guarda similitudes com a "Omertá", a lei do silêncio da "Cosa Nostra". Em 27 de janeiro deste ano 2013 um incêndio numha fábrica clandestina de Bangladesh provocou a morte a sete operários. Entre as cinzas aparecerom restos de etiquetas de marcas de Inditex (Bershka e Lefties). A primeiros do ano passado, o informe "A moda espanhola em Tánger: trabalho e supervivência das operárias da confeçom" denunciava que as trabalhadoras de talheres que produciam para Inditex acumulavam até 65 horas á semana ante umha máquina de coser. Algumhas nom cobravam nem sequer o salário mínimo marroquino: 178,72 euros mensuais. Nada disto saiu reflectido nos mass medias espanhois, Amancio Ortega só ve-se reflectido dum outro jeito nesses meios corporativistas aos que Inditex deixa muitíssimo dinheiro em publicidade. Mais a "Omerta" dos meios espanhois também ve-se reflectida nas suas reacçons ante quem ousa denigrar ao "capo"; um exemplo revelador disto sucedeu em março deste ano quando jornalistas da televissom pública France 2 interrogarom numha roda de imprensa ao director da companhia Inditex, Pablo Isla, sobre as acusaçons de exploraçom infantil. As preguntas indignarom ao presidente, mas nom só. Ao dia seguinte o titular mais repetido pola prensa espanhola foi: "A televissom pública francesa intenta boicotear os resultados de Inditex".

Assim é como fijo e segue a fazer a sua imensa fortuna Amancio Ortega, e as televissons e jornais de gram tirada seguirám dando conta das suas gestas altruistas, das suas doaçons de 200 milhons a Cáritas (houvo quem calculou que se correspondia a um 0'05% da sua fortuna) e do bó católico que é.

Sentando Jesus fronte do gazofilácio, observava como o povo botava ali o dinheiro. Muitos ricos deixavam grandes quantias; mas, vindo umha pobre viúva deixar duas pequenas moedas, Jesus chamou seus discípulos e disse-lhes: "Em verdade vos digo que esta pobre viúva deixou mais no gazofilácio que todos os ofertantes, porque estes deram do que lhes sobrava; ela, porém, da sua pobreza deu tudo o que possuia, tudo o que tinha para o seu sustento."



Estou farto de chachacha

sobre a v

duas diferentes reflexións sobre o seu uso

"Ás veces non hai máis tributo ao xúbilo que devolver golpe a golpe e con saña aquilo que te fixeron"

Levo tempo querendo compartir unha reflexión que quizais poida contribuir a un dos debates que máis estiveron no candeleiro público últimamente e que é posible que reciba maior condea social na actualidade con respeito a outros tempos vellos... a violencia.Comentarios como "coa violencia non se chega a ningunha parte", "cualquer acto de violencia é condeable e polo tanto debe recibir un castigo" ou "a violencia non serve para nada, só enxendra violencia", por non mencionar outras moitas sentencias máis severas sobre esta reacción, demostran que polas emocións que non se controlan -nunha sociedade na que a dictadura da opinión pública domina sobre a individual- hai que pagar un prezo.

Só hai que fixarse como dende que nacemos somos educadas para manifestarnos dentro dunhas incuestionables lindes de conducta, de certos protocolosguía que nos din como hai que comportarse e, sobre todo, que se pode expresar e que millor guardalo pra dentro. Aprendemos a agochar un sinfín de sensacións e reaccións naturais que sustituimos por outro tipo de comportamentos adscritos á norma social; e de non facelo, de non poder evitalo, polo xeral sentimos vergoña.

A ira, por exemplo, sempre vai ir asociada ao terreo da tolemia. Incluso unha fresca e bruta risotada de ledicia podería suscitar o mesmo pensamento; o ideal, segundo os imperantes patróns de conducta, sería expresar esa ledicia cun sorriso tímido, case sen ensinar os dentes, ou cuanto menos sen abrir demasiado a boca. "¡Esa tia está tola!" diría máis dun ao vela reaccionar así...

O furor, a irritación, os arroutes, a excitación, rabietas, delirios, pasión, choros... ¡máis te vale disimular! Mentres os seus contrarios -humildade, comedimento, mesura, prudencia, etc.- sempre van estar ben vistos. É obvio que vivimos nun entorno no que os valores da sumisión se convirten en auténticas virtudes.

Algunha vez escoitei nunha desas pelis iankis malas a frase "a ira é máis últil que a desesperación"; nunca se sabe onde vas atopar opinións tan interesantes...

De certo que a palabra "desesperación" manifesta mui ben, dende o meu punto de vista, o concepto do que estou a falar ate eiquí; a máxima expresión desta completa e absoluta anulación de reacción. Do latín desperatio, significa carente de esperanza. Se xa intrínsicamente a esperanza é un sentimento pasivo e estático, de asunción de que algo pode ir millor sen ter que buscalo, sen logralo; a desesperación ainda supón un agravante máis en cuanto a inmutabilidade se refire; a morte en vida, os camiñantes mortos –zombis- que deambulan sen esperar nada, sen desexar, sen os impulsos propios de cualquer ser activo e pasional. Dende logo que non podo disimular a miña animadversión cara a esperanza. Mas isto pode ser outro debate...

Se ante os constantes abusos cotidianos, a represión, as necesidades usurpadas, ainda por riba se nos aniquilan as reaccións lóxicas de ira e raiba ante este tipo de atropellos e humillacións diarias, os sentimentos e nós mesmas acabamos por convertirnos en auténticos aliados deste rebaño de zombis desesperados. Por iso aproveito para lanzar un pequeno dardo contra aqueles xustificadores dun único tipo de violencia, a que se desenvolve en forma defensiva dentro da "loita", mentres reprochan e muitas veces condean cualquer outro tipo de práctica violenta sen tan siquer preocuparse por entender a orixe que levou a certa práctica, como se só a súa fora a válida... Sínto-o, mas eu aquí do que estou a falar, e sen entrar nas diferentes acepcións do termo (1), é da violencia que "se xera sempre no seo dun conflicto"(2).

Un exemplo ben claro de violencia social denostada polo xeral por estes "revolucionarios" é o coñecido hooliganismo. Asociado a un fenómeno futbolístico violento, é curioso que o termo, segundo a posible orixe, non tivera nada que ver co fútbol, senon máis ben coa aparición, a finais do s. XIX, de certos arquetipos sociais propios dunha época como foran os vagos, borrachos e maleantes na cidade de Londres. De feito, o nome débese a Edward Hooligan, un home coñecido pola sua antipatía cara o traballo e por desafogar, despois dunha semana dura de explotación, a base de alcohol e liortas durante as tardes do sábado. E coincidía xustamente coa época en que o fútbol comezaba a ser unha atracción absorvente de masas.

Con isto non pretendo, nin moito menos, facer 'dun borrachuzas que anda ás hostias o fin de semana' toda unha filosofía e modelo de vida a seguir, pero sí aproveito para lanzar, neste caso un guiño, a aqueles que ainda reaccionan, que desobedecen, que rouban no súper, que deixan de pagar os recibos, que escapan –cada cual á sua maneira- dos traballos forzados, que non acatan, que non se conforman...

violencia

A violencia é de cobardes, dirán muitos... Pois eu digo, un guiño a estes valentes que muitas veces se xogan o talego.

Saes á rúa e ves aos polis armados; quen non viu tamén algunha vez aos antidisturbios actuando violentamente contra manifestantes (non fai tanto, dentro do contexto das loitas mineiras, cargaron indiscriminadamente contra familias nas concas asturleonesas, como ven se viu nos mass-media); o exército, paradigma da violencia extrema, é responsable de milleiros de mortos en todo o planeta; a constante ameaza de castigo, de cárcere a todos aqueles os que



non acaten as leis de estado... esta é a violencia que non defendo, aquela que emprega o estado para resolver todo tipo de conflictos.

A ver cando nos enteramos que sempre estivemos en conflicto e seguimos a estar en conflicto co estado. Con máis motivo que nunca non vou seguir desesperada ante a violencia que se me impón día a día.

Ti sigue bailando o chachachá, se queres; eu preciso de vivir!!!

(1) A violencia é un termo moi amplo que pode conter e responder a factores biolóxicos, psicolóxicos, psicosociais, simbólico-culturais, políticos, históricos, etc. Violencia explícita ou implícita; violencia sexual; armada ou civil; institucionalizada...

(2) Unha das acepcións máis xenéricas que pùiden atopar do termo é extraído de Violencia, sociedad y política: la definición de la violencia de Julio Aróstegui.

Condenamos as vosas condenas a violencia

¿De verdade pódese ser tan memo como pra non darse de conta que é totalmente absurda a condena, así sen máis, de toda a violencia? ¿É que acaso non vemos que a violencia está aí, nos guste ou non, e forma parte inseparable da vida? ¿Non nos decatamos de que non é senon mediante a violencia que os animais, incluíndonos a nós mesmos e ós nosos devanceiros homínidos, proveéronse de comida, abrigo e seguridade?
Aínda sen entrar na farragosa problemática do que é e non é a violencia, posto que atendendo a unha definición estricta en base ás leis da física atopamos que o acto de golpear un cravo cun martelo é un feito claramente violento, a condena xeral da mesma é unha posición tan pueril e absurda coma perigosamente borreguil e sumisa. A propia democracia, que tanto enche as bocas dos modernos revolucionarios de pantuflas e albornoz, non descansa na eliminación da violencia, absurdo sen sentido, senón no monopolio da mesma por parte do estado. Pericles, Jefferson, Rousseau ou calquera outro pai fundador do actual sistema político tiñan isto ben claro, e xamáis ousaron cuestionar o feito indiscutible de que a democracia precisa utilizar a violencia e a coerción como ferramentas imprescindibles e consustanciais á súa existencia. Outra cousa é a lexitimidade que eles puideran otorgarlle ó estado pra sustentar tan violento monopolio.
O que aquí realmente está a suceder é que un fato de políticos sen escrúpulos e os seus lacaios dos medios de manipulación de masas conseguíron convencer ó gran público de que a violencia exercida dende o estado non é violencia, e só se pode considerar de tal xeito á que se exerce desde fora do sistema de dominación. Deste modo o garda xurado que defende o producto do expolio capitalista, aínda armado con garrote e pistola, non é un adalid da violencia, pero sí que o sería aquel que pretendese sustraer aquelo que o primeiro custodia.
A tal punto chegou a retorcida pirueta dialéctica dos filósofos da non violencia que xa non só é violencia a agresión contra as persoas, senón que calquera perda material ou económica que os poderosos poidan sufrir é considerada como tal; acadando o sen sentido de que a palabra se emprega coma sinónimo de ilegalidade.



(ven da paxina anterior) Por suposto o soldo de miseria que percebe un asalariado do seu adiñeirado patrón non se considera violencia; nin a morte dun subsahariano no estreito, tratando de sortear as barreiras que interpoñemos entre a súa miseria e a nosa abundancia; nin o feito de que un home pobre pase a súa vida privado de liberdade por tentar abastecerse sen permiso do que a outros lles sobraba. Esas cousas non son violencia, non, pero sí que o é o feito de escachar a cristaleira dun deses bancos que sumiu o mundo nunha xigantesca crise, ou respostar de forma activa e natural (pois os animais se revolven ante a agresión) ás cargas dos corpos represivos, monicreques ás ordes deses políticos corruptos que tanta indignación nos producen pero que son os únicos ós que lles atribuímos o dereito de monopolizar a forza e o poder.

Desenganémonos, non se pode ser demócrata e condenar a violencia, pois a democracia descansa sobre un colchón de policías, xuíces e militares lexitimados pra administrala en beneficio do status quo; do mesmo xeito que calquer sistema de goberno, ou de desgoberno, vaise ver na necesidade de empregar a forza dun modo ou outro, goste ou non ós pacifistas de turno.

As condenas a "todo tipo de violencia", así coma a perversa confusión da "ilegalidade" coa mesma, non son só un feito ridículo e un concepto demagóxico e torticeiro, senón que son unha infiltración intencionada, promovida dende o estado, nos valores da disidencia.

¿Por qué senón os políticos, así coma os esbirros dos medios de desinformación, non cansan de repetir que está moi ben a protesta pacífica pero que a violencia non se pode consentir? ¿Por qué o destinatario da protesta empéñase en dicir cal debe ser o modo axeitado de protestar? Pois, obviamente, porque ó estado lle interesa que esa protesta discurra de modo inocuo pra os seus intereses; porque tenta evitar a toda costa que o descontento se convirta nunha revolta que dane os seus negocios e cuestione o seu liderazgo. Mentres a indignación transcurra polos cauces establecidos os gobernantes manterán o control da situación, non perigarán os seus intereses económicos e, por riba de todo, manterán a súa autoridade e sensación de lexitimidade. Cos seus histéricos chamando á calma só tratan de evitar que a protesta cumpra co seu obxectivo, pois cando aquel contra quen protestas explícache coma tes que facelo, xa sabes cal é o mellor modo de non conseguir nada.

Non pretendo tampouco facer dende aquí unha crítica absoluta da "non violencia", nin moito menos, a non violencia como táctica pode ofrecer moi bos resultados nun momento concreto da loita social. O que pretendo criticar é a "non violencia" como posicionamento moral e filosófico, esa "non violencia" excluínte e cuasi relixiosa, negadora de calquer outro método de loita, coa que o poder pretende desactivar o movemento crítico. Pretendo criticar a estreiteza de miras dos que piden o aplauso do policía (no exercicio da súa violenta función) e a delación dos encapuchados que fan unha pintada, feito este (o do chivateo) moito máis violento ca un millón de escaparates reventados.

A aceptación do monopolio estatal da violencia é a negación da capacidade do pobo á autodefensa contra a mesma, así como a negación ó lexítimo dereito á destrucción dos símbolos e ferramentas da nosa opresión. Iso otórgalle ó poder o recoñecemento pola nosa banda da súa superioridade moral para dirixirnos e a autoridade pra reprimirnos. Se nós aceptamos as regras do xogo, coma sempre gañará a banca.

Se o poder consegue dividir a disidencia entre "pacíficos" e "violentos", facendo que os primeiros censuren ós segundos e convertindo a uns en voluntarios policías dos outros, a loita perderase antes de comezar. Non é de recibo que un movemento de protesta poña por riba a crítica a outros métodos de loita antes que a crítica ó poder, que a maioría dos disidentes lle den máis lexitimidade á violencia dos corpos represivos que a resposta dos seus compañeiros contra a mesma, pois iso é que o sistema conseguiu vacinar a protesta contra a súa propia capacidade de muda-las cousas. Pra iso casi é mellor non protestar.

Que cada quen proteste como queira, pero que se coide moito de decirlle ó resto como debe protestar, pois se non se lle estará a facer o xogo sucio ó poder.

(reflexións a partir do 15M)

Anarquistas contra o papanatismo.

MIEDO Y ASCO EN EL CHIRINGUITO

cocaine heroine anfetamine alcohol

Sobre o que pasou nos 80-90 xa non se fala, parece que é algo que está no olvido. Algunha vez sae nalgunha conversa, cando algúns “abueletes” contamos algunha “batallita” daqueles anos, e tampouco é que se fale moito, xa que quizais foi unha etapa moi boa, pero ao mesmo tempo terrible, xa que se perdeu toda unha xeración de xóvenes casi enteira, e todo fai indicar que pode voltar a repetirse.
A situación de crise e crispación hoxe é parecida aos oitenta, ainda que había máis rebelión daquela porque tamén había máis xente xoven, e saía moita xente á rúa. Recordo que nas manifestacións de estudantes había xente do meu barrio que, sin ser estudantes, tiraban ponchos aos maderos nas manis, era algo normal, ainda non estaba tipificado como terrorismo, e aplaudiase cando lle andaban cerca ou lle daban a algún, non como agora que te sinalan para que te pillen os maderos. Nuns poucos anos hai que ver o que



cambiou o comportamento da xente.
Nos barrios uns dedicabanse a dar tiróns, outros a atracar gasolineiras e bancos e outros a pegar paos a rapaces, era normal, viaase á xente maior que se mataba a currar e a xuventude só podía buscarse a vida como fose xa que non había traballo, e ser dalgún barrio ainda te daba menos posibilidades.
No meu barrio, como en moitos outros de todo o Estado, entrou o cabalo coma un vendaval, visto e non visto, en cuestión de uns anos moita mocidade do barrio estaba enganchada, outros estivemos a punto, quizais a sorte fixo que non nos engancharamos, pero era cuestión de tempo, no barrio corría a droga por todos lados, non toda a droga, o hachís escaseaba.
Estabamos xogando na rúa, tiñamos 14 anos, cando fumamos o noso primeiro porro, isto era o ano 1984. Recordo que había un gitanillo que tiña dez anos e xa estaba enganchado ao cabalo, iso era o que se falaba, non sei se era certo. Recordo que xa con 16 ou 17 probamos as roiphnol, que por certo non me gustaron xa que tiña unha laguna mental de catro horas e non me acordaba de nada do que fixera, atopeime como se despertara, de camiño a casa. Despois xa veu o valium do cal acabou enganchado un colega que chegou a non sair da casa, só se colocaba con valium, e despois centraminas, fariña, etc., todo menos cabalo. Pero iso foi un tempo, no barrio nós eramos os pequenos, e os maiores xa estaban enganchados a maioría, muitos presos, outros en busca e captura e outros buscandose ruinas por aí, pero... sempre tivera claro que non quería nada co cabalo, ata que o meu mellor amigo, un día que eu non estaba, aceptou meterse un pico e acabou enganchado tamén, non quero dicir que si estivera eu non se engancharía, ao contrario, nos engancharíamos os dous. Eu non pasei do chino, e a miña sorte (penso eu) é que me sentou fatal e acabei poteando, ademais de que estabamos na casa dun camello que era colega e tivemos que esperar a que non houbera ninguén na rúa para que non nos pegaran o pao ao sair, a dura e violenta vida dun heroinómano.

O escritor Eduardo Haro publicaba no 78 na revista Ozono: "A heroína está aquí, fácil de conseguir, podese comprar a un prezo relativamente baixo en calquera praza, en calquera bar..." Tamén denunciaba un hostigamento ou exceso de celo policial contra os camellos e usuarios de hachís. Facía responsable por un lado á ignorancia e confusión da xuventude pero polo outro a sociólogos, siquiatras e xornalistas por ser resposables indirectos do envenenamento masivo ao facer crer que todas as drogas son iguais, ao non facer distinción entre o hachis e o cabalo. Cantas veces oimos a frase "empezase polos porros e acabas pinchandote". Tamén o xornalista e guionista de cine Gonzalo Goicoechea denunciaba as redadas selectivas practicadas pola policía en Madrid e a deliberada confusión creada polos medios de comunicación en torno ás drogas. Haro Ibars denunciaba motivos ocultos na introducción do cabalo: "A heroína estase a convertir no perfecto instrumento de control por parte do poder, ninguén sabe onde están os verdadeiros traficantes, os que traen os kilos de material necesarios para satisfacer o consumo en todo o estado, son invisibles, ninguén os coñece". Enrique González Duro autor do libro Consumo de drogas en España (1979) certificaba o carácter contrarevolucionario e alienante da heroína e falaba de placer fascista. A contrarrevolución do cabalo foi un dos temas principais nun seminario do movimento autónomo italiano, celebrado no 1979 en Bolonia. Alí denunciouse a utilización estratéxica da heroína por parte do Estado para desactivar a amenaza das vanguardias contestatarias. Tanto no caso do Black Speech Movement de Berkeley, como no caso dos Black Panters, do Autunno Caldo italiano.... o ciclo foi o mesmo:

1º – Escasea hachis e marihuana
2º – Prolifera a circulación da heroína
3º – Prodúcense continuas detencións de pequenos camellos e acósase social e policialmente aos consumidores de drogas blandas
3º – Aparecen "novos" camellos especialmente en círculos contestatarios


Nestes primeiros anos no meu barrio ás primeiras persoas que se engancharon foron seguíndolle os máis xóvenes, e a estes os seguintes. Poñamos que era unha franxa entre os nacidos no 65 máis ou menos e os nacidos no 75 ou algo máis, toda unha xeración de xóvenes inquietos e combativos. Como exemplo do exterminio foi o tremendo impacto que tivo a heroína no movemento libertario xurdido trala morte de Franco en Barcelona, aspirabase a renovar o vello anarco-sindicalismo dende os ateneos de barrio atraendo a persoas de distintas xeneracións co denominador común do espiritu crítico. A súa labor cultural, lúdica e social causaba temor no concello e ao President Tarradellas, foise diluíndo a medida que moita xuventude militante libertaria apartabase da causa afundíndose nunha especie de autoinmolación calculada. José Ribas contaba: "Non foi difícil rematar coa festa barcelonesa ácrata e alternativa. Houbo un complot para rematar co movemento libertario e deixar Barcelona preparada para a falsa democracia que hoxe temos. Ahí fraguouse a xeración sumisa que pronto será barrida... ás persoas libertarias xa non hai quen os resucite, matounos a



policía infiltrándose nos ateneos e repartindo heroína". Ribas faise eco dun comentario que fixo alguén no ateneo de Sants nas xornadas libertarias de xullo do 1977 no sentido de que alguén estaba pasando heroína de mala calidade, ainda que non se lle fixo caso entón. Nove meses máis tarde, a epidemia orquestada era masiva e poido comprobarse como "o vello soño de liberdade, hilvanado agora coa droga dura, promovía pasividade e morte", o mesmo Ribas daballe crédito a unha historia que lle contou un "xoven xitano" para explicar a introducción da heroína: cuadrillas de pouca monta trapicheaban con hachis os domingos polo campo do barça e roubaban radiocasettes. Moitos de eles acabaron en reformatorios ou no talego. Outros intimaron con carceleiros e policías. Convintemente formados, soltáronos en plena ola libertaria a cambio de cumplir certos servizos. Un día chegoulles o encargo de cambiar mercadoría e dirixila a determinados ambientes.

Cando chegamos a vivir ao meu barrio no ano 1978 non había nin colexios, nin tendas, nin bares pero sí había unha comisaría a onde todos os rapaces e rapazas iamos a romperlles os cristais todos os días. Acabaron índose do barrio, curiosamente o lugar onde estaba a comisaría convirteuse no maior supermercado da droga da cidade, onde nunca se facían redadas e todo o mundo sabía onde estaba... Cando a crispación era demasiado grande no barrio comezaron a facer falsas redadas onde nunca atopaban nada, sabiamos que había redada cando comezaban a tirar paquetiños pola ventana, ao pouco tempo aparecían os maderos... Estes son os detalles que fan pensar de onde veu a heroína e porque durou tantos anos. Coa aparición do Sida a cousa tornouse cruda, desoladora. Cando antes a xente entraba e saía do talego, a partir de aquí todo foi morte e destrucción. Vidas destruidas polo cabalo e rematadas polo Sida (hai quen di que non existe). Houbo familias nas que morreron tres membros, os barrios estaban cheos de esqueletes andantes, persoas consumidas de tal maneira que parecian saidas dun campo de concentración, aí foi cando comezou o esterminio desa xeración. No meu barrio había semanas de dous enterros, casi todas as semanas un fixo. Houbo xente que nada máis enterarse de que tiña o "bicho" meteuse un cóctel de todo tipo de drogas para non acabar como outra xente, outros viron que se quedaban sós e voltaron ao cabalo buscando unha "sobredosis"....

A medida que a adicción ao cabalo crecía tamén crecían asociacións, fundacións ou comunidades relixiosas que coparon o mundo da "desintoxicación". Todo este mundo movía tanto diñeiro que non vos podedes imaxinar, igual non tanto como



as drogas pero si tanto como os sobres de Bárcenas e máis. Comezaron a aparecer primeiro ás relixiosas, Remar, Renacer, Centro Cristiano, Centro Reto, unha das máis siniestras e con máis diñeiro: Proyecto Hombre, etc.
Coñezo xente que se desenganchou nestes centros, algún acabou de predicador, outros lucrándose por medio dalgún centro, Proyecto Hombre para ser máis exacto, abrindo negocios e utilizando a outras persoas usuarios deste centro como man de obra barata, según este centro era unha etapa da rehabilitación, deixar que te exploten laboralmente. Tamén apareceron as UAD ou UMAD, Unidades Municipais de Axuda ao Drogodependente, nas que che cambiaban dunha droga (heroína) a outra (metadona) con todos os seus efectos secundarios tamén, e así sempre acababas enganchado a unha droga. Recordo que na de Santiago chegaron a facer un programa específico para xente do meu barrio, e a xente negouse a ir e amenazaron a esta xente con sacarlles a metadona se non acudían, iso si que é rehabilitación, que dicir que a señora directora Dona Pilar Bermejo (que despois acabaría involucrada nun asunto de prevaricación e cobraba 20.000 pesetas por charla como experta en drogas, ademais do soldo que xa recibía como directora) e a concellala de asuntos sociais Dona Mar Bernal (que facía estas cousas para sacar rendimento político) acabaron metidas na oficina da tal Pilar Bermejo chamando á policía porque as estaban atacando. Isto contoumo un dos atacantes do cal vou a reservarme o seu nome. Tamén é verdade que si desenganchacharan a todas as persoas enganchadas ás drogas eles se quedarían sen chiringuito, sen charlas e sen soldos desorbitados. Dende os 90 ata hoxe, uns vintetrés anos despois, aínda continúan recadando diñeiro e "axudando" ás persoas e ás súas familias, pero nunca é gratis.

Ademais de estas sectas había outros colectivos que tamén traballaban neste ámbito, non gubernamentais, sen pertencer a ningún tipo de institución pero recibindo subvencións, entre estas había algunha boa e moitas moi malas, incluso as había que contaban nos seus órgaos de dirección con politicos como Corina Porro que era presidenta dun chiringuito destes en Vigo do cal non recordo o nome. Iso valeulle para que lle deran a consellería de asuntos sociais.

Eu aínda seguín coa fariña ate os 21 anos, cando unha noite que remataramos a fariña subimos a casa dun colega a por pasta e acabamos roubando unha moto para baixar ao centro outra vez, casi nos pillan, e iso fixo que deixara as drogas, todas menos os porros e o alcol.
Aos 27 volvín a meter un tiro de fariña, iso fixo que volvera ao meu mundo, ao mundo que deixara antes, ao mundo do desfase, do mañaneo, afters e festas de varios dias, chegaron as pastis, o mdma, durante esta época algún tripi que outro etc. etc. etc. etc. etc. etc. etc., e así seguín ate os trinta e bastantes, cando xa me empezaron a dar ataques de ansiedade e cousas desas, secuelas dunha vida drogota.

Non quero dar leccións a ninguén, eu sei o que fixen e son consciente de que podería facer moitísimas cousas se non andivera de festa en festa, pero tampouco iba decindo por aí o revolucionario ou o anarkista que era, porque nunca o fun, simplemente fun un drogota mais, que a droga e as festas nunca me deixaron ver outras cousas. Sí era consciente do que pasaba, de colegas presos, de colegas que morrían dentro e fóra do talego, pero nunca fixen nada, me indignaba iso si, poderiase dicir que era un indignado primitivo, pataleaba, lamentabame e choraba pero metíame un tiro e a continuar a festa. Pois agora que xa non son tan golfo vexo o mesmo en moitos e moitas compas pero iso si, algunha destas persoas si que van de revolucionarias e anarkistas máximus, que non me veñan a dicir que estar media semana de tripi e outra media de opio é revolucionario e anarkista, porque eu fixeno e non ten nada de revolucionario. Eu intentei ser revolucionario, o mais revolucionario, podedes preguntarlle á xente da miña época de farra, como lles comia a orella cando estaba todo posto de fariña de que había que cambiar o mundo, pero en canto me invitaban a outro tiro se me olvidaba a revolución, ssssnnnii-iffff, así de fácil, por la nariz muere el pez.

Podese dicir que non aprendín nada da época que me tocou vivir, de como o cabalo rematou con tantas e tantas persoas combativas nunha época de cambio e na que ao final todo quedou igual, e iso non foi casual, o cabalo o meteu na rúa quen o meteu e mataron a toda unha xeración de xente xoven como quen fuma un porro, sin inmutarse. Despois os mesmos responsables de todas esas mortes condenan o terrorismo de quen lle convén, eles gañaron e nós perdimos. Pois isto estase a repetir, dende hai uns anos, dentro do anarkismo hai unha vertiente drogota, onde a revolucion só se fai luns, martes e algún mercores, despois hai que colocarse co que sexa, ahh e no verán non hai revolución, que hai muito festival por aí e non se da recuperado para revolución ningunha.aAgunhas persoas ata pensan que iso é revolucionario. Non vou ser eu quen llo quite da cabeza, a miña reflexión é que van a volver a gañar eles, mentras controlen o tráfico de drogas gañarán, porque sempre haberá xente coma min e como moitas de vós que lles enchamos o bandullo pillando calquera merda a calquer precio, negocio redondo. Énchense os bolsillos e ao mesmo tempo desarticulan calquera atisbo de revolución que poida aparecer, fixérono nos oitenta e agora volverá a pasar.
Recordo unha vez que fun a Euskal Herria e había carteis de “Camellos fuera” por todas as rúas abertxales. A miña primeira impresión foi que se trataba de un rollo fascistoide, pero despois entendino perfectamente, usaban a droga para deter a xente abertxale e, ou os chantaxeaban e se convertían en chivatos, ou entraban no talego por tráfico, e iso fixo que houbera varios chivatazos. Sempre utilizan todo o que teñen contra quen vai contra eles, iso tédeo ben clariño. O cabalo entrou demasiado fácil, como a fariña, esta igual máis por intereses económicos, pero coa mesma idea de idiotizar á xente máis combativa, ¿por que hai máis droga entre os anarkistas que entre outro tipo de grupos ou de xente? ¿por que somos mais abertos a todo?
Eu son dos que penso que cada un fai co seu corpo o que quere, e si te queres drogar ate caer de cu é cousa túa, pero cando iso perxudica ao colectivo entón igual hai que plantexarse cousas, sobre todo se es revolucionario, porque a revolución non se fai só luns, martes e algún mércores, porque non podes comprometer a compas pola túa decisión de drogarte, porque nunha loita que sempre fumos perdendo non podemos rendirnos antes de empezar, porque si a droga, dame igual cal, afecta ao colectivo non vale a pena facer nada.
Todo isto o digo eu que sempre fun drogota, ou ionki ou como queirades chamarme, pero si queremos gañar algunha batalla nesta loita será mellor poñerse as pilas e non deixar que volva a pasar o que pasou nos oitenta, que non poidan invadirnos con outro cabalo, que non poidan coa loita sen levantarse dos seus cómodos sillóns. Droga si, pero a loita é máis importante.

CONVERSA CON A.M. BONANNO



No ano 2012, a raíz dunhas tradicionais xornadas anarquistas que se fan anualmente na cidade de Compostela, puidemos acompañar a Alfredo M. Bonanno nun ciclo de conferencias organizadas en diferentes puntos da península ibérica.
Co consentimento do compañeiro italiano e a sua colaboración decidimos transcribir algúns dos momentos rexistrados en audio e publicalos nesta nova andaina da revista.
Os criterios á hora de seleccionalos foron sobre todo baseados na reiteración e intensidade destes temas manifestos nos debates dos diferentes lugares, e foi por iso que consideramos interesante recoller e facer lembranza destes fragmentos de conversa, introducidos polo propio compañeiro que aceptou colaborar unha vez máis aportando a sua propia lembranza pasado un ano.

Antes de comezar, a persoa redactora deste documento quere aclarar varios aspectos:

- As diferencias nos aspectos formais; en negrita están as diferentes intervencións anónimas de asistentes ás conferencias, en cursiva está o texto da redacción (notas ao pé, aclaracións, etc.) e o texto en formato estándar é a intervención de A. M. Bonanno.

- En cuanto a aspectos de contido aclarar que a orde en que están colocadas as diferentes intervencións non se corresponden cronolóxicamente nen están organizadas por lugares coa fin de facilitar a leitura. Polo mesmo motivo non se especifican os lugares dos cuais proceden cada intervención.

- No que se refire a aspectos gramaticais, fágome responsable do emprego do masculino xenérico, empregado por criterios puramente gramaticais e para facilitar, do mesmo modo, a leitura, sen ánimo algún de discriminar a ningunha persoa. A elección do masculino gramatical é literalmente a transcripción do rexistrado en audio.
....

Nota Introdutiva

Argumentos sacados dunha serie de conferencias realizadas en España e Portugal, estas pezas pódense ler como un conxunto orgánico en cuanto que resume os múltiples aspectos, prácticos e teóricos, dunha loita insurreccional contra o inimigo de clase.

Por conseguinte comprenden ou ben os esforzos dirixidos a identificar a este inimigo, nos seus moitos matices que a miúdo chamamos Estado e Capital, ou ben, máis sinxelamente, o conxunto de quen organiza e perpetúa a explotación e a morte do planeta enteiro. Pero abarcan tamén métodos que consideramos mellores para atacar a este inimigo, xa sexan multiformes xa capaces de transformarse e de agocharse baixo mil mat-





ices.

Que as nosas accións deben ser comprensibles por todos, é unha necesidade imprescindible para que poidan diversificarse, multiplicarse e estenderse, converténdose só deste xeito en auténticamente perigosas para o inimigo. Porque non poden pecharse no especialismo nin na procura de complexidade técnica que se algunha vez poden ser necesarias, a longo prazo acaban por converterse en difíciles de reproducir e continuar.

Cada acción concretamente real, de ataque contra o inimigo de clase, é necesariamente comprensible por moitos compañeiros, apenas se paren un pouco a reflexionar, e é tamén reproducible, sen longas explicacións ou reivindicacións, ás veces útiles somente para a represión porque impiden e controlan mellor a nosa loita.

Os grupos de afinidade poden nacer en calquera momento do coñecemento dalgúns compañeiros e desenvolverse tamén en conxunto con outros grupos de afinidade en organizacións informais que poden ter obxectivos máis grandes pero ben precisos no tempo e no espazo. Logo, ter continuación de xeitos diversos, sen primeira necesidade de contrastar un inimigo que está en vía de continuas modificacións nas súas estruturas e na súa potencialidade de represión.

Pero, no fondo, a leitura de textos como estes que aquí son publicados sempre son algo limitado. O obxectivo principal é a loita, concreta, na realidade do conflito.

O noso conflito non poderá nunca permanecer limitado a unha simple leitura de catro palabras máis ou menos claras, senón que debe ser trasladado ás barricadas.

Con esta esperanza no corazón.

Trieste, 11 de novembro de 2013.

A. M. Bonanno

O tema escollido[1] en consenso cos compañeiros chamámolo "Os anos de chumbo", pero eu non sei o que son os anos de chumbo.
Vivín unha época na que os enfrontamentos estaban á orde do día, falo do período de finais dos '60 a finais dos '80. Se se pode chamar "anos de chumbo", non o sei, é unha definición dada polos xornais.
Polo que eu entendin houbo dous fenómenos importantes nestes 20 anos. Por un lado, a acción realizada polas grandes organizacións armadas clandestinas, por exemplo en Italia polas Brigate Rosse (grupos que ían dende prantexamentos anarquistas ata prantexamentos estalinistas). E por outro lado, miles de pequenas accións difusas.
E estes dous fenómenos son os que caracterizan aos chamados "anos de chumbo".

Os compañeiros ante isto se preguntan ¿que facemos? ¿atacamos con pequenas accións dispersas no territorio ou nos organizamos en grandes organizacións pechadas e clandestinas?
E pola experiencia destes anos aprendeuse que as organizacións pechadas, armadas e clandestinas, están destinadas a ser descobertas.

¿Cual é o problema de cualquer tipo de organización? Armada, non armada, clandestina, legal...
O gran problema de cualquer organización é o feito de que pensa en sí mesma. Non pensa na

1 Introducción da conferencia en Zaragoza.



realidade, na acción e na sua incidencia, senon que usan a acción para facerse recoñecer, para auto-recoñecemento. E usan cualquer forma de propaganda que pertence ao estado.
Unha organización só polo feito de existir está destinada a pecharse. Incluso neste periodo, no caso de Italia, os anarquistas atopáronse co problema de crear unha organización. E pecháronse en sí mesmos ata disolverse, porque unha organización que se pretenda anárquica nunca vai durar. En cambio, nas miles de accións pequenas deste periodo, a represión do estado foi mínima porque o estado non ten a capacidade de controlar a totalidade do territorio, en cambio sí pode controlar unha organización pechada, pero non os movementos libres e difusos polo territorio. (...)

[Comeza o debate...]

O estado non é a única organización do sistema. ¿Por que identifica ao inimigo só no estado? Eu creo que nestes momentos os estados non pintan moito. Lémbrame un pouco ao discurso clásico anarquista, pero o sistema mudou moito.

Primeiro, cando uso o termo "estado" non me refiro ao aparato burocrático para rexir o poder, eu falo dun concepto máis xenérico. O estado é a estructura do poder en sí. Existe porque existe o capitalismo, trátase dun estado capitalista en todas as sus esferas, con todas as suas institucións (escolas, cárceres, medios de comunicación...). O capital é unha parte do estado.
Non me gusta moito usar o termo "sistema" porque á fin é unha verba terminolóxica e sempre há un estado ¿non?

Eu estiven en sitios onde supostamente non había estado, pero había estructuras de poder igualmente efectivas.

Os obxectivos aos que atacar, o inimigo, son identificados segundo o interese dos compañeiros. Iso depende da capacidade de entender e de analizar de cada un ou de cada grupo. Non podemos falar dunha lista de obxectivos, obxectivos en España, en Grecia, en Italia... Tampouco existen os obxectivos definitivos, aqueles que ao destruílos consigues que o estado se destrúa, porque o estado sempre os recuperará co seus medios, e a reestructurar, e a volver a empezar...

A identificación do inimigo non é un cousa fácil. Existe certamente unha estructura represiva. Vela e illar unha parte desa estructura e identificar ao inimigo non é fácil. (...)

Poñamos un exemplo, fai dous anos, en Milán, foise a luz en tres cuartas partes da cidade. Tratábase dun obreiro que por erro meteu un destornillador nuns cables que provocou un curto-circuito, tal e como saíra no xornal.
Moitas formas das estructuras do poder están feitas por obxectos que podemos ver, tocar e se extenden polo territorio debaixo dos nosos pes. O estado é algo que se toca, algo material, está formado por estructuras, redes, tubos, cables, cousas materiais que se poden identificar, manipular, que existen e que incluso a miudo están en lugares escuros e agochados.


A xeografía, a topografía, é a ciencia do futuro, a que se encarga de identificar os lugares onde se xeran esas estructuras que sustentan o poder, estructuras que se atopan polo territorio, a maioría das veces en lugares algo perdidos...
Non podo dar indicacións específicas, xa que non é a nosa tarefa neste intre, pero o ataque ás estructuras é bastante semellante ao concepto clásico de sabotaxe. É un termo que deriva do francés "zoco", en francés dise "sabot", porque os obreiros, diante da máquina que lles estaba a destruir a vida, sacábanse o zoco e golpeaban e paraban as máquinas. Hoxe en día non é tan fácil porque as máquinas son moito máis sofisticadas e require dunha labor de estudo, de moito esforzo e de moito tempo pola nosa parte. E é quizais un traballo previo que non gusta moitas veces pero que é necesario se se quere atacar de verdade.

¿En que medios a acción insurreccionalista pode axudar ou non a desenvolver tamén unha revolta popular?

Ademais da necesidade de coñecer a estructura do capital, do poder, tamén é necesario coñecer e participar nas loitas insurreccionais de masas localizadas no territorio.
É importante que os anarquistas participemos destas loitas en cuanto que poden virar nunha revolución, nunha insurrección.

Un exemplo, a insurrección en Bridgetown no '82, en Reino Unido; eu e máis unha compañeira estabamos xusto na rúa onde comenzou a insurrección. En Bridgetown, a xente negra comezara a destruílo todo a raíz do asasinato dun negro por





parte da policía. E nós intentamos unirnos na rúa e ainda sorte que nos dixeron "¿que queredes? ¿quenes sodes?". Porque eramos extraños, descoñecidos. É importante coñecer os problemas da xente persoalmente.
Un anarquista que participa nun movemento sen coñecelo non é insurreccional. Ten que ter unha participación precedente, duradeira, non dun día ou dunha semana...
Nos anos '82-83 nunha fraga da Sicilia, en Comisso, houbo unha loita contra unha base militar americana que durou ata dous anos e medio. Ou nestes momentos, por exemplo, é moi forte a loita contra o TAV en Val di Susa. Os compañeiros afíns, insurreccionalistas, están moi activos dende fai bastantes anos. E eu pregunto ¿é posible facer só accións en Val di Susa ou há que facelas tamén noutros lugares? ¿Por que non?
É importante coñecer á xente de Val di Susa, pero tamén é un problema global. Val di Susa tamén é un problema en España, en Portugal, en todo o planeta...

Eu o que sinto é que as accións violentas nos separan da xente e o que nos fai unir á xente, sen ser reformistas, non son accións violentas, que só nos levan a que nos criminalicen , e ademais non penso que a xente as entenda.

Pero quen sabe se me estades a entender vós a min. ¿Quen o sabe? ¿Como sabemos se non vos estou a liar? As palabras son o único instrumento para comunicarnos pero tamén o único instrumento para malentendernos.
As palabras poden ser pedras ou poden ser paxaros.

Pero, a raíz de por exemplo a loita de Val di Susa, se se leva a cabo unha acción en Galiza, por exemplo, por Val di Susa ¿como o vai entender a xente?

Neste caso igual é preciso unha pequena explicación, pero as palabras son medios horribles, obxectos de malinterpretación e manipulación. Son moi perigosas...

Este problema non é ben entendido por moitos compañeiros anarquistas que fan debates nos seus grupos de afinidade á hora de actuar e que acaban por lanzar o panfleto aos medios do mercado da información e isto é moi perigoso porque todo é manipulado, traducido e modificado.

Certamente o capital é global e ¿por que unha acción non vai poder comunicar? Con dúas palabras abondan. Moitos compañeiros ven moi complicado isto que estou comentando, porque parece que há unha especie de fe iluminística nas palabras. Ti non podes competir contra estes medios profesionais da comunicación. O ideal é facer accións que falan por sí mismas e, se non é posible, dicir o mínimo posible para que non poida ser manipulado. Por exemplo nunha acción de Angry Brigade nos anos 70 en Londres, na que fixeron voar a antena da BBC, só escribiron dúas palabras "We're coming", estamos chegando.
E pensade que na acción que fixeron fai uns meses en Italia[2] escribiron un documento de casi 10 páxinas. E se ledes o que fixo deste documento a prensa mundial, non só a italiana... Fíxose de todo con

2 Fala do episodio no que xente da Federación Anárquica Informal disparou a un responsable do proxecto nuclear italiano no mes de maio do 2012.



ese documento. É un exemplo desta enorme chuvia de información. (...)

Para enfrontarse co inimigo é preciso documentarse, informarse, e é importante escoller ben a información útil. Isto é moi difícil porque há unha contaminación, un exceso de información...
Por exemplo, eu utilizo internet e se eu non o utilizara, o traballo dos últimos dous anos levaríame moito máis tempo fai 20 anos nunha biblioteca. É unha información máis inmediata pero há moito lixo. Trátase de saber o que estou a buscar porque só se tes claro o que buscas é útil como ferramenta, téndoo previamente claro. Non serve de nada ter unha búsqueda xenérica, en internet só atopas aquilo que sabes, o que non sabes non o atopas, só atopas lixo.(...)

É importante face-lo esforzo para coñecer o obxectivo. Non é o mesmo buscar un termo no diccionario que en internet. En internet buscas e sáenche os resultados inmediatamente sobre ese termo e xa está, mentres que no diccionario empregas máis tempo e é máis doado acabar lendo outras palabras.
É similar na loita, se escolles o camiño fácil, escolles ao inimigo fácil, ao policía, por exemplo, que non é máis que un símbolo. E desta maneira buscas o recoñecemento como individuo ou grupo revolucionario. É un "eu existo", o máximo resultado. A insurrección é outra cousa.

Eu, persoalmente, tampouco entendo que a xente vaia comprender millor o que fas ainda que o expliques... pero quizais é porque habería que agardar as condicións ideais para que a xente comprenda...

Segundo a miña opinión sempre é o momento de atacar e non creo que haxa unha relación causa-efecto entre o ataque e a compresión da xente. A revolución é algo de fai 500 anos.
Nós non debemos pensar que a nosa acción deba necesariamente compartirse coa realidade obxectiva nas suas diversas formas de natureza represiva. Nós podemos atacar porque existe neste mesmo intre a represión xeralizada. O estado está a atacar en todo momento nas nosas vidas, non deixa un so segundo de facelo ¿A que esperamos para atacalo? O ataque por conseguinte é importante porque crea un clima, crea unha atmósfera revolucionaria, non a revolución pero crea unha atmósfera revolucionaria, incita á xente, sube o ánimo, non crea transformacións sociais necesariamente...

Cando un grupo quere contribuir a unha loita específica, por exemplo, unha loita popular dun territorio, como o caso de Val di Susa, no que é necesario coñecer á xente da loita en cuestión, ¿Non te parece perigoso participar en manifestacións controladas, incluso recuperadas por organizacións oportunistas esquerdistas?

A participación nunha loita local lunga sobre o territorio é positiva pero ten a sua contrapartida, as organizacións sociais, políticas, movementos, pero tamén as propias organizacións veciñais, dos propietarios das terras, por exemplo, que adoitan entrar no xogo co poder ao pedir un prezo maior do territorio. Neste contexto é preciso ir cun proxecto anárquico claro, ainda que sexa minoritario, ainda que sexan catro os que o defendan, un discurso detallado que dea dor de cabeza a todos os compañeiros cos que se fala; trátase de presentar ese proxecto ainda que ninguén estea dacordo, pero non de sumarse a outros prantexamentos. Trátase de ofrecer a colaboración pero cun noso proxecto claro.

E en canto ao control policial, iso non é un problema, o menor dos males, todos os dias temos este control.

Gustaríame que aclararas a diferencia entre accións simbólicas e accións reais.

Todos os ataques son reais e simbólicos á vez, pero há obxectivos máis simbólicos que outros, por exemplo en Atenas coas Células do Lume, onde había a miudo manifestacións de 10.000 persoas e sempre rematan atacando ao parlamento. Podes destruílo Fala do episodio no que xente da Federación Anárquica Informal disparou a un responsable do proxecto nuclear italiano no mes de maio do 2012.pero non deixas de destruir un símbolo, porque o parlamento e as suas leis van seguir existindo. Ao final, todo o tempo había enfrontamentos coa policía, ou senon xa o exército, ata verse reducido o número de xente que participaba nas manifestacións, e de 10 mil pasou a 200 persoas, por exemplo. Isto é un problema de natureza estratéxica e non ideolóxica.
En cambio se tes distintos obxectivos en distintos sitios ao mesmo tempo son moito máis efectivos porque á policía vaille resultar máis difícil controlalo.Se atacas 30 consulados ou 30 bancos ou 30 inem's, por exemplo, ainda que son ataques sim-

bólicos, ao final convírtense en reais porque consigues destruílos e ao mesmo tempo vaille ser máis difícil ao estado reprimirte.
Isto ten a sua orixe na guerrilla, atacar ao inimigo en pequenos grupos e en diferentes puntos.

E despois de todo este tempo, de todas as loitas, de estar en prisión... "O pracer armado"[3] , ese pracer, ¿ainda se mantén?

É unha pregunta delicada... *[risas]* Non, tranquilo, non me boto atrás.
A Gioia Armata nace no '77, a raíz de Bolonia, escrita unha semana antes da revolta, e por isto nace dentro dun clima que non se comprende ben hoxe, un clima revolucionario[4] .

Nas reivindicaciones das que falabamos fai pouco dos compañeiros anarquistas da FAI en Italia, das primeiras cousas que din é que tiveran o pracer de coller unha pistola e dispararlle á perna a este personaxe. Realmente resúltame noxento porque son obxectos de morte.
¡Vin tantos compañeiros en expropiacións de armerías dicindo "¡que beleza a 357! ¡que brillo!", non! O pracer armado din... O pracer armado é outro concepto. Debemos armar a nosa conciencia e ter o pracer, disfrutar cos nosos ataques. Non debe ser unha obriga, nen un sacrificio. É un concepto diverso, o pracer debe sentirse nas accións, nos ataques que nos liberan a quenes nos vemos forzados a sufrir a represión.

Entón nesta dialéctica de que estamos todo o tempo reprimidos e forzados a vivir en conflicto, a dialéctica da defensa e o ataque, ¿como ves a decisión de participar nunha loita armada contra un conflicto?

¡Alto! Eu non estou dacordo co concepto de loita armada, non, non, non... Nós non estamos a falar de loita armada. A miña vida non é só a a loita contra o poder, tamén está chea de sentimentos... ¿Por que non podo facer outras cousas na vida? Trátase de ter a capacidade de descubrir dentro dun mesmo, de modo particular... E non é fácil descubrílo.

Eu considero que tan importante como a documentación[5] é o contexto social no que se fai a acción.
E unha segunda cuestión, aparte dos grupos de afinidade, é preciso dotarse dun mínimo de colchón social, de estructuras antirrepresivas, por exemplo.

Non creo que estean separadas as dúas estructuras: a de ataque e a de defensa. As accións, ainda que maioritarias, se están ben feitas crean un consenso fora porque se comprenden e por este motivo o apoio social e o contexto están ligados coa acción. Se en lugar disto só facemos accións simbólicas non van ser entendidas e polo tanto non van crear un consenso, e moito menos un apoio. E con consenso refírome á resposta positiva da xente que se entera das accións.

Fai 200 anos era dabondo con ocupar as terras do señor e hoxe en día é importante unha sabotaxe moito máis sofisticada, estou dacordo, pero tamén algo haberá que construir ¿non?

Isto é un problema que tratamos a miudo nestes encontros. Un proxecto que realices ti individualmente, autoxestionado, se se mantén é que é pouco significativo. E o estado está contento de que ti o fagas porque fas un traballo que ademais significa autocontrol. No momento en que ese proxecto se fai grande ao estado lle molesta e o ataca e o destrúe.
A autoxestión é como cos ataques, atacas algo e ao pouco tempo o poder o recupera. Tanto nun como no outro há que comezar de novo. Non existe a autoxestión nen o ataque definitivos.
(...)

3 Gioia Armata, libro escrito por A. M. Bonanno no ano 1977.

4 A vivencia deste episodio o relata Bonanno brevemente con anterioridade durante a conferencia en Porto. Tal e como nos relata, no ano 1977 en Bolonia ten lugar unha revolta na que participan 150 mil persoas, das cuais 35 mil estaban armadas.Alfredo manifesta como un clima revolucionario coma este pode facer xurdir experiencias únicas. De como el e un compañeiro decidiron deixar un papel anónimo convocando a aquelas persoas que non estiveran dacordo en seguir as directrices estalinistas de acabar unha manifestación na praza onde estaba a música e o premio nóbel Dario Fo, quen coa sua actuación calmaría os ánimos de milleiros de persoas. A sorpresa foi cando se esperaban 200 persoas como moito e viron vir a 20 mil que se lles uniron e cos que acabaron rompendo a manifestación e atacando a praza maior, onde se congregaban 400 fascistas militares que acudían a unha misa. Unha experiencia irrepetible...

5 "Documentación" é o termo que emprega habitualmente A. M. Bonanno como concepto que se refire a



Por exemplo se tes que traballar no campo, precisas moito tempo pra adicarte ao traballo da terra e non podes adicarte a outras accións...

Vin a tantos compañeiros, non só en proxectos rurais senon tamén en fábricas expropiadas, que á fin exclúense e ainda máis se autoexplotan... Eu non teño unha experiencia positiva da autoxestión, foi o primeiro polo que me interesei e á fin, ao longo de todos estes anos, a experiencia non foi positiva, porque moitos compañeiros remataron por concibila como un dereito ou unha obriga e a autoxestión non é un dereito, é unha loita.
Vós estades falando de "acción violenta" e eu nen sequera empreguei o termo "acción violenta" pero para min a autoxestión é unha acción violenta. Porque non é un dereito que realizar, é unha accion ilegal, polo tanto violenta, e eu creo que hai moitos compañeiros aos que lles custa entender isto. Ti non exerces un dereito, estás facendo algo ilegal.

Eu só podo falar de experiencias negativas, é a miña opinión. Trátase dun proxecto teu nun contexto inimigo, con principios diversos como a solidariedade, a non-productividade, o traballo colectivo e ao mesmo tempo é importante defender estes principios. Entón, nun proxecto de autoxestión, en lugar de poder contemporáneamente realizar outros ataques tes que construir medios de defensa destes principios.
Nunca vin xente que participe destes proxectose defenda estes principios realizando ataques á vez. Non digo que sexa negatigo, pero a miña pregunta é ¿temos a capacidade de facer as duas cousas á vez?

Pero organizarnos, segundo a tua opinión, é beneficiar ao estado e se nos organizamos para facer un proxecto de autoxestión estamos atacando ao estado. ¿Non é unha contradicción?

Son diferentes os conceptos de organización porque o individuo xa é unha organización en sí mesmo. Eu cando falei de organizacións negativas, xa que supoñen o control das persoas, falaba de organizacións armadas, clandestinas, xerárquicas...
Certamente a autoxestión é unha práctica organizativa e accións pequenas, dispersas e difusas son tamén pequenas organizacións. E é preciso organizarse, sen organización non se pode vivir.


Unha vez, fai 40 anos, debatiuse moito en Italia sobre este tema. A aquelas persoas que falaban dos problemas das organizacións formais fechadas as chamaban "anti-organizativas". Fronte a estes, Malatesta por exemplo dixo que prefería vivir baixo unha dictadura totalitaria que baixo unha desorganización, xa que polo menos cunha dictadura o metían na cadea pero nunha desorganización non sabería que facer e acabaría morrendo...

Isto xa é un problema que ven de finais de 1800, do anarquismo francés, do individualismo, a propaganda polo feito... A eles tamén se lles chamaba "anti-oganizativos" pero en realidad eles tamén se organizaban.

¿E sobre os compañeiros que deciden construir unha economía alternativa ao capitalismo?

Non podemos pretender construir un mundo alternativo sen destruir o estado.
E despois, por exemplo, o problema das comunas, a comuna siciliana, por exemplo, despois de 150 anos, ou en brasil... ¿Por que fallaron estes experimentos? Fallaron porque afrontaban problemas que dentro de nós mesmos non estamos preparados para resolver. O problema de vivir todos xuntos, o problema sexual, a relación coas mulleres... Os anarquistas non están preparados para afrontar problemas con este nivel de dificultad. Non se trata do estado somentes, o estado tamén está dentro de nós, polo menos unha pequena parte, e a outra está todo o tempo loitando contra ela.





abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net

xaneiro 2014 **2€**